



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2141/1102

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 14 de AGOSTO de 2026

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D^a Elena Espinosa Mangana
D. Angel Rivas González
D. Jaime Aneiros Pereira
D^a Yolanda Aguiar Castro
D^a Patricia Rodríguez Calviño

NON ASISTEN:

D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D^a M^a José Caride Estévez
D^a. Ana M.^a Mejías Sacaluga

Na Casa do Concello de Vigo, ás dez horas e cinco minutos do día catorce de agosto de dous mil vinte e seis e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Rodríguez Calviño, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Administración Municipal, Sra. Saborido Díaz (RA 31/07/2026), e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(681).- APROBACIÓN ACTAS. Apróbase a acta da sesión ordinaria do 7 de agosto de 2026. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

2(682).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE SOPORTE DUN SISTEMA DE AUTOMATIZACIÓN DE PROCESOS MEDIANTE TECNOLOXÍAS RPA. EXPTE. 11029/113.

Visto o informe xurídico de data 03/08/2026 e o informe de fiscalización do 11/08/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 23/07/2026, asinado polo xefe do Servizo de Administración Xeral e conformado pola concelleira da Área de Gboerno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

S.ord. 14/08/2026



ANTECEDENTES

1.- En data 15/06/2026 o Xefe de servizo de Administración Electrónica, iniciou o expediente coa finalidade da contratación do servizo de soporte de un sistema de automatización de procesos mediante tecnoloxías RPA.

2.- No expediente tramitado ao efecto consta entre outra a seguinte documentación:

- Informe xustificativo da necesidade e idoneidade asinado polo Xefe de servizo de Administración Electrónica de data 15/06/2026 e co conforme da Concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal da mesma data.
- Memoria económica do contrato de data 15/06/2026, asinada polo Xefe do servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal e do Concelleiro da área de Orzamentos e Facenda da mesma data.
- Documentos económicos sobre a existencia de crédito de datas 23/06/2026 asinados pola Dirección Superior Contable e Orzamentaria.
- Prego de prescricións técnicas particulares (PPTP) de data 23/06/2026 asinado polo Xefe do servizo de Administración Electrónica.
- Memoria xustificativa do contrato de data 20/07/2026, asinada polo Xefe do servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal da mesma data.
- Informe da Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos de data 23/07/2026, sobre a comprobación da incorporación ao expediente da documentación necesaria para a tramitación do contrato.
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do servizo polo procedemento aberto e forma de tramitación urgente, asinado pola Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos en data 23/07/2026.

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do Sector Público, no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas aprobado por Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro (no sucesivo, RXLCAP), no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real decreto lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de administración local de Galicia (LALGA).

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O expediente de contratación, de acordo co disposto no artigo 116.1 da LCSP iniciarase polo Órgano de Contratación motivando a necesidade do contrato nos termos previstos no artigo 28 da devandita lei. No Concello de Vigo, esta competencia está delegada polo Decreto da Alcaldía de data 19 de xuño do 2023 de estrutura das áreas, que se completa coa Resolución da Alcaldía do 20 de xuño do 2023 de delegación de





CONCELLO DE VIGO

Expte. 2141/1102

competencias e Acordo da Xunta de Goberno Local de 22 de xuño de 2023 de delegación de competencias. A concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal mediante resolución de data 15/06/2026 autorizou o inicio da tramitación do presente expediente de contratación.

Segundo.- Dado o obxecto do contrato, tal e como se dispón no artigo 17 da LCSP, tramítase como un contrato de servizos.

Terceiro.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel constan tanto o prego de cláusulas administrativas particulares como o de prescricións técnicas que rexerán o contrato tal e como se sinala no artigo 116 apartado 2 e 3 da LCSP.

Cuarto.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato de conformidade cos artigos 28 e 116.1 da LCSP.

Quinto.- Na Memoria xustifícase a non división en lotes (artigo 116.4.g LCSP), o prezo e a súa xustificación (100 e seguintes LCSP), o valor estimado do contrato (116.4.d LCSP), os criterios de adxudicación e fórmulas de valoración (artigo 145 e 146 LCSP), os criterios de solvencia (116.4.c), as condicións especiais de execución (202.1), a clasificación dos licitadores (116 e 77 LCSP), o principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

O procedemento elixido para a contratación é aberto e a forma de tramitación do expediente a urgente, con múltiples criterios de valoración, conforme ao disposto nos artigos 119 e 131 da LCSP. A tramitación urgente acórdase por imperativo do artigo 213.6 da LCSP, por canto a Xunta de Goberno Local, na sesión do 17 de xullo de 2026 acordou “Resolver o contrato do servizo de soporte dun sistema de automatización de procesos mediante tecnoloxías RPA, adxudicado a AUBAY SPAIN, SAU, por acordo deste órgano de 23 de xaneiro de 2026, por concorrer a causa prevista no artigo 211.f da LCSP “O incumprimento da obrigaón principal do contrato”.

Sexto.- De conformidade coa disposición adicional terceira, apartados 8 da LCSP e, a disposición adicional oitava, apartado e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), se require o informe preceptivo de Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.

Sétimo.- O artigo 116.3 e o apartado 3 da disposición adicional terceira da LCSP, dispoñen que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Este documento, xunto co informe da fiscalización previa, incorporárase pola Intervención Xeral ao procedemento con carácter previo a aprobación polo órgano de contratación.

Oitavo.- A competencia para a resolución do presente expediente, previa fiscalización da Intervención Xeral, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na disposición adicional segunda apartado 11 da Lei de Contratos do Sector Público. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 117 da LCSP) e implicará a aprobación do gasto.

S.ord. 14/08/2026



Á vista do exposto, e previo informe da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo e da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, no uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte

ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto e urxente coa finalidade de realizar a contratación do servizo de soporte de un sistema de automatización de procesos mediante tecnoloxías RPA, no que constan:

- Informe xustificativo da necesidade e idoneidade asinado polo Xefe de servizo de Administración Electrónica de data 15/06/2026 e co conforme da Concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal da mesma data.

- Memoria económica do contrato de data 15/06/2026, asinada polo Xefe do servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal e do Concelleiro da área de Orzamentos e Facenda da mesma data.

- Documentos económicos sobre a existencia de crédito de datas 23/06/2026 asinados pola Dirección Superior Contable e Orzamentaria.

- Prego de prescricións técnicas particulares (PPTP) de data 23/06/2026 asinado polo Xefe do servizo de Administración Electrónica.

- Memoria xustificativa do contrato de data 20/07/2026, asinada polo Xefe do servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal da mesma data.

- Informe da Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos de data 23/07/2026, sobre a comprobación da incorporación ao expediente da documentación necesaria para a tramitación do contrato.

- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do servizo polo procedemento aberto e forma de tramitación urxente, asinado pola Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos en data 23/07/2026.

SEGUNDO.- Autorizar o gasto de **25.000,00 €**, que inclúe un IVE de **4.338,84 €**, dende o 1 de outubro de 2026, segundo o seguinte detalle de partidas e exercicios:

Exercicio	Concepto	Partida	Base	IVE	TOTAL
2026	Soporte en programación e asesoramento	9207.2270603	20.661,16 €	4.338,84 €	25.000,00 €

TERCEIRO.- Asumir o compromiso de dotar orzamentariamente o gasto de **15.000,00 €**, que inclúe un I.V.E. de **2.603,31 €**, con cargo á seguinte aplicación orzamentaria e exercicio:





CONCELLO DE VIGO

Expte. 2141/1102

Exercicio	Concepto	Partida	Base	IVE	TOTAL
2027	Soporte en programación e asesoramento	9207.2270603	12.396,69 €	2.603,31 €	15.000,00 €

CUARTO.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe

3(683).- DAR CONTA DE MODIFICACIÓNS E PROPOSTA DE REGULARIZACIÓN DO CONTRATO DE "SERVIZO INTEGRAL DE COMUNICACIÓNS DO CONCELLO DE VIGO". EXPTE. 10119/113.

Visto o informe de fiscalización de data 11/08/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 04/08/2026, asinado polo técnico responsable de Seguridade e Informática, o xefe do Servizo de Administración Electrónica e conformado pola concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Unha vez finalizado o primeiro ano do contrato do Servizo integral de Comunicacóns do Concello de Vigo, entre o 25 de xullo de 2024 e o 24 de xullo de 2025, procede dar conta á Xunta de Goberno Local das modificacións aprobadas, así como propoñer a regularización económica correspondente ao citado período. O contrato iniciouse o 25/07/2024 e tendo unha duración prevista de 4 anos con opción a 1 ano de prórroga.

1. Antecedentes. Modificacións aprobadas ao amparo da cláusula 15 das FEC do prego de cláusulas administrativas aprobadas con data 01/03/2024

Segundo a cláusula 15 das FEC pertencentes o PPS que rexe o presente contrato, reproducida a continuación, achéganse as modificacións aprobadas pola Concelleira Delegada de Administración Electrónica durante o período 25/07/2024 a 24/07/2025.

"15. MODIFICACIÓN DO CONTRATO

A) ESTÁ PREVISTA A MODIFICACIÓN DO CONTRATO: si

B) ASPECTOS A MODIFICAR:

- Incorporación de novos servizos de telecomunicación.
- O número e dimensión dos servizos unitarios contratados.

C) CIRCUNSTANCIAS QUE DETERMINAN A MODIFICACIÓN:

- A variación do número de sedes ou instalacións municipais.

S.ord. 14/08/2026



- *Variación do consumo total de chamadas de voz contratado igual ou superior o 10%, tanto por exceso como por defecto, respecto ó estimado na oferta.*
- *Variación do número de SMS consumidos respecto o estimado na oferta.*
- *Variación das chamadas recibidas no número 010 respecto o estimado na oferta.*
- *Incorporación de novos servizos respecto os solicitados no prego ben por modificación das necesidades municipais ou ben pola aparición de novas tecnoloxías durante a vixencia do contrato que non estivesen dispoñibles no momento da contratación e que o Concello de Vigo necesite para os seus fins.*
- *Altas ou baixas dos servizos unitarios contratados por variación das necesidades municipais.*
- *Situacións de urxencia que poidan requirir necesidades adicionais de servizos.*

D) LIMITES DA MODIFICACIÓN: 20% do prezo do contrato

E) ESPECIALIDADES, NO SEU CASO, DO PROCEDIMENTO DE MODIFICACIÓN:

As modificacións acordadas terán, no seu caso, a correspondente repercusión, en máis ou en menos sobre o prezo do contrato, que se calculará atendendo ós prezos unitarios ofertados polo contratista e que serviron de base para a adxudicación.

O aboamento dos custos das modificacións aprobadas realizarase mediante as regularizacións anuais previstas.

Debido o dinamismo das necesidades do Concello de Vigo, as modificacións aprobaranse por resolución do concelleiro delegado e darase conta das mesmas a Xunta de Goberno en informes con carácter como mínimo anual. ”

Os custos do contrato están divididos en custos fixos, que son os custos coñecidos a priori dos servizos, tales como altas, cotas, mantementos, tarifas planas etc e os custos variables que son os custos descoñecidos previamente, e que son fundamentalmente as chamadas voz e mensaxes (SMS). A alta dun servizo inclúe os dous tipos de custos, fixo e variable. A continuación detállanse o listado de modificacións aprobadas cos custos fixos anuais estimados nas circunstancias que posibilitan a modificación segundo a cláusula 15 das FEC.

Listado de modificacións (altas) aprobadas entre o 25 de xullo de 2024 e o 24 de xullo de 2025 que afectan os custos de tipo fixo:

EXPE-DIENTE	SERVIZO	CONCEPTO	CUSTOS FIXOS ANUAIS SEN IVE
53274-444	ELECTROMECAÑICOS	Tarxetas SIM M2M Centros de Mando (77)	2.772,00
6447-443	OSPIO	Conexión internet por fibra para as cámaras Ramplas Ramón Nieto-Centro Saúde e Ceip Fonte Escura	1.022,00
12580-612	VIGONATURE	Alta móbil básico (4)	160,00
9946-336	XUVENTUDE	Alta liña datos Centro Lecer, tarifa plana especial	348,00
10434-113	CORPORACIÓN	Alta Smartphone gama media+tarifa plana estándar	414,00
267872-	BENESTAR SOCIAL	Alta móbil básico (2)	80,00





CONCELLO DE VIGO

Expte. 2141/1102

EXPE-DIENTE	SERVIZO	CONCEPTO	CUSTOS FIXOS ANUAIS SEN IVE
301			
22823-2127	POLICÍA LOCAL	Alta liña datos, tarifa plana especial	696,00
8295-440	ÁREA SERV. XERAIS	Alta Smartphone gama media+tarifa plana estándar	414,00
8296-440	ÁREA SERV. XERAIS	Alta Smartphone gama media+tarifa plana estándar	414,00
269728-301	BENESTAR SOCIAL	Alta Smartphone gama media+tarifa plana estándar	414,00
1742-1102	SECRETARÍA XERAL	Alta Smartphone gama media+tarifa plana estándar	414,00
271469-301	BENESTAR SOCIAL	Alta liña datos Tablet, Tarifa Plana estándar	168,00
6525-443	OSPIO	Conexión internet por fibra cámaras Ramplas Colexio Losada-Rúa Ramón Nieto	1.022,00
8809-252	LIMPEZA	Alta Smartphone gama media+tarifa plana estándar	414,00
8876-252	LIMPEZA	Alta Smartphone gama media+tarifa plana estándar	414,00
21376-77	EMPREGO	Alta móvil básico	40,00
277460-301	BENESTAR SOCIAL	Alta liña datos Tablet, Tarifa Plana estándar	168,00
20493-101	ALCALDÍA	Alta Smartphone gama media+tarifa plana estándar	414,00
4-7012	SINDICATOS-CIG	Alta Smartphone gama media+tarifa plana estándar	414,00
704-201	CONSERXERÍA	Alta Smartphone gama media+tarifa plana estándar	414,00
10681-113	ADMINISTRACIÓN ELEC-TRÓNICA	Alta SIM M2M (131) centros de mando VEI	4.716,00
283546-301	BENESTAR SOCIAL	Alta liña datos Tablet, Tarifa Plana estándar	168,00
20597-101	ALCALDÍA	Alta Smartphone gama media+tarifa plana estándar	414,00
13683-255	CEMITERIOS	Alta Smartphone gama media+tarifa plana estándar	414,00
285067-301	BENESTAR SOCIAL	Alta Smartphone gama media+tarifa plana estándar	414,00
3102-448	PARQUE CENTRAL	Alta Smartphone gama media+tarifa plana estándar	414,00
TOTAL			17.156,00

S.ord. 14/08/2026



Por outro lado, a continuación relaciónanse as baixas de servizos durante o primeiro ano do contrato coa estimación dos custos anuais fixos correspondentes:

BAIXAS	unidades	Custo FIXO unitario anual sen IVE	COSTE ANUAL sen IVE
smartphones(tarifa datos)	17	414	7038
tarifa plana especial	2	348	696
tarifa plana GC	2	264	528
Móviles básicos	5	40	200
IoT	23	36	828
sede tipo A	1	3480	3480
Total			12.770,00

O total estimado anual sen IVE dos custes debidos as modificacións para os **custos fixos** é a diferenza entre as altas aprobadas e as baixas, e supón a cantidade de **4.386,00€**. Esta é unha estimación anualizada, xa que na realidade as altas e baixas se ratean desde a súa data efectiva, polo que non coincide exactamente coa regularización real.

No tocante os custos dos **servizos variables**, é dicir, chamadas de voz e SMS, non procede realizar regularización xa que o licitador ofertou na súa proposta unha tarifa plana xa engadida nos custos fixos e polo tanto os custos variables son 0.

		Proposta Telefónica		
		Custo base	IVE	TOTAL
CVF1.2 Custos Fixos		599.173,554 €	128.826,446 €	725.000,00 €
CVF1.1 Custos de consumo variables	Total chamadas voz	0 €	0 €	0 €
	Total SMS	0 €	0 €	0 €
	Total chamadas 010	0 €	0 €	0 €
Suma totais		599.173,554 €	128.826,446 €	725.000,00 €

O total estimado das modificacións aprobadas é a suma das modificacións dos custos fixos aprobados **4.386,00 €** e dos custos variables **0 €** resultando unha cantidade de **4.386,00 € sen IVE**, que supón un **0,73 %** do prezo da oferta **anual 599.173,554 € (sen IVE)**.

Así mesmo, supón un **0,18 % da oferta total de 4 anos, inferior o 20% máximo de modificacións previstas no PPS**. Esta é unha estimación anualizada.





CONCELLO DE VIGO

Expte. 2141/1102

Resumo das modificacións.

Regularización	Total € (SEN IVE) custos modificacións aprobadas	Porcentaxe da modificación sobre 1 ano do contrato	Porcentaxe da modificación sobre o total dos 4 anos do contrato
2024-2025	4.386,00	0,73 %	0,18 %

2. Proposta de regularización económica

Segundo a cláusula 11 das FEC do PPS, sobre réxime de pagamento:

“11.RÉXIME DE PAGAMENTO:

O contrato aboarase por mensualidades fixas concertadas calculadas a partires da división entre 12 meses do importe anual da adxudicación, incluíndo o IVE correspondente. O adxudicatario presentará anualmente un informe dos custos reais do servizo do ano anterior, de forma que queden reflectidas todas as posibles variacións producidas polas modificacións realizadas no contrato nese intervalo de tempo. O informe deberá incluír unha proposta de regularización dos importes aboados. O adxudicatario deberá presentar o informe de regularización nun prazo máximo de 90 días despois da finalización de cada ano de contrato.

A proposta de regularización incluírá separadamente os consumos reais de tipo variable e os custos fixos dos servizos.

Este informe, unha vez validado e comprobado polo responsable municipal do contrato, xerará un expediente de proposta de regularización que se someterá a aprobación da XGL e que, segundo o caso, poderá supoñer un aboamento ou reintegro das cantidades regularizadas nun pago único.

O Concello resérvase a opción de solicitar o informe de regularización e proceder o trámite da mesma se o cre preciso por mor do volume ou natureza das modificacións realizadas.

Durante o período de transición os pagamentos terán en conta as condicións sobre a regulación do procedemento de cambio de operador do apartado 6.4 do PPT.”

O custo anual do contrato ofertado polo adxudicatario, que contén un custo fixo e outro variable, ascendeu a **725.000,00** euros (IVE incluído), o que supuxo unha facturación mensual de **60.416,66** euros para o primeiro ano do contrato.

Segundo a proposta de regularización anual de data 11 de xuño de 2026 con número de documento 260146636 realizada polo adxudicatario e anexada o expediente, e unha vez realizados os análises e comprobación da facturación, por parte do servizo de Administración Electrónica, resulta a seguinte regularización para o Concello de Vigo:

S.ord. 14/08/2026



Segundo os custos sexan fixos ou variables (**importes sen IVE**)

	Importe ANUAL oferta inicial – importe ABONADO	Importe real 1º ano	Diferenza 1º ano importe real– importe abonado
Custos Fixos	599.173,554 €	606.174,15 €	7.000,60 €
Custos variables (chamadas voz)	0,00	0,00	0,00
Custos variables (SMS)	0,00	0,00	0,00
Total	599.173,554 €	606.174,15 €	7.000,60 €

En resume:

	Custo anual		
Facturación concertada abonada total 2024-25	599.173,55 €		
Custo real 2024-2025	606.174,15 €	IVE 21%	Total Regularización
Diferencia	7.000,60 €	1.470,13 €	8.470,73 €

A diferencia das modificacións aprobadas (**4.386,00 €**) e a regularización real (**7.000,60 €**), **datos sen IVE**, débese á estimación anualizada das altas e baixas fronte ao rateo real segundo a data efectiva das súas realizacións.

A continuación achéganse as porcentaxes de modificación do contrato debidas á **regularización real**

Regularización	Total € (SEN IVE) custos reais	Porcentaxe da modificación sobre 1 ano do contrato	Porcentaxe da modificación sobre o total dos 4 anos do contrato
2024-2025	7.000,60 €	1,17 %	0,29 %

A porcentaxe da modificación real do primeiro ano de contrato supón 1,17 % sobre o custo total do primeiro ano de contrato e dun 0,29 % do importe total dos 4 anos, inferior o total das modificacións máximas permitidas do 20%.

A empresa adxudicataria, UTE Telefónica de España S.A.U - Telefónica Móviles España S.A.U. - Telefónica IoT & Big Data Tech, S.A.U. (CIF: U19904788) é conforme coa regularización por un importe total de **8.470,73 €**, (**7.000,60 € + 1.470,13 € correspondente o IVE 21%**) segundo a citada proposta de regularización que se anexa ao expediente.





CONCELLO DE VIGO

Expte. 2141/1102

Por todo o exposto, no uso da competencia que me atribúe o artigo 127.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e en virtude das resolucións da Alcaldía de datas 19.06.2023 e 20.06.2023, así como dos acordos da Xunta de Goberno Local de 22.06.2023 e 28.07.2023 e modificacións posteriores, propónse á Xunta de Goberno Local, previo informe de Intervención, a adopción do seguinte:

ACORDO

1. A Xunta de Goberno Local dáse por enterada das modificacións aprobadas pola concelleira da área de goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal en relación ao contrato “Servizo integral de comunicacións do Concello de Vigo” entre o 25/07/2024 e o 24/07/2025, por unha cantidade anualizada de **4.386,00 € sen IVE**.
2. Aprobado a regularización do custo do contrato do “Servizo integral de comunicacións do concello de Vigo” entre as datas 25/07/2024 e o 24/07/2025, da que deriva un gasto adicional para o Concello por importe de **8.470,73 €, IVE 21% incluído**. Este importe supón o 1,17 % sobre o custo total do primeiro ano de contrato e do 0,29 % do importe total do contrato.
3. Autorizar o gasto e recoñecer a obriga de pagamento nunha factura única por un total de **8.470,73 €** a prol da empresa adxudicataria UTE Telefónica de España S.A.U - Telefónica Móviles España S.A.U. - Telefónica IoT & Big Data Tech, S.A.U. (CIF: U19904788) que se imputará á aplicación orzamentaria 9200.2220000 “servizo integral de comunicacións”

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(684).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE SENTENZAS E OUTRAS RESOLUCIÓNS XUDICIAIS. EXPTE. 21117/111.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 06/08/2026, asinado pola titular de Asesoría Xurídica e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

Tiveron entrada na Asesoría xurídica as seguintes resolucións xudiciais:

A. Resolucións ditadas na orde xurisdicional contencioso-administrativa

- 1.- Contencioso. Expediente nº 19081/111
Sentenza nº 80 do 30 de marzo de 2026
Tribunal de Instancia, Sección do Contencioso-Administrativo, Praza nº 1 de Vigo
Abreviado: 238/2025
Demandante/Recorrente: Particular e Empresa
Obxecto: Desestimación por silencio administrativo de reclamación de RPA (danos materiais e persoais pola caída dunha árbore)
Expte(s): 7597/243

S.ord. 14/08/2026



Contía: 5.320,00 €

Esta sentenza, firme, desestima o recurso interposto pola concesionaria e lle impón as custas do procedemento, e estima parcialmente o recurso interposto polo demandante-interesado na vía administrativa, revogando a resolución de instancia e condenando ao Concello ao abono de 4.690 euros mailos xuros correspondentes.

No auto de complemento reitérase que lle corresponde ao Concello facer fronte á indemnización, sen prexuízo da facultade de repetir contra a concesionaria, ao apreciar na sentenza que a árbore se atopaba en mal estado e formaba parte das responsabilidades da concesionaria, e que os pregos e a lei indican que debe responder dos danos.

Apréciase nexo causal, e polo tanto procede indemnizar ao demandante, se ben se limita o valor do vehículo e cuantifica na sentenza na mentada cantidade.

O servizo de Patrimonio-Responsabilidade Patrimonial debe coñecer do resolto, executar a sentenza e no seu caso, repetir contra a concesionaria.

2.- Contencioso. Expediente nº 20763/111

Decreto nº 30 do 12 de xuño de 2026

Tribunal de Instancia, Sección do Contencioso-Administrativo, Praza nº 1 de Vigo

Abreviado: 138/2026

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Desestimación presunta, por silencio administrativo, de reclamación de RPA (danos por mor dunha caída cando circulaba coa súa bicicleta)

Expte(s): 7766/243

Contía: 792,77 €

Esta resolución, firme, acorda a desistencia do demandante do procedemento que iniciara por danos por RPA (caída na vía pública).

O servizo de Patrimonio-Responsabilidade Patrimonial debe coñecer do resolto.

3.- Contencioso. Expediente nº 20477/111

Sentenza nº 246 do 26 de xuño de 2026

TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 3

Recurso de apelación: 7097/2026

Demandante/Recorrente: Concello de Vigo

Obxecto: Apelación da sentenza nº 33 do 6 de febreiro de 2026 ditada polo Tribunal de Instancia, Sección do Contencioso-Administrativo, Praza nº 2 de Vigo no Procedemento Ordinario 116/2025 (expediente nº 18584/111)

Obxecto do recurso de orixe: Resolución desestimatoria de reclamación de RPA (danos por caída)

Expte(s): 6104/243

Contía: 50.520,44 €

A sentenza non é firme pero contra ela unicamente cabe a interposición de recurso de apelación.

Desestima o recurso interposto polo Concello e a súa aseguradora contra a sentenza ditada no PO 116/2025 que estimou parcialmente o recurso interposto, condenando á Entidade Local a in-





CONCELLO DE VIGO

Expte. 2141/1102

demnizar á actora con 17.000 euros, sen prexuízo de repetir o que proceda contra a contratista, por insuficiencia da contía litixiosa con fundamento nas sentenzas que cita.

Sen imposición de custas ao Concello e á súa aseguradora.

Debe coñecer o resolto o servizo de Patrimonio-Responsabilidade Patrimonial.

4.- Contencioso. Expediente nº 18364/111

Sentenza nº 145 do 1 de xullo de 2026

Tribunal de Instancia, Sección do Contencioso-Administrativo, Praza nº 1 de Vigo

Ordinario: 35/2025

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Desestimación por silencio administrativo de reclamación de RPA (danos por caída na vía pública)

Expte(s): 7237/243

Contía: 39.981,96 €

Sentenza firme que desestima o RC-A presentado pola actora contra a desestimación por silencio da RPA presentada por unha caída na vía pública, na que reclamaba ao Concello a cantidade de 39.981,96 euros (por fractura de húmero e secuelas) mailos xuros legais, e solicitude de custas. Alegaba ter tropezado cunha loseta solta.

A sentenza desestimou a demanda xa que non quedaron probados os feitos; non se deu aviso á Policía, non se presentaron testemuñas, tratábase dun espazo localizado entre o oco ba base dunha árbore e a calzada que estaba fóra do espazo peonil, a beirarrúa principal tiña 3 metros de ancho e espazo axeitado para deambular, e coincide o xulgado co criterio do CCG que recolle a negligencia da vítima como posible causa principal e que a Administración non é unha aseguradora universal.

O recurso desestímase na súa integridade. Sen expresa imposición de custas.

Darase traslado desta sentenza ao servizo de Patrimonio-Responsabilidade Patrimonial para o seu coñecemento.

5.- Contencioso. Expediente nº 19415/111

Sentenza nº 150 do 7 de xullo de 2026

Tribunal de Instancia, Sección do Contencioso-Administrativo, Praza nº 1 de Vigo

Ordinario: 322/2025

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Resolución de 02/05/2025 ditada en expediente de RPA (danos por caída na vía pública)

Expte(s): 6855/243

Contía: 46.167,07 €

Sentenza que desestima o RC-A interposto contra a desestimación, por silencio, da RPA da demandante na que solicitaba unha indemnización de 46.167,07 euros máis xuros por unha caída que padeceu o 5 de xuño de 2021 na rúa Coutadas (á altura do nº 10) en Vigo.

S.ord. 14/08/2026



A demandante alegaba que a caída debeuse ao mal estado xeral do pavimento (baches, chan esvaradío e unha arqueta levantada), o que lle causou unha fractura e luxación no nocello esquerdo, requirindo cirurxía e deixándolle secuelas.

O RC-A foi desestimado por (1) falta de proba en canto a demandante non especificou en ningún momento que elemento concreto (o bache, o esvarón ou a arqueta) provocou a caída nin tampouco se puido determinar se caeu na beirarrúa ou na calzada; (2) a única testemuña presentada non viu o momento exacto do accidente, senón que atopou á demandante cando xa estaba tirada no chan; (3) ausencia de nexo causal, ao non poder probarse a causa exacta do tropezo, non se demostrou a relación directa entre o funcionamento do servizo público e o dano sufrido.

Non se impón o pagamento das custas procesuais a ningunha das partes debido ás particularidades do caso. Contra esta sentenza cabe interpoñer recurso de apelación.

Darase conta desta resolución ao servizo de Patrimonio-Responsabilidade Patrimonial para o seu coñecemento.

6.- Contencioso. Expediente nº 20675/111

Sentenza nº 151 do 9 de xullo de 2026

Tribunal de Instancia, Sección do Contencioso-Administrativo, Praza nº 1 de Vigo

Abreviado: 109/2026

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Desestimación presunta por silencio administrativo de reclamación de RPA de data 04/02/2025 (danos en vehículo por filtracións de auga)

Expte(s): 7690/243

Contía: 1.125,23 €

Sentenza firme que desestima o RC-A presentado pola demandante contra a desestimación por silencio, dunha RPA presentada ante o Concello na que reclamaba 1.125,23 euros en concepto de danos materiais do vehículo da súa propiedade, aparcado baixo unha zona de dominio público (cesión de uso público) na rúa Aragón 209.

A xulgadora fundamenta a súa decisión principalmente nos seguintes puntos: (1) Carga da proba: segundo a normativa (art. 217 LEC), correspondíalle á demandante probar que o dano foi consecuencia directa do funcionamento dos servizos públicos; (2) o propio perito proposto pola demandante recoñeceu no xuízo que non fixera comprobacións suficientes e que cumpriría realizar máis análises para determinar de onde viña a auga; (3) falta de concreción: as filtracións eran continuadas no tempo e a demandante expuxo diversas causas posibles sen chegar a concretar nin probar cal delas era a verdadeira orixe.

Sen expresa imposición de custas. Contra esta sentenza non caben recursos.

Darase traslado da mesma ao servizo de Patrimonio-Responsabilidade Patrimonial para o seu coñecemento e efectos.

7.- Contencioso. Expediente nº 20602/111

Sentenza nº 154 do 9 de xullo de 2026

Tribunal de Instancia, Sección do Contencioso-Administrativo, Praza nº 1 de Vigo

Abreviado: 86/2026

Demandante/Recorrente: Particular





CONCELLO DE VIGO

Expte. 2141/1102

Obxecto: Desestimación presunta por silencio administrativo de reclamación de RPA de data 15/05/2025 (danos en instalación deportiva)
Expte(s): 7784/243
Contía: 5.882,00 €

A sentenza firme, sen imposición de custas, desestima o recurso interposto contra a desestimación por silencio administrativo da reclamación de responsabilidade patrimonial polos danos padecidos ao golpearse a cabeza contra un cartel instalado nas proximidades da cancha de baloncesto situada na Avenida de Samil, 71 mentres xogaba un partido, pois da valoración conxunta da proba practicada se conclúe a falta de proba sobre a responsabilidade do Concello na causación do dano.

Debe coñecer o resolto o servizo de Patrimonio-Responsabilidade Patrimonial.

8.- Contencioso. Expediente nº 20878/111

Sentenza nº 159 do 29 de xullo de 2026

Tribunal de Instancia, Sección do Contencioso-Administrativo, Praza nº 2 de Vigo

Abreviado: 163/2026

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Desestimación presunta por silencio administrativo de reclamación de RPA formulada en data 07/07/2025 (danos no inmovible por filtracións)

Expte(s): 7851/243

Contía: 3.566,00 €

Esta sentenza, firme, estima parcialmente o recurso e condena ao Concello ao abono de 266,20 euros mailos xuros correspondentes.

O expediente de responsabilidade patrimonial do que ten orixe iniciouse cunha reclamación na que solicitaba o demandante o abono do importe equivalente á execución dunhas obras. A proba practicada acreditou que non se produciron danos no inmovible no que reside, pero condena ao importe de colocación dun elemento de protección durante a execución dunhas obras.

A parcela do actor colinda con unha na que se executou por administración unha obra de derruba, causante duns danos, e polo tanto carente o Concello de lexitimación. Na parte traseira si que se executaron obras de execución subsidiaria que se ben non causaron danos, considera o órgano xudicial que era esixible unha labor de prevención, polo que condena ao resarcimento da instalación dese elemento, que o perito da actora valorou na cantidade obxecto de condena.

O servizo de Patrimonio-Responsabilidade Patrimonial debe coñecer do resolto e executar a sentenza.

9.- Contencioso.

Tribunal de Instancia, Sección do Contencioso-Administrativo, Praza nº 2 de Vigo

Abreviados

Demandante/Recorrente: Empresa

Obxecto: Acta de inmovilización de vehículo (VTC)

Ref. Asesoría Xurídica	Procedemento Abreviado	Núm. Auto	Data Auto
20636/111	94/2026	38	22/04/2026

S.ord. 14/08/2026



Ref. Asesoría Xurídica	Procedemento Abreviado	Núm. Auto	Data Auto
20719/111	99/2026	40	22/04/2026

As resolucións, firmes, rematan e arquivan os procedementos pola inexistencia de actuación administrativa impugnabile, se ben as partes demandantes cando solicitaron a terminación do procedemento aludían a unha posible desaparición do mesmo.

Pretendíase impugnar unha "acta de inmovilización" dun vehículo.

O servizo de Seguridade debe coñecer do resolto.

10.- Contencioso. Expediente nº 14665/111

Sentenza nº 134 do 11 de febreiro de 2026

Tribunal Supremo, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 3

Recurso de casación: 2256/2023

Demandante/Recorrente: Empresa

Obxecto: Casación – Sentenza nº 460/2022 do 16/12/2022 ditada polo TSXG, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 3 (Recurso de apelación 7085/2022)

Obxecto do recurso de orixe (Procedemento Ordinario 231/2021 Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo): Resolución do 26/07/2021. Reclamacións de cantidades (cesión de créditos, en contrato de facturación, nun contrato municipal-Linorsa e dous embargos da Seguridade Social) (Expte. 13767/111)

Expte(s): 188/143, 3826/440

Contía: 223.272,17 €

Esta sentenza, firme, resolve o recurso de casación promovido pola entidade financeira, e que ten como antecedentes a desestimación dun recurso de apelación interposto contra a sentenza do XC-A 2 de Vigo que xa desestimara a demanda pola que reclamaba unha cantidade ao Concello (223.272,17 euros), por mor dunha cesión de créditos de Linorsa (adxudicataria dun contrato de servizos de limpeza das dependencias municipais) a esta entidade.

Nesa sentenza do TSXG confirmábase que o criterio xurídico do órgano de instancia foi válido, e que o prazo de prescrición operou neste caso pola inactividade da demandante, quen lle reclamara tal cantidade á Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

Pola súa vez, a STS que se está a comunicar sinala que non consta entre maio do ano 2016 e maio do 2021 actuación da recorrente fronte ao Concello algunha, que tivese esa eficacia interruptiva da prescrición, que é o que recolle o art. 25 da LXP que se pretendía interpretar -e casar-. «Ni las reclamaciones dirigidas a la Tesorería General de la Seguridad Social, ni la demanda civil de 2018, pueden tener este efecto, ya que las reclamaciones fueron formuladas a quien no era deudor y la acción civil ejercitada por CaixaBank S.A. fue inadmitida sin que el Ayuntamiento de Vigo tuviera conocimiento formal de ella, por lo que estas actuaciones no satisfacen los presupuestos que el artículo 1973 del Código Civil y la jurisprudencia que lo interpreta exigen para que opere la interrupción de la prescripción. Por todo ello, debemos confirmar la sentencia de instancia.»

A Tesouraría debe coñecer do resolto.

11.- Contencioso. Expediente nº 20709/111





CONCELLO DE VIGO

Expte. 2141/1102

Sentenza nº 128 do 26 de maio de 2026
Tribunal de Instancia, Sección do Contencioso-Administrativo, Praza nº 1 de Vigo
Abreviado: 122/2026
Demandante/Recorrente: Particular
Obxecto: Resolución do Tribunal Económico-Administrativo de data 23/01/2026
Expte(s): 6105/550, 67319/512
Contía: 846,40 €

Esta sentenza, firme, estima o recurso e condena ao Concello á devolución de 846,40 euros máis xuros con relación ao IBI liquidado. O auto de complemento do 09/06/2026 rectifica a sentenza e sinala que a condena é aos xuros de demora dende a data na que se abonou cada unha das cantidades en exceso que deben ser obxecto de reintegro.

A sentenza alude ao criterio do TS que transcribe e que permite solicitar a devolución de ingresos indebidos derivados de rectificacións catastrais sen instar respecto das liquidacións un procedemento de revisión, e o traslada a este caso.

O Tribunal Económico-Administrativo do Concello de Vigo e a Dirección de Ingresos deben coñecer do resolto e executar a sentenza.

12.- Contencioso. Expediente nº 20726/111

Auto nº 72 do 10 de xuño de 2026
Tribunal de Instancia, Sección do Contencioso-Administrativo, Praza nº 1 de Vigo
Abreviado: 129/2026
Demandante/Recorrente: Asociacións e entidades similares
Obxecto: Desestimación por silencio administrativo de solicitude e acceso á información medioambiental sobre a tala de árbores de grandes dimensións na Avda. de Castelao
Expte(s): 51463/446

Auto firme polo que se acorda a terminación do presente procedemento, por carencia sobrevida do obxecto.

A actora formulou demanda coa pretensión de que por parte do Concello de Vigo se lle dera acceso á información medioambiental relativa á talla de árbores practicada no ano 2023.

Polo Concello de Vigo remitiuse expediente administrativo no que consta informe de notificación de incidencias en arboredo afectado por temporais, en Av. Castelao contorna 48-50 de data 13 de novembro de 2023. Ao mesmo tempo remitiu copia do mesmo directamente á actora.

Polo que, á vista de que o Concello deu acceso á información solicitada a actora presentou escrito desistindo do RC-A por canto se produciu unha carencia sobrevinda do obxecto litixioso, ao producirse a entrega do referido informe medioambiental.

O auto foi ditado sen expresa imposición de custas.

Darase traslado ao servizo de Medio Ambiente para o seu coñecemento.

13.- Contencioso. Expediente nº 20323/111

Sentenza nº 142 do 12 de xuño de 2026
Tribunal de Instancia, Sección do Contencioso-Administrativo, Praza nº 1 de Vigo

S.ord. 14/08/2026



Abreviado: 18/2026

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Desestimación presunta do recurso de reposición formulado contra o acordo da XGL do 24/10/2025 que aprobou as bases específicas e convocatoria do proceso selectivo de 1 praza de auxiliar administrativo OEP 2017, 2018 e 2019

Expte(s): 47330/220

Contía: Indeterminada

Sentenza con estimación parcial da pretensión da demandante, funcionaria interina do Concello de Vigo.

A demandante prestaba servizos como Auxiliar de Administración Xeral interina no Concello de Vigo dende xuño de 2020, cunha praza vacante inicialmente vinculada á OEP de 2018. Por un erro exclusivo do Concello, dita praza nunca se incluíu nas convocatorias ordinarias das OEP de 2017, 2018 e 2019. Ao decatarse do erro, e co prazo de tres anos xa superado, o Concello convocou de xeito extraordinario o proceso selectivo para esa praza o 24 de outubro de 2025; e a demandante impugnou dita convocatoria extraordinaria alegando que o prazo de 3 anos caducara, polo que a praza debía recollerse nunha nova OEP, manténdose mentres tanto a súa condición de interina.

O Concello admitiu que convocou fóra de prazo, pero argumentou que o fixo de forma extraordinaria para evitar prexuízos aos aspirantes, en lugar de declarar a caducidade da praza.

Baseándose na xurisprudencia do Tribunal Supremo, a sentenza sinala que o prazo de tres anos establecido no artigo 70.1 do TREBEP para executar as ofertas de emprego público é improrrogable e esencial; a pesar do vicio de extemporaneidade, aplícase a doutrina de conservar a validez do proceso selectivo para non prexudicar os terceiros seleccionados que participaron; por tanto, non procede devolver á demandante o seu posto de interina, pero como o Concello comezou unha infracción legal ao convocar fóra de prazo e iso provocou o cese da interina, recoñécese o seu dereito a recibir unha indemnización polos danos e prexuízos causados.

Mantense a validez das resolucións impugnadas e do proceso selectivo en atención ao principio de conservación de actos e condénase ao Concello de Vigo a indemnizar á demandante coa cantidade de 6.000 euros polos danos e prexuízos ocasionados polo seu cese indebido.

Non se impoñen as custas procesuais a ningunha das partes polas particularidades do litixio. A sentenza foi recorrida polo Concello en apelación, en relación ao recoñecemento da cantidade e está pendente na actualidade de ser resolto polo TSXG.

Darase traslado desta resolución á xefatura de área de RRHH e Formación.

14.- Contencioso. Expediente nº 20591/111

Sentenza nº 144 do 1 de xullo de 2026

Tribunal de Instancia, Sección do Contencioso-Administrativo, Praza nº 1 de Vigo

Abreviado: 80/2026

Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal

Obxecto: Desestimación presunta, por silencio administrativo, de reclamación formulada en data 09/10/2025 (recoñecemento e abono de diferencias retributivas por funcións de superior categoría e compensación económica por vacacións non desfrutadas)

Expte(s): 47753/220





CONCELLO DE VIGO

Expte. 2141/1102

Contía: Indeterminada

Sentenza pola que se estima a reclamación da produtividade do funcionario municipal do servizo de Comercio pola realización das tarefas de xefatura, e se desestima a pretensión consistente na cuantificación económica e liquidación das vacacións non desfrutadas no ano 2024.

En relación á desestimación do abono do período de vacacións, a sentenza recolle que "En el presente caso no se ha acreditado causa alguna que haya impedido al recurrente disfrutar de sus vacaciones anuales con anterioridad a su jubilación. No consta que el mismo hubiera solicitado su disfrute y le hubieran sido denegadas por necesidades del servicio, tal y como afirma este. Tampoco que haya estado en una situación de incapacidad temporal inmediatamente anterior a su jubilación, que haya impedido su disfrute. Por lo tanto no puede estimarse el abono de las vacaciones no disfrutadas".

En canto ao recoñecemento da produtividade, a sentenza remítese ao expediente administrativo no que consta unha resolución da Concellería de Comercio na que se constata a realización de ditas tarefas do posto da xefatura do servizo.

Contra esta sentenza non cabe recurso, e foi ditada sen expresa imposición de custas.

15.- Contencioso. Expediente nº 20594/111

Sentenza nº 146 do 1 de xullo de 2026

Tribunal de Instancia, Sección do Contencioso-Administrativo, Praza nº 1 de Vigo

Abreviado: 81/2026

Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal

Obxecto: Desestimación presunta, por silencio administrativo, de reclamación de data 13/12/2024 (complementos de nocturnidade e festividade - Policía Local)

Expte(s): 46098/220

Contía: Indeterminada

Sentenza que estima o RC-A do funcionario da Policía local no que reclama o dereito a percibir os complementos de nocturnidade e produtividade nos catro anos inmediatamente anteriores á data da súa solicitude inicial de 13/12/2024 e ata a aprobación da RPT do Concello de Vigo de 16/05/2023. E que se lle deben abonar conforme ao recollido na nova RPT de 2023 e 2024. Con xuros calculados dende cada nómina e non dende a súa reclamación.

A sentenza recoñece que ten dereito ao abono de ditos importes cos xuros legais dende a data da reclamación administrativa. Con expresa condena en custas ao Concello por importe de 150 euros + IVE. Contra a mesma cabe interpoñer recurso de apelación.

A sentenza foi rectificada mediante auto do 1 de xullo de 2026, no relativo a erros materiais advertidos sobre a imposición de custas e supresión da referencia a xaneiro de 2023 como momento no que se comezaron a percibir ditos complementos.

Darase traslado á área de RRHH e Formación desta resolución para o seu coñecemento e efectos.

16.- Contencioso. Expediente nº 20980/111

Auto nº 88 do 14 de xullo de 2026

Tribunal de Instancia, Sección do Contencioso-Administrativo, Praza nº 1 de Vigo

S.ord. 14/08/2026



Abreviado: 198/2026

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Resolución da XGL desestimatoria de recurso de alzada formulado contra acordo do tribunal de selección para provisión de prazas de Oficial coidador, mantemento, vixilancia e control (persoal laboral fixo), relativo ao segundo exercicio

Auto que inadmite o RC-A interposto contra un proceso selectivo (desestimación do recurso de alzada) de Oficial coidador do VigoZoo (persoal laboral fixo) por falta de xurisdición, con indicación expresa de que lle corresponde este asunto á xurisdición social.

Contra este Auto cabe interpoñer recurso de apelación.

Desta resolución darase traslado á área de RRHH e Formación para o seu coñecemento e efectos. Así como ao servizo de Medio Ambiente.

B. Resolucións ditadas na orde xurisdiccional social

1.- Social. Expediente nº 17878/111

Decreto nº 182 do 10 de abril de 2026

Tribunal de Instancia, Sección do Social, Praza nº 5 de Vigo

Seguridade social: 891/2024

Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal

Obxecto: Declaración de dereito ao recoñecemento de proceso de I.T. derivado de continxencia profesional-accidente de traballo (Servizo Extinción Incendios)

Esta resolución resolve a desistencia do recurso promovida polo actor e archiva o procedemento. Pretendíase un cambio na natureza da continxencia.

A área de RRHH e Formación debe coñecer do resolto.

2.- Social. Expediente nº 16486/111

Sentenza nº 190 do 13 de maio de 2026

Tribunal de Instancia, Sección do Social, Praza nº 7 de Vigo

Ordinario: 797/2023

Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal

Obxecto: Reclamación do recoñecemento do dereito ao cobro das retribucións correspondentes á categoría profesional de Oficial de Mantemento do IMD
Expte(s): 41398/220

Esta sentenza, que non é firme e conta cun recurso de suplicación promovido polo actor en trámite, desestima o recurso.

O demandante reclamaba as diferencias salariais pola realización de funcións de oficial de mantemento de marzo do 2021 a decembro do 2022. A sentenza non entende acreditada a realización de tales tarefas de modo continuo, e reprocha que nin sequera especificase cales eran esas concretas funcións diferenciadas das propias da súa categoría profesional que realizou.

Sinala a sentenza que "no consta acreditado de dónde recibía el actor las instrucciones para realización de funciones propias de oficial de mantenimiento y que, las misma las efectuase de ma-





CONCELLO DE VIGO

Expte. 2141/1102

nera continua en el periodo reclamado", polo que non se cumpre co criterio establecido para o recoñecemento do dereito.

O servizo de Deportes debe coñecer do resolto.

3.- Social. Expediente nº 20052/111

Sentenza nº 191 do 1 de xuño de 2026

Tribunal de Instancia, Sección do Social, Praza nº 1 de Vigo

Impugnación de actos da Administración: 857/2025

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Resolución de data 06/03/2025 (anuncio da puntuación do procedemento selectivo estabilización dunha praza Oficial de instalacións municipais)

Expte(s): 43792/220, 44806/220

Esta sentenza, firme, estima as demandas acumuladas presentadas por tres aspirantes no procedemento de selección celebrado ao amparo da OPE de estabilización de emprego temporal e anula a resolución do órgano de selección, con retroacción de actuacións.

Relaciónanse estas demandas co procedemento de selección derivado da OPE de estabilización do emprego público temporal da concreta categoría de Oficial de Instalacións Municipais.

Condénase ao Concello á retroacción do procedemento de selección ao momento anterior ao da resolución impugnada, para que por parte do órgano de selección se remitan os recursos de alzada ao órgano competente para resolvelos.

A razón da estimación das demandas é que a resolución dos recursos de alzada non respectou o establecido nos arts. 121 e 122 da Lei 39/2015 e as bases da convocatoria. O documento 1034 do expediente 44806/220 (resolución da XGL) expresa que o informe-proposta o elaborou o órgano de selección.

Segundo as bases e o art. 121 da LPAC o órgano de selección tiña que remitir o expediente e un informe ao órgano competente para resolver, pero non redactar o informe-proposta.

A área de RRHH e Formación debe coñecer o resolto e executar a sentenza ou remitila ao órgano competente para tal fin.

4.- Social. Expediente nº 17189/111

Decreto nº 270 do 8 de xuño de 2026

Tribunal de Instancia, Sección do Social, Praza nº 2 de Vigo

Modificación substancial das condicións laborais: 392/2024

Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal

Obxecto: Modificación substancial das condicións laborais Oficial coidadora, mantemento, vixilancia e control, VigoZoo

Esta resolución acorda a desistencia do recurso da demandante e comporta o arquivo do mesmo.

Garda relación co conflito colectivo xa rematado e os procesos individuais de modificación substancial das condicións de traballo nas instalacións do VigoZoo (hoxe Vigo Nature).

S.ord. 14/08/2026



A área de RRHH e Formación debe coñecer do resolto.

5.- Social. Expediente nº 18488/111

Sentenza nº 255 do 6 de xullo de 2026

Tribunal de Instancia, Sección do Social, Praza nº 1 de Vigo

Seguridade social: 131/2025

Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal

Obxecto: En materia de determinación de continxencia profesional de incapacidade temporal

A sentenza desestima a demanda do funcionario municipal (Policía Local) interposta contra o INSS, a FREMAP e o Concello de Vigo e absolve á parte demandada da pretensión do actor consistente na pretensión de que a IT fora considerada como continxencia profesional por estar derivada dunha situación de acoso, e non por enfermidade común como declarou o INSS.

A sentenza recolle que a denuncia de acoso foi resolta polo XS6 de Vigo que ditou sentenza o 16-05-2025 no PO 837/2023, desestimando dita pretensión; sentenza confirmada polo TSXG mediante outra de data 02-02-2026 (firme).

Contra esta sentenza cabe interpoñer recurso de suplicación, e foi ditada sen expresa imposición de custas.

Darase traslado desta resolución á área de RRHH e Formación para o seu coñecemento.

6.- Social. Expediente nº 18774/111

Auto nº 42 do 13 de xullo de 2026

Tribunal de Instancia, Sección do Social, Praza nº 7 de Vigo

Ordinario: 287/2025

Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal

Obxecto: En materia de recoñecemento de dereito e contías (funcións de superior categoría- Inspector control concesionarias-Montes, Parques e Xardíns)

Expte(s): 44179/220, 45920/220

Esta resolución acorda a desistencia do actor, e comporta o arquivo do procedemento. O demandante pretendía o recoñecemento de cantidades polo desenvolvemento de funcións de superior categoría (adscrito a Montes, Parques e Xardíns) durante un período de tempo determinado.

A área de RRHH e Formación e o servizo de Montes, Parques e Xardíns deben coñecer do resolto.

C. Resolucións ditadas na orde xurisdiccional civil

1.- Civil. Expediente nº 17092/111

Sentenza do 16 de abril de 2026

Audiencia Provincial de Pontevedra, Sección nº 3

Recurso de apelación: 529/2024

Demandante/Recorrente: Outra Administración Pública

Obxecto: Apelación da sentenza nº 55 do 16 de febreiro do 2024 ditada polo Xulgado de Primeira Instancia nº 3 de Pontevedra no Procedemento Ordinario nº 194/2022 (expediente nº 14568/111)





CONCELLO DE VIGO

Expte. 2141/1102

Obxecto do procedemento de orixe: Porción de terreo do monte “Meixoeiro o Regueiro Furado”
Expte(s): 6319/244

Esta sentenza ditada pola Audiencia Provincial de Pontevedra desestima o recurso de apelación interposto pola Xunta de Galicia e confirma que o terreo reivindicado do Monte Meixoeiro pertence á CMVMC de Cabral.

A sentenza reitera o criterio do carácter imprescritible deste tipo de bens e considera que non é posible a adquisición do monte.

O servizo de Patrimonio debe coñecer do resolto.

2.- Civil. Expediente nº 19297/111

Decreto nº 323 do 20 de xullo de 2026

Tribunal de Instancia, Sección do Civil, Praza nº 3 de Vigo

Ordinario: 291/2025

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Negación de servidume

Esta resolución é firme e archiva o procedemento por desistencia do actor, ao producirse o seu pasamento e non subrogarse na súa posición persoa algunha.

O procedemento pretendía accionar negando unha servidume de acueducto que discorre parcialmente pola propiedade do finado do demandante, así como a súa remoción, figurando como co-demandada a contratista municipal FCC Aqualia.

O servizo de Patrimonio debe coñecer do resolto.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

I. Considerando a obriga xeral de cumprir as sentencias e demais resolucións firmes dos xuíces e tribunais, así como de prestar a colaboración requirida por estes no curso do proceso e na execución do resolto segundo o art. 118 da Constitución así como o principio constitucional do pleno sometemento á lei e ao dereito da Administración Pública no desenvolvemento da súa actividade do art. 103 do texto constitucional.

II. Considerando o establecido no artigo 18.2 da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial, en canto á obriga de executar as sentenzas en tempo e forma.

III. Considerando que o artigo 17.2 da Lei Orgánica do Poder Xudicial establece que as Administracións Públicas, as autoridades e funcionarios, e todas as Entidades públicas e privadas deben respectar, e, de ser o caso, cumprir as sentenzas e demais resolucións xudiciais que fosen firmes ou executables de conformidade coas leis.

S.ord. 14/08/2026



IV. Considerando o disposto na Sección 8ª e 9ª do capítulo I do título IV; e, no capítulo IV do título IV, da Lei 29/1998, do 13 de xullo, para o caso das máis comúns no tocante á administración municipal, ditadas pola Xurisdición contencioso-administrativa; e, nos demais casos, atendendo ás normas reguladoras da xurisdición na que foron ditadas as resolucións xudiciais das que se dá conta; Lei 36/2011, do 10 de outubro, reguladora da xurisdición social, en especial capítulo IV do título I do Libro IV ou á Lei 1/2000, de 7 xaneiro, de axuízamento civil, en especial libro III.

V. E atendendo á distribución de competencias na materia que recolle a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, para os diferentes órganos: art. 127.1.j), Xunta do Goberno local; art. 124.4.l) Alcaldía e art. 123.1.m) Pleno en relación co disposto nos Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo, comunicamos as resolucións xudiciais relacionadas nos Antecedentes.

PROPOSTA DE ACORDO

Único.- Tómase coñecemento formal das resolucións xudiciais recollidas nos Antecedentes da parte expositiva do presente acordo.

Segundo.- Remítase aos servizos responsables da tramitación administrativa en cada caso, con expresa indicación para que procedan á execución das resolucións xudiciais nos seus propios termos, en tempo e forma.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe

5(685).- SUBVENCIÓN Á ASOCIACIÓN “ESPAÑA CON ACNUR” PARA O DESENVOLVEMENTO DE PROXECTO HUMANITARIO. EXPTE. 298544/301.

Visto o informe de fiscalización do 05/08/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 01/07/2026, asinado polo xefe de Área de Benestar Social e conformado polo asesor xurídico adxunto a Benestar Social e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

I. ANTECEDENTES

I.1. En datas 04.06.2026 e 11.06.2026 (Docums. Núms. 260140374 e 260145909) o/a representante da Asociación “España con ACNUR” (Comité español do Alto Comisionado das Nacións Unidas para os Refuxiados) presentou no Rexistro electrónico do Concello de Vigo unha solicitude de subvención para o desenvolvemento dun proxecto humanitario de protección e asistencia para a poboación desprazada no Líbano polo conflito en Oriente Medio.

I.2. Achegouse tamén (ou consta xa en poder desta Administración) toda a documentación administrativa necesaria para a concesión da subvención: datos identificativos da entidade,





CONCELLO DE VIGO

Expte. 2141/1102

Memoria xustificativa/Proxecto, certificacións administrativas de cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, estatutos sociais, acreditación da representación, CIF, certificación bancaria actualizada, declaración de non estar inhabilitada nin incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións públicas, etc.

I.3. Mediante Resolución do 30.06.2026, a Concelleira da Área de goberno de Política Social e Participación Cidadá ordenou a incoación de expediente administrativo para a tramitación e resolución da subvención a favor da Asociación “España con ACNUR” (Comité español do Alto Comisionado das Nacións Unidas para os Refuxiados) para a execución dese proxecto.

II. NORMATIVA RELACIONADA

- Declaración Universal de Dereitos humanos, 10 de decembro de 1948.
- Pacto Internacional de Dereitos Cívís e Políticos, 19 de decembro de 1966.
- PIDESC (Pacto Internacional de Dereitos Económicos, Sociais e Culturais, 19 de decembro de 1966).
- Convención internacional sobre os dereitos do neno, adoptada pola Asemblea Xeral da ONU o 20 novembro de 1989.
- CE/1978 (Constitución española, 29 decembro 1978).
- Carta Europea de Autonomía local, Estrasburgo 15.10.1986 (BOE nº 47, 24.02.1989).
- EAG (Estatuto de Autonomía de Galicia; LO.1/1981, do 6 de abril).
- LO.2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade orzamentaria e Sostibilidade financeira.
- L.1/2023, do 20 de febreiro, de 20 de febreiro, de Cooperación para o Desenvolvemento Sostible e a Solidariedade Global.
- L.2/2014, do 25 de marzo, da Acción e do Servizo exterior do Estado.
- L.10/2021, do 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia.
- D.29/2017, do 9 de marzo, de cooperación para o desenvolvemento.
- LRBRL (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local).
- L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Admón. local.
- L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.
- L.15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa.
- LALGA (L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia).
- TRRL (RDLex. 781/1986, do 18 de abril, Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime local).
- LPACAP (L.39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Admóns. Públicas).
- LRXSP (L.40/2015, do 1 de outubro, de Réxime xurídico do Sector público).
- LRXCA (L.29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción contencioso-administrativa).
- L.19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- L.13/2008, do 3 de decembro, Lei de servizos sociais de Galicia.
- LXS (L.38/2003, do 17 de novembro, Lei xeral de subvencións).

S.ord. 14/08/2026



- LSG (L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia).
- RD.887/2006, do 21 de xuño, Regulamento da Lei xeral de subvencións.
- RD.794/2010, do 16 de xuño, polo que se regulan as subvencións e axudas no ámbito da cooperación internacional que se concedan pola Admón. do Estado.
- TRLRFL (RDLex. 2/2004, do 5 de marzo, Texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais).
- Orde EAH/3565/2008, do 3 de decembro, modificada pola Orde HAP 419/2014, do 14 de marzo, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das Entidades locais.
- RD.130/2019, do 8 de marzo, polo que se regula a BDNS e a publicidade das subvencións e demais axudas públicas.
- Bases de execución do Orzamento xeral – Concello de Vigo.
- Plan Estratéxico de Subvencións 2024-2026.
- Instrucción 1/2014 da Intervención xeral municipal sobre aplicación da L.5/2014.
- Nota informativa do 16.03.2016 da Intervención xeral municipal sobre a BDNS.

III. INFORME

III.1. O “Alto Comisionado das Nacións Unidas para os Refuxiados” (ACNUR/UNHCR) brinda protección e asistencia ás persoas refuxiadas e desprazadas no mundo. ACNUR foi creado pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas e comezou a traballar en 1951. Desde a súa creación ten proporcionado asistencia a millóns de persoas refuxiadas e desprazadas en todo o mundo, o que lle valeu o recoñecemento de dous Premios Nobel da Paz, en 1954 e 1981, e o Premio Príncipe de Asturias en 1991.

III.2. A Asociación “España con ACNUR” (Comité español do Alto Comisionado das Nacións Unidas para os Refuxiados) é unha ONGD, constituída o 26.11.1993 e declarada de utilidade pública, que se encarga de difundir a realidade da poboación refuxiada e desprazada de todo o mundo a través de campañas de sensibilización e educación ó desenvolvemento e de recaudar fondos para programas de emerxencia, post-emerxencia e desenvolvemento de ACNUR.

III.3. ACNUR basea o seu mandato na Convención sobre o Estatuto dos Refuxiados de 1951, que ten como obxectivo garantir o exercicio efectivo dos dereitos humanos das persoas refuxiadas e a non repatriación contra a súa vontade a un país onde sufran persecución. O Alto Comisionado axúdalles a repatriarse ó seu país de orixe cando as condicións así o permitan, a integrarse nos países de asilo ou a reasentarse en terceiros países.

III.4. ACNUR mantén a súa presenza operativa en Oriente Medio e desempeña un papel de liderazgo nas respostas de emerxencia, con equipos sobre o terreno, existencias de artigos esenciais e cadeas de subministro e sistemas de asistencia económica preparados para intervir cando sexa necesario.

Segundo se expresa na documentación do proxecto presentado ó Concello de Vigo, *“Respuesta de emergencia y apoyo humanitario a la población desplazada en el Líbano a causa del conflicto en Oriente Medio”*:





CONCELLO DE VIGO

Expte. 2141/1102

- «Desde finales de febrero, la escalada de las hostilidades en Irán y el Líbano ha tenido consecuencias humanitarias que se extienden por toda la región, incluyendo el retorno de refugiados a Afganistán y Siria en circunstancias adversas (...).
- Las zonas afectadas ya albergaban a más de 24 millones de personas desplazadas por la fuerza, muchas de las cuales, ya enfrentaban importantes riesgos de protección y necesidades humanitarias. Muchos países ya estaban apoyando las necesidades humanitarias de las poblaciones desplazadas con fondos muy limitados, lo que ahora dificulta la atención de poblaciones y necesidades adicionales. En este contexto, la rápida escalada de hostilidades ha ejercido una mayor presión aún sobre las capacidades humanitarias y las comunidades de acogida, con un aumento de las necesidades de protección, nuevos desplazamientos internos y preocupación por salidas transfronterizas y posibles movimientos hacia países vecinos.
- Los recientes acontecimientos han generado un aumento significativo de las necesidades humanitarias en la región, requiriendo una intensificación urgente de la respuesta. En este contexto, ACNUR y sus socios humanitarios han puesto en marcha una respuesta de emergencia interinstitucional para atender las necesidades urgentes en toda la región, a pesar del conflicto en curso y los frecuentes ataques aéreos, que dificultan los desplazamientos y el acceso a los servicios humanitarios.
- Líbano acoge actualmente al mayor número de personas desplazadas por cápita y por kilómetro cuadrado en todo el mundo. Esto ejerce una presión sobre unos recursos, servicios e infraestructuras ya sobrecargadas. En Líbano, se ha lanzado un Llamamiento Urgente destinado a apoyar la respuesta de emergencia liderada por el Gobierno. A través de este llamamiento, se solicita una financiación de 308,3 millones de dólares para proporcionar asistencia humanitaria vital y protección a hasta un millón de personas.
- Gracias al inestimable apoyo del Ayuntamiento de Vigo, se podrán atender las necesidades prioritarias de refugio de la población desplazada en el Líbano debido a la emergencia en Oriente Medio. Con la aportación de 10.000 euros, se podrá apoyar de la siguiente forma...».

S.ord. 14/08/2026



PARTIDAS	UNIDADES	COSTE UNITARIO DOLARES	COSTE TOTAL DOLARES	COSTE TOTAL EUROS
GASTOS DIRECTOS				9.389,67
Materiales y suministros				
Kit de cocina	45	25,24	1.135,80	976,79
Bidón de 10L	45	1,55	69,75	59,99
Colchones	225	20,4	4.590,00	3.947,40
Esterilla	225	2,11	474,75	408,29
Mantas térmicas	225	6,33	1.424,25	1.224,86
Lámpara solar	45	35,41	1.593,45	1.370,37
Gastos logísticos para transporte de los kits	1	1.630,20	1.630,20	1.401,97
GASTOS INDIRECTOS				610,33
Gastos Operacionales ACNUR (6,5%)	1	703,95	703,95	610,33
TOTAL				10.000

- III.5. O obxectivo xeral do proxecto humanitario de ACNUR que se pretende subvencionar é o de contribuir á protección internacional e asistencia da poboación desprazada no Líbano asegurando o acceso a materiais e subministros básicos no contexto do conflito bélico existente.
- III.6. O seu obxectivo específico é axudar a 45 familias (unhas 225 persoas) desprazadas no Líbano con kits de artigos esenciais de emerxencia para garantir o seu acceso a servizos e necesidades básicas segundo os estándares de protección internacionais.
- III.7. Tal como se reflicte no orzamento presentado, o custo total deste proxecto humanitario, englobado dentro do proxecto xeral de resposta humanitaria de ACNUR no Líbano, estímase en 10.000 €, que sería financiado integramente coa achega do Concello de Vigo.
- III.8. Nos vixentes orzamentos municipais da Concellería de Política Social está prevista a concesión dunha subvención nominativa a favor de ACNUR por importe de 10.000 € con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.01 (“Axuda a Acnur”).
- III.9. Esta previsión figura tamén no vixente Plan Estratéxico de Subvencións (PES) 2024-2026 do Concello de Vigo (Liña 1-4: “Axuda humanitaria” – Axuda a Acnur), aprobado pola Xunta de Goberno Local na súa sesión do 08.03.2024 (Exp. nº 277/143).





CONCELLO DE VIGO

Expte. 2141/1102

De acordo co PES, o obxectivo estratéxico que se pretende lograr con esta subvención é contribuir á protección e asistencia á poboación desprazada no Líbano, garantindo o acceso a servizos de necesidades básicas. Posibilítase a consecución deste obxectivo mediante o financiamento municipal do proxecto humanitario presentado por ACNUR, que ten como beneficiarias directas a 45 familias (unhas 225 persoas) ás que se lles facilitarán kits de artigos esenciais de emerxencia.

III.10. A posibilidade da súa concesión directa á entidade designada nos orzamentos prevese expresamente nos Arts. 22.2.a) da LXS e no Art. 19.4.a) da LSG. Para estes efectos, téñen a consideración de «*subvencións previstas nominativamente nos orzamentos municipais*» aquelas cuxo obxecto, dotación orzamentaria e beneficiario aparecen determinados expresamente no estado de gastos do orzamento.

Ademais, a Disposición adicional 2ª da LSG, posta en relación co seu Art. 19.4, posibilita tamén a concesión directa das subvencións en materia de cooperación para o desenvolvemento reguladas hoxe na L.10/2021, do 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia, que inclúe entre as prioridades da cooperación galega a atención ás situacións de maior pobreza e desigualdade e establece a intervención prioritaria en ámbitos ou sectores como o exercicio dos dereitos sociais básicos polas persoas e os colectivos máis pobres e vulnerables (saúde, educación, alimentación, hábitat e auga e saneamento básico), a igualdade de xénero e o apoderamento e exercicio pleno e integral de dereitos das mulleres e da infancia ou a educación para a cidadanía global.

III.11. O procedemento para a concesión destas subvencións iníciase de oficio polo centro xestor do crédito orzamentario ó que se imputa á subvención ou por instancia do interesado e rematará coa resolución de concesión ou coa formalización do correspondente convenio.

III.12. A concesión desta subvención estará suxeita, especificamente, ás condicións e compromisos establecidos na propia Resolución de concesión (Art. 26 LSG, Art. 28 LXS, Art. 67 RD.887/2006 e Base 38 das de execución dos orzamentos xerais): obxecto, beneficiarios, crédito orzamentario, compatibilidade/incompatibilidade con outras subvencións, pagamento e xustificación, etc.

III.13. As competencias municipais en materia de cooperación internacional descentralizada atopan fundamento tanto na lexislación de réxime local (Arts. 2 e 25 LRBRL, 80.1 LALGA...) como, especificamente, na lexislación sectorial estatal e autonómica. Así:

- A L.1/2023, do 20 de febreiro, de 20 de febreiro, de Cooperación para o Desenvolvemento Sostible e a Solidariedade Global recoñece o importante papel da cooperación das entidades locais no sistema da cooperación española para o desenvolvemento sostible e a solidariedade global a partir da súa traxectoria e capacidade de xerar alianzas, mobilizar ós actores e as capacidades económicas e sociais e o coñecemento experto, así como o das propias administracións locais, nas áreas nas que gozan de competencias e capacidades, e promover a participación social e a democracia no ámbito local. Sinala tamén que os actores estatais do sistema español de cooperación para o desenvolvemento sostible promoverán a actividade de cooperación

S.ord. 14/08/2026



dos entes locais e a simplificación de trámites burocráticos para favorecer dito obxectivo e que esta cooperación poderá exercerse tamén a través de fondos municipais de cooperación ou doutras entidades (Art. 37 L.1/2023).

A lei inclúe entre os obxectivos da política de cooperación internacional para o desenvolvemento sostible a prevención e atención das situacións de emerxencia mediante a prestación de accións de axuda humanitaria (Arts. 4, 13 e ccdtes. L.1/2023).

- A L.10/2021, do 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia, recoñece tamén esa mesma capacidade municipal para intervir en materia de cooperación internacional, considerando ás entidades locais como “*axentes da cooperación para o desenvolvemento*” (Art. 96.3.a)].
- Finalmente, a L.2/2014, do 25 de marzo, da Acción e do Servizo exterior do Estado, reafirma que as entidades locais poden actuar no eido da cooperación internacional para o desenvolvemento e expresa que a Acción exterior neste sector orientarase a contribuír á erradicación da pobreza, ó desenvolvemento humano sostible e ó pleno exercicio dos dereitos, mediante a consolidación dos procesos democráticos e o Estado de Dereito, a redución das desigualdades, o fomento dos sistemas de cohesión social, a promoción dos dereitos das mulleres e a igualdade de xénero, dando unha resposta de calidade ás crisis humanitarias.

A seguir, enumera entre os suxeitos da Acción Exterior do Estado ás Admóns. Públicas (entre as que, loxicamente, inclúese a Admón. local) e prescribe o deber dos órganos constitucionais, as CCAA, as Cidades Autónomas, «*as entidades que integran a Administración Local*» e os organismos, entidades e institucións delas dependentes de manter informado ó Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación das súas propostas sobre actuacións con proxección exterior, para que este departamento poida informar e, de ser o caso, emitir recomendacións motivadas sobre a adecuación da proposta de actuación ás directrices, fins e obxectivos da Política Exterior fixados polo Goberno e os instrumentos de planificación establecidos por esta lei (Arts. 5, 11 e ccdtes.).

Esta atribución competencial realizada pola lexislación sectorial en materia de cooperación internacional para o desenvolvemento ten fundamento mediató na propia CE/1978 (Preámbulo, Título Preliminar, Arts. 9.2, 10, 137...) e resulta congruente co contido do Art. 10.3 da Carta Europea de Autonomía local, ratificada por España, que establece que as entidades locais poderán, nas condicións eventualmente previstas pola Lei, cooperar coas entidades doutros Estados.

Outra cousa é o alcance do exercicio desta competencia, que estará necesariamente supeditado ás directrices da política española de cooperación internacional para o desenvolvemento e delimitado pola aplicación dos principios de colaboración, autonomía orzamentaria, autorresponsabilidade no seu desenvolvemento e execución e cumprimento da lexislación en materia de estabilidade e sostibilidade orzamentaria.

III.14. O proxecto presentado ó Concello de Vigo pola Asociación “España con ACNUR” (Comité español do Alto Comisionado das Nacións Unidas para os Refuxiados) estaría en cohe-





CONCELLO DE VIGO

Expte. 2141/1102

rencia tanto coas políticas de acción humanitaria do Estado («Plan Director de la Cooperación Española para el Desarrollo Sostenible y la Solidaridad Global 2024-2027») como coas políticas de acción humanitaria da cooperación galega, concretadas no «V Plan Director da Cooperación Galega 2023 – 2026», nos que se recolle como unha das súas orientacións estratéxicas responder ás crises humanitarias con calidade, priorizando a intervención en favor de poboacións en base á súa vulnerabilidade.

III.15. Toda vez que ten transcendencia económica, antes da súa aprobación polo órgano competente (XGL), o expediente deberá ser sometido a informe preceptivo de fiscalización previa pola Intervención xeral municipal (Art. 214 TRLRFL e Arts. 133 e 136 LRBRL), a fin de verificar a existencia de crédito axeitado e suficiente para atender ás obrigas de contido económico derivadas da concesión da subvención.

III.16. O informe xurídico dáse por evacuado nos termos contidos no presente informe-proposta, redactado e asinado polo Asesor xurídico adxunto á Xefatura de Benestar social (Resolución Concelleiro delegado da Área de Xestión municipal do 07.02.2013).

IV. PROPOSTA DE ACORDO

En consecuencia, visto o que antecede e a normativa aplicable, propónse á Xunta de Goberno Local, previo informe da Intervención xeral municipal, a adopción do seguinte,

«ACORDO

PRIMEIRO.- Conceder á Asociación “España con ACNUR” (Comité español do Alto Comisionado das Nacións Unidas para os Refuxiados) unha subvención directa por importe de 10.000€ (DEZ MIL EUROS) para o desenvolvemento do proxecto humanitario: *“Respuesta de emergencia y apoyo humanitario a la población desplazada en el Líbano a causa del conflicto en Oriente Medio”*, de acordo coa documentación e a proposta presentadas ó Concello de Vigo que constan no expediente de referencia.

SEGUNDO.- Aprobar e autorizar o gasto de 10.000 € con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.01 (*“Axuda a Acnur”*) dos orzamentos vixentes, a favor da Asociación “España con ACNUR”, CIF G – 80757560.

TERCEIRO.- Publicar a subvención concedida no “Portal da Transparencia e Bo Goberno” do Concello de Vigo (<http://transparencia.vigo.org>) e remitir a información precisa á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), na que se deberá rexistrar unha “convocatoria instrumental” e os datos estruturados inmediatamente despois da concesión.

CUARTO.- A concesión desta subvención rexeráse polas seguintes Estipulacións:

1ª.- *Obxecto:* o obxecto desta subvención será a execución do proxecto de ACNUR: *“Respuesta de emergencia y apoyo humanitario a la población desplazada en el Líbano a causa del conflicto en Oriente Medio”*, co que se pretende contribuir á protección internacional e asistencia da poboación desprazada no Líbano, garantindo o acceso a servizos de necesidades básicas no contexto do conflito bélico. A intervención prevista é congruente coas liñas

S.ord. 14/08/2026



estratéxicas definidas no «Plan Director de la Cooperación Española para el Desarrollo Sostenible y la Solidaridad Global 2024-2027» e no «V Plan Director da Cooperación Galega 2023 – 2026», nos que se recolle como unha das súas orientacións estratéxicas responder ás crises humanitarias con calidade, priorizando a intervención en favor de poboacións en base á súa vulnerabilidade.

2ª.- *Beneficiarios e modalidades de axuda*: as beneficiarias directas deste proxecto serían 45 familias (unhas 225 persoas) desprazadas no Líbano, con kits de artigos esenciais de emerxencia para garantir o seu acceso a servizos e necesidades básicas segundo os estándares de protección internacionais.

3ª.- *Crédito orzamentario*: o gasto que representa para o Concello de Vigo esta subvención poderá financiarse con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.01 (*“Axuda a Acnur”*) dos vixentes orzamentos municipais.

4ª.- *Pagamento*: tendo en conta as características humanitarias do proxecto (enmarcable nas axudas de cooperación ó desenvolvemento) e da propia entidade promotora (ACNUR), realizarase un pagamento anticipado polo 100% do importe concedido, que se xustifica legalmente na necesidade de acadar unha maior eficacia e eficiencia na xestión dos fondos públicos destinados á cooperación para o desenvolvemento, tal como se indica na Disposición adicional 2ª, apdo. 2, da L.9/2007 (LSG), que permite arbitrar nas bases reguladoras da subvención “sistemas específicos de pagamentos anticipados de ata o 100% da subvención concedida” («Réxime especial das axudas en materia de cooperación exterior»).

De acordo co artigo 42 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, Regulamento da Lei xeral de subvencións e a propia Disposición adicional 2ª, apdo. 2, da LSG, non será esixible a constitución de garantías.

5ª.- *Compatibilidade*: esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra Administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais. Con todo, a beneficiaria deberá comunicar ó Concello de Vigo a obtención doutras posibles subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada.

Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos. En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no Art. 34 do RD.887/2006, do 21 de xullo.

Se o custo total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ó Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.





CONCELLO DE VIGO

Expte. 2141/1102

6ª.- *Xustificación*: ó abeiro do previsto na Disposición adicional 2ª, apdo. 2, da LSG e en atención á natureza e características específicas do proxecto humanitario de ACNUR, establécese un réxime especial de xustificación.

A documentación xustificativa da subvención deberá achegarse necesariamente **antes do 01.11.2026** a través da sé electrónica do Concello de Vigo (<https://sede.vigo.org/expedientes/sede/?lang=gal#2>) por calquera dos mecanismos de identificación admitidos nela e incluírá, como comprobantes da recepción e correcta execución dos fondos, os seguintes documentos:

- Informe técnico final.
- Documentación acreditativa do control de fondos:
 - Certificado emitido pola entidade solicitante de que o proxecto foi executado na súa totalidade e a consecución de obxectivos.
 - Documentación acreditativa do envío dos fondos á contraparte local (UNHCR/ACNUR).
 - Copia do ingreso da subvención na conta da entidade solicitante.
 - Copia da transferencia bancaria efectuada por parte da entidade solicitante á contraparte local (UNHCR/ACNUR).
 - Certificado emitido pola entidade solicitante da desagregación da transferencia bancaria efectuada á contraparte local (UNHCR/ACNUR).
 - Certificado emitido pola entidade solicitante da non existencia de gastos e intereses dos fondos outorgados o tempo que estiveron depositados na conta da entidade solicitante antes de ser transferidos á contraparte local (UNHCR/ACNUR).
- Documentación acreditativa da recepción dos fondos pola contraparte local (UNHCR/ACNUR).
- Factura expedida por ACNUR/UNHCR, firmada dixitalmente, correspondente ó ingreso recibido.

A beneficiaria deberá facilitar, de ser o caso, a información complementaria que lle sexa requirida pola Concellería de Política Social e pola Intervención xeral municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

7ª.- *Protección de datos*: en cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 sobre protección de datos de carácter persoal, da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e das demais disposicións vixentes nesta materia, infórmase que os datos da entidade beneficiaria e os dos seus representantes serán incorporados ós correspondentes ficheiros municipais baixo a responsabilidade do Concello de Vigo e ás bases de datos de xestión municipal e de Benestar social. A finalidade da súa recollida e tratamento é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto desta Resolución, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e as demais

S.ord. 14/08/2026



actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións públicas, en orde á conclusión do proceso de subvencións.

Poderán ser cedidos a outras Administracións, organismos e institucións, asumindo estas as obrigas dos responsables de tratamento de datos. Tamén poderán ser cedidos en cumprimento dun mandato legal ou xudicial e verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade. A base lexitimadora do tratamento previsto reside no consentimento expreso das persoas que representan á entidade beneficiaria e no exercicio lexítimo das competencias municipais atribuídas pola normativa de réxime local e sectorial aplicable. As persoas interesadas poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es). Disporán de máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: dpd.vigo@vigo.org

8ª.- *Réxime xurídico aplicable*: A concesión da subvención rexeráse, ademais de polas anteriores estipulacións, pola L.38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o seu Regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; a L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da L.38/2003 e do RD.887/2006; as Bases de Execución dos orzamentos municipais, o Plan Estratéxico de Subvencións 2024 – 2026 do Concello de Vigo e as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado».

Non obstante, a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime máis conveniente para os intereses municipais.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe

6(686).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ASOCIACIÓN GALEGA SAN FRANCISCO (AGASFRA) PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO “XORNADAS DE CONVIVENCIA ENTRE AS PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL DE AGASFRA E AS SÚAS FAMILIAS E OBRADOIROS DE ESTIMULACIÓN E LECER PROMOVIDOS POLO CONCELLO DE VIGO”- ANO 2026-2029. EXPTE. 298750/301.

Visto o informe xurídico de data 07/07/2026 e o informe de fiscalización do 05/08/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 02/07/2026, asinado polo xefe do Servizo de Administración Xeral e conformado pola concelleira da Área de





CONCELLO DE VIGO

Expte. 2141/1102

Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I. INFORME

I.1. A “Asociación Galega San Francisco” (AGASFRA) é unha asociación privada sen ánimo de lucro constituída formalmente en 1969, inscrita no Rexistro Nacional de Asociacións co nº 8.696, declarada de utilidade pública en 1971 e inscrita tamén no Rexistro central de Asociacións da Comunidade Autónoma Galega co nº 67-1/1998, no Rexistro Municipal de Asociacións (nº 00474-96) e no Rexistro de entidades prestadoras de servizos sociais de Galicia (RUEPSS nº E-0111).

A Asociación leva traballando desde hai moitos anos na protección das persoas con discapacidade intelectual e a axuda ás súas familias. Ten como fins específicos, entre outros, acadar a efectiva realización da promoción integral das persoas con discapacidade, fomentar e potenciar o movemento asociativo de pais e familiares afectados e promocionar, amparar ou tutelar os centros e servizos que realicen labores de prevención e atención precoz destas persoas.

Para o cumprimento deses fins e de acordo cos seus Estatutos, AGASFRA ven desenvolvendo diferentes servizos e actividades de apoio e estimulación, educativas, asistenciais, laborais, de lecer e tempo libre, etc.

I.2. Constitúe o obxecto do Convenio de colaboración que agora se pretende concluír a regulación dos termos da concesión da subvención directa prevista nominativamente nos Orzamentos xerais do Concello de Vigo a favor da “Asociación Galega San Francisco” (AGASFRA) para o desenvolvemento do proxecto: “XORNADAS DE CONVIVENCIA ENTRE AS PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL DE AGASFRA E AS SÚAS FAMILIAS E OBRADOIROS DE ESTIMULACIÓN E LECER PROMOVIDOS POLO CONCELLO DE VIGO” - ANOS 2026-2029».

I.3. O Concello de Vigo, segundo a Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal. Entre as súas competencias está a prestación dos servizos de avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata ás persoas en situación ou risco de exclusión social, sendo esta última competencia de obrigado exercicio para os concellos de máis de 20.000 habitantes (Arts. 25.1, 25.2.e], 25.2.j] e 26.1.c] da LRBRL, na redacción dada pola L.27/2013, do 27 de decembro – LRSAL)

I.4. A teor da reforma introducida pola L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración local (LRSAL), a competencia en materia de «*prestación dos servizos sociais, promoción e reinserción social*» residenciase na Admón. autonómica. Así e todo, a L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, aprobada polo Parlamento de Galicia na súa sesión plenaria do 27.05.2014 (DOG nº 102, do

S.ord. 14/08/2026



30.05.2014), considera que *“non se entenderá como exercicio de novas competencias”*, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

Ademais, sinala claramente que, con carácter xeral, as competencias atribuídas ás EELL pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da LRSAL: *«continuarán exercéndose as elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre a asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais»*; e aclara que as competencias que a CA de Galicia deberá asumir en materia de educación, saúde e servizos sociais: *«continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas Locais previsto nela»* (Disps. Adics. 1ª e 4ª L.5/2014).

I.5. A concesión desta subvención (nominativa) abeirase tanto na lexislación sectorial en materia de servizos sociais como na Disposición adicional 4ª da L.5/2014, do 27 de maio, do Parlamento de Galicia, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da LRSAL, na que se indica que as competencias que deberían asumir a Admón. da CA en materia de servizos sociais *«continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas locais previsto nela»* e que *«non se entenderá como exercicio de novas competencias»*, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

I.6. Canto á vixencia deste Convenio, propónse que esta sexa de catro (4) anos (2026, 2027, 2028 e 2029), de acordo co previsto no Art. 49.h] da LRXSP e, especificamente, no Art. 31 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, segundo o que os convenios singulares con entidades de iniciativa social como o presente poderán ter carácter plurianual con vistas a «garantir un marco estable que favoreza e facilite a mellor prestación dos servizos, plans e programas, sen prexuízo da súa posible resolución anticipada por incumprimento, por inexistencia sobrevida das razóns especiais que o xustificaron ou calquera outra causa establecida regulamentariamente ou no propio convenio».

I.7. Para estes efectos, no orzamento da Concellería de Política Social do ano 2026 existe consignación de crédito na aplicación nº 2310.480.00.05 – *Asociación Galega San Francisco*, por un importe de 8.000€. O seu réxime é o de concesión directa a teor dos artigos 22.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e 19.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

As achegas correspondentes a futuros exercicios (2027, 2028 e 2029) estarán condicionadas ó cumprimento dos obxectivos propostos, á existencia de crédito adecuado e suficiente nos correspondentes orzamentos municipais e á inclusión (mantemento) desta liña de subvencións (“Liña 1.3. Persoas enfermas e persoas con dependencias / 1.7. Atención ás familias e unidades de convivencia”: Convenio Asociación San Francisco) no novo Plan Estratégico de Subvencións (PES) que substitúa ó vixente PES 2024-2026.





CONCELLO DE VIGO

Expte. 2141/1102

I.8. A concesión desta subvención nominativa artéllase mediante un convenio de colaboración que contempla as prescricións que sinala a Base 40 das de Execución do Orzamento; competencias de aplicación, contraprestación económica ós gastos que representa a acción por desenvolver, órgano de colaboración, seguimento da materia conveniada, aclaración de diverxencias, vixencia, etc.

Polo exposto, xustifícase a necesidade e conveniencia de aprobar o novo Convenio de colaboración coa “Asociación Galega San Francisco” (AGASFRA) para o período 2026-2029, dando continuidade así ós subscritos anteriormente para os exercicios de 2018, 2019-2021 e 2022-2025.

II. PROPOSTA DE ACORDO

En consecuencia, visto o que antecede, o Informe/Memoria xustificativa da Xefa do Servizo, a orde de inicio do expediente da Concelleira de Política Social e a proposta de convenio de colaboración elaborada, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

«ACORDO

PRIMEIRO.- Aprobar o CONVENIO DE COLABORACIÓN entre o Concello de Vigo (Concellería de Política Social) e a “Asociación Galega San Francisco” (AGASFRA), CIF nº G-36613891, para a execución do proxecto: «XORNADAS DE CONVIVENCIA ENTRE AS PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL DE AGASFRA E AS SÚAS FAMILIAS E OBRADOIROS DE ESTIMULACIÓN E LECER PROMOVIDOS POLO CONCELLO DE VIGO» - ANOS 2026-2029» (Exp. nº 298750/301).

SEGUNDO.- Aprobar o gasto por importe de 8.000€ con cargo á aplicación nº 2310.480.00.05 – *Asociación Galega San Francisco* do orzamento vixente. As achegas correspondentes a futuros exercicios (2027, 2028 e 2029) estarán condicionadas ó cumprimento dos obxectivos propostos, á existencia de crédito adecuado e suficiente nos correspondentes orzamentos municipais e á inclusión (mantemento) desta liña de subvencións (“Liña 1.3. *Persoas enfermas e persoas con dependencias* / 1.7. *Atención ás familias e unidades de convivencia*”: *Convenio Asociación San Francisco*) no novo Plan Estratéxico de Subvencións.

TERCEIRO.- Publicar a subvención concedida no “Portal da Transparencia e Bo Goberno” do Concello de Vigo (<http://transparencia.vigo.org>) e remitir a información precisa á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), na que se deberá rexistrar unha “convocatoria instrumental” e os datos estruturados inmediatamente despois da concesión».

Non obstante, a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime mais conveniente para os intereses municipais.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe

S.ord. 14/08/2026



«CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL DO CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN GALEGA S. FRANCISCO (AGASFRA) PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO: “XORNADAS DE CONVIVENCIA ENTRE AS PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL DE AGASFRA E AS SÚAS FAMILIAS E OBRADOIROS DE ESTIMULACIÓN E LECER PROMOVIDOS POLO CONCELLO DE VIGO” (ANOS 2026-2029)».

En Vigo, na Casa do Concello, o [data da sinatura electrónica]

COMPARECEN

Dunha parte,

A Concelleira da Área de goberno de Política Social e Participación cidadá do Concello de Vigo, D^a Yolanda Aguiar Castro, asistida pola Secretaria de Goberno local.

Doutra parte,

D. Eladio Fernández Pérez, con DNI nº ***4267**, Presidente da “Asociación Galega S. Francisco (AGASFRA)”, CIF nº G-36613891, con enderezo para os efectos de notificación na rúa de Cangas nº 14 de Vigo (CP 36209).

INTERVEÑEN

D^a. Yolanda Aguiar Castro, na súa condición de Concelleira da Área de goberno de Política Social e Participación cidadá do Concello de Vigo, de acordo coas Resolucións da Alcaldía – Presidencia de estruturación dos servizos corporativos do Concello de Vigo e delegación de competencias, xenéricas e específicas, nos/as concelleiros/as (2023-2027), na Resolución do 25.09.2025 de delegación de competencias na Área de Goberno de Política Social e Participación Cidadá (BOPPO n.º 186, do 30.09.2025) e na Resolución do 20.06.2023, de delegacións xenéricas en concelleiros/as de Área de goberno e concelleiros/as delegados/as (BOPPO n.º 124, do 28.06.2023; Apdo. Primeiro, j).

D. Eladio Fernández Pérez, actuando en representación da “Asociación Galega San Francisco” (AGASFRA), segundo así resulta dos seus estatutos e da documentación achegada, asegurando o comparecente a vixencia do seu cargo e que tales facultades non lle foron revogadas.

A Secretaria de Goberno local, ós meros efectos de asistencia á Sra. Concelleira e dación da fe pública no outorgamento do presente documento.

Os/As comparecentes, no concepto en que interveñen, recoñécense recíprocamente a lexitimación e a capacidade legal necesaria para o outorgamento e formalización do presente Convenio e, como antecedentes e motivación deste acordo de vontades,

EXPOÑEN

I.- Que a “Asociación Galega San Francisco” (AGASFRA) é unha asociación privada sen ánimo





CONCELLO DE VIGO

Expte. 2141/1102

de lucro constituída formalmente en 1969, inscrita no Rexistro Nacional de Asociacións co nº 8.696, declarada de utilidade pública en 1971 e inscrita tamén no Rexistro central de Asociacións da Comunidade Autónoma Galega co nº 67-1/1998, no Rexistro Municipal de Asociacións (nº 00474-96) e no Rexistro de entidades prestadoras de servizos sociais de Galicia (RUEPSS nº E-0111).

A Asociación leva traballando desde hai moitos anos na protección das persoas con discapacidade intelectual e a axuda ás súas familias. Ten como fins específicos, entre outros, acadar a efectiva realización da promoción integral das persoas con discapacidade, fomentar e potenciar o movemento asociativo de pais e familiares afectados e promocionar, amparar ou tutelar os centros e servizos que realicen labores de prevención e atención precoz destas persoas.

Para o cumprimento deses fins e de acordo cos seus Estatutos, AGASFRA ven desenvolvendo diferentes servizos e actividades de apoio e estimulación, educativas, asistenciais, laborais, de lecer e tempo libre, etc.

II.- Que, dentro das referidas actividades estatutarias, AGASFRA leva a cabo diversas actividades e obradoiros, como os que son obxecto deste convenio, que ten como obxectivo promover ás persoas con discapacidade intelectual e integrar ós/ás profesionais e ás familias nunha intercomunicación de acción conxunta que permita mellorar a súa calidade de vida e o seu desenvolvemento persoal e social.

III.- Que a Concellería de Política Social é coñecedora da existencia dun colectivo de persoas na cidade afectadas por discapacidades de tipo psíquico e sensorial que teñen a necesidade de acudir a este tipo de recursos para mellorar a súa calidade de vida e a das súas familias; recursos que constitúen un complemento dos servizos dos que dispón o Concello de Vigo.

IV.- Que de acordo co Art. 25.1 da LRBRL, o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, exercendo en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación estatal e autonómica, en materias tales como: «*avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a personas en situación ou risco de exclusión social*»; servizo declarado obrigatorio para os municipios de poboación superior a 20.000 habitantes (Arts. 25.2.e] e 26.1.c] LRBRL).

A teor da reforma introducida pola L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración local (LRSAL), a competencia en materia de «*prestación dos servizos sociais, promoción e reinserción social*» residenciase na Admón. autonómica. Así e todo, a L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, aprobada polo Parlamento de Galicia na súa sesión plenaria do 27.05.2014 (DOG nº 102, do 30.05.2014), considera que “*non se entenderá como exercicio de novas competencias*”, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

Ademais, sinala claramente que, con carácter xeral, as competencias atribuídas ás EELL pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da LRSAL: «*continuarán exercéndoseas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre a asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais*»; e

S.ord. 14/08/2026



aclara que as competencias que a CA de Galicia deberá asumir en materia de educación, saúde e servizos sociais: «*continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas Locais previsto nela*» (Disps. Adics. 1ª e 4ª L.5/2014).

V.- Que a L.13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, atribúe competencias ós concellos nesta materia e prescribe que os poderes públicos fomentarán no ámbito dos servizos sociais, o desenvolvemento de actuacións solidarias por entidades de iniciativa social sempre que se axusten ós requisitos de autorización, calidade e complementariedade establecidos na lei e que o cumprimento dos fins das entidades de iniciativa social promoverase mediante o outorgamento de subvencións, que se concederán atendendo ó interese social dos distintos servizos e proxectos, á súa complementariedade coa oferta pública de servizos sociais, a calidade e ó carácter innovador das prestacións de servizos ofertados, á eficiencia no emprego de fondos públicos e á súa adecuación os obxectivos fixados pola planificación autonómica en materia de servizos sociais.

De feito, a propia L.13/2008 posibilita que, sen prexuízo da aplicación ordinaria do réxime aberto de concorrência competitiva na xestión das subvencións, por razóns xustificadas de interese público poderanse subscribir convenios singulares con entidades de iniciativa social debidamente autorizadas para a prestación de servizos sociais cando por razóns humanitarias ou de emerxencia social, ou ben cando pola singularidade das características da entidade, a especificidade dos servizos que presta ou a especial vulnerabilidade das persoas usuarias, non sexa posible ou conveniente promover a concorrência pública.

Estes convenios poderán ter carácter plurianual con vistas a garantir un marco estable que favoreza e facilite a mellor prestación dos servizos, plans e programas, sen prexuízo da súa posible resolución anticipada por incumprimento, por inexistencia sobrevida das razóns especiais que o xustificaron ou calquera outra causa establecida regulamentariamente ou no propio convenio.

VI.- Que a subvención que se instrumenta mediante este Convenio de colaboración está prevista nominativamente para o ano 2026 nos orzamentos municipais, polo que ten a consideración de subvención directa segundo o disposto nos Arts. 22.2 e 28 da L.38/2003, xeral de subvencións e 19.4 e 26 da L.9/2007, de subvencións de Galicia, e, a mais abundamento, acredítanse razóns de interese público, social e humanitario para a súa concesión.

VII.- Que o presente Convenio de colaboración contempla as prescricións que sinala a Base nº 40 das de execución do Orzamento relativas a competencias de aplicación, contraprestación económica ós gastos que representa a acción a desenvolver, órgano de colaboración, seguimento da materia conveniada, aclaración de diverxencias, vixencia, etc.

Exposto o que antecede, as partes intervincentes conclúen este Convenio a fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, con suxeición ás seguintes,

ESTIPULACIÓNS

PRIMEIRA.- Constitúe o obxecto deste Convenio de colaboración a regulación dos termos da concesión da subvención directa prevista nominativamente nos orzamentos xerais do Concello de Vigo a favor da "Asociación Galega San Francisco" (AGASFRA) para a execución do proxecto: "XORNADAS DE CONVIVENCIA ENTRE AS PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELEC-





CONCELLO DE VIGO

Expte. 2141/1102

TUAL DE AGASFRA E AS SÚAS FAMILIAS E OBRADOIROS DE ESTIMULACIÓN E LECER PROMOVIDOS POLO CONCELLO DE VIGO" (ANOS 2026-2029)».

SEGUNDA.- Para estes efectos, AGASFRA comprométese a colaborar coa Concellería de Política Social no desenvolvemento dos obradoiros de autonomía persoal e de estimulación e lecer previstos na Memoria da actividade, que se desenvolverán durante toda a vixencia do Convenio, de acordo cos obxectivos e previsións que figuran na proposta presentada pola Asociación e que constan no expediente de referencia.

TERCEIRA.- AGASFRA comprométese tamén a:

1)Que as actividades sexan impartidas por técnicos especialistas na materia. A Asociación poderá contratar a cantas persoas crea adecuadas para a correcta execución do obradoiro, suxeitándose ás condicións laborais vixentes, sen que isto supoña a existencia de relación laboral de ningunha clase desas persoas co Concello de Vigo.

2)Someterse á lexislación vixente en materia sanitaria e de seguridade para as persoas usuarias do Programa, facéndose responsable dos eventuais danos e perdas que se poidan derivar do seu incumprimento.

3)Cumprir, en xeral, coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

4)Presentar oficialmente toda a documentación relativa ó Convenio a través do Rexistro electrónico municipal, en cumprimento da obriga legal de relacionarse a través de medios electrónicos coas Administracións Públicas establecida no Art. 14.2.a) da L.39/2015, do 01 de outubro (LPA-CAP).

CUARTA.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a conceder directamente á "Asociación Galega San Francisco" (AGASFRA) unha subvención para o exercicio de 2026 por importe de 8.000€. O gasto imputarase á aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.05 –*Asociación Galega San Francisco*.

As achegas correspondentes a futuros exercicios (2027, 2028 e 2029) estarán condicionadas ó cumprimento dos obxectivos propostos, á existencia de crédito adecuado e suficiente nos correspondentes orzamentos municipais e á inclusión (mantemento) desta liña de subvencións ("*Liña 1.3. Persoas enfermas e persoas con dependencias / 1.7. Atención ás familias e unidades de convivencia*": *Convenio Asociación San Francisco*) no novo Plan Estratéxico de Subvencións (PES) que substitúa ó vixente PES 2024-2026.

Xustifícase expresamente o período de vixencia deste Convenio no disposto no Art. 31 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, segundo o que os convenios singulares con entidades de iniciativa social como o presente poderán ter carácter plurianual con vistas a «*garantir un marco estable que favoreza e facilite a mellor prestación dos servizos, plans e programas, sen prexuízo da súa posible resolución anticipada por incumprimento, por inexistencia sobrevida das razóns especiais que o xustificaron ou calquera outra causa establecida regulamentariamente ou no propio convenio*».

QUINTA.- O réxime de pagamentos acordado é o seguinte:

S.ord. 14/08/2026



- No ano 2026, o 50% da cantidade anual á sinatura do convenio. Nos anos 2027, 2028 e 2029, o 50% da cantidade anual, no primeiro trimestre do ano. Para tal efecto deberán achegar o proxecto para o exercicio en curso e a Memoria anual completa do exercicio anterior¹. Ó concorrer razóns de interese público, social e humanitario que determinan a concesión da subvención e tendo en conta o carácter da beneficiaria como unha entidade non lucrativa adicada a desenvolver programas con fins sociais, que presenta necesidades financeiras demostradas que lle impiden realizar cos seus propios medios a actividade subvencionada, considérase necesario convenir un pago anticipado por importe do cincuenta por cento do total da subvención. De acordo co artigo 42 do RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o Regulamento da Lei xeral de subvencións, as entidades non lucrativas que desenvolvan proxectos e programas de acción social quedarán exoneradas da constitución de garantías.
- O 50% restante, unha vez xustificadas os gastos realizados ata o 1 de novembro de cada un dos catro (4) exercicios, mediante facturas orixinais (pagadas) ou demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil e con eficacia administrativa, acreditativos dos gastos e presentación de Memoria de actuación. Ó anterior unirase unha certificación do cumprimento do Convenio asinada polo/a funcionario/a responsable do programa. A Memoria deberá incluír necesariamente, entre outros, os datos completos relativos ás persoas usuarias participantes nas actividades executadas en virtude deste Convenio.

Para poder realizar o pagamento anticipado previsto será necesario que a entidade presente previamente unha declaración responsable de non está incurso en ningunha das prohibicións e/ou circunstancias indicadas no Art. 34.4 pfo. 3º da L.38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, como impeditivas para a realización de pagamentos anticipados a beneficiarios de subvencións.

SEXTA.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen durante a vixencia do Convenio (2026-2029).

SÉTIMA.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra Administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais. Con todo, a beneficiaria deberá comunicar ó Concello de Vigo a obtención doutras posibles subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos. En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no Art. 34 do RD.887/2006, do 21 de xullo.

OITAVA.- Se o custo total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ó Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

1 A Memoria deberá incluír necesariamente, entre outros, os datos completos relativos ás persoas participantes nas diferentes actividades incluídas no proxecto subvencionado.





CONCELLO DE VIGO

Expte. 2141/1102

NOVENA.- O Convenio perfeccionarase pola prestación do consentimento das partes, entrará en vigor no momento da súa sinatura e estará vixente ata a completa execución do proxecto ó que se refire. Para os efectos do establecido na L.40/2015 (Art. 49.h) e Disp. Adic. Oitava), o seu prazo de vixencia será de catro (4) anos (2026 – 2029), condicionado ó cumprimento dos obxectivos, á existencia de crédito orzamentario adecuado e suficiente en cada un dos exercicios e á inclusión (mantemento) desta liña de subvencións no novo Plan Estratéxico de Subvencións.

DÉCIMA.- Calquera alteración do contido deste Convenio precisará do acordo das partes asinantes e da autorización municipal do órgano competente e se instrumentará mediante a correspondente *Addenda*.

DÉCIMO PRIMEIRA.- O Convenio extinguirase, ordinariamente, polo cumprimento total das actuacións que constitúen o seu obxecto ou ben por acordo unánime das partes, por decisión xudicial declaratoria da súa nulidade ou por incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por cadaquén. Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumplidora un requirimento para que cumpra nun determinado prazo coas obrigas ou compromisos que se consideran incumplidos. De se incumprir tal requirimento procederá a resolución do Convenio e, de ser o caso, a existencia da indemnización que proceda polos danos e perdas ocasionados. En todo caso, tocante ós efectos da resolución do Convenio estarase ó disposto na súa normativa reguladora (Art. 52 LRXSP e ccetes.).

DÉCIMO SEGUNDA.- Como mecanismo de coordinación e solución de posibles controversias na súa aplicación, constituirase unha Comisión mixta de Seguimento do Convenio que estará composta por dous representantes de AGASFRA e dous representantes municipais e presidida polo/a Concelleiro/a da Área.

DÉCIMO TERCEIRA.- A beneficiaria comprométese a presentar antes do día 01 de novembro de cada un dos catro exercicios (2026, 2027, 2028 e 2029) a documentación xustificativa do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A xustificación deberá facerse conforme á previsión contida no artigo 30 da L.38/2003 e 28 da L.9/2007, coa estrutura de conta xustificativa prevista no artigo 72 do RD.887/2006, que conterá memoria de actuación xustificativa e memoria económica xustificativa.

Para tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos efectuados, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiasen tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá achegarse necesariamente a través da sé electrónica do Concello de Vigo (<https://sede.vigo.org/expedientes/sede/?lang=gal#2>) por calquera dos mecanismos de identificación admitidos nela e incluírá unha relación de todos os xustificantes de pagamento dos gastos efectuados.

Os documentos que conformarán a xustificación da subvención serán:

-Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá:

1. Unha relación clasificada dos gastos subvencionados, con identificación do acreedor e do documento, o seu importe, datas de emisión e pagamento. Poden incluírse nesta relación as previsións de gastos periódicos ininterrompidos correspondentes ó período 01 de novembro – 31 de decembro de cada exercicio.

S.ord. 14/08/2026



2. Nóminas, contratos de traballo e documentos acreditativos do pagamento das cotas da Seguridade Social (RNT e RLC).
3. Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.
4. Unha declaración responsable do perceptor, acreditativa dos seguintes extremos:
 - Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.
 - Que foron abonadas ós seus expedidores ou, no seu caso, ós titulares do dereito que incorporan.
 - Que se atopa ó corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, para os efectos previstos no artigo 31 da L.9/2007, de subvencións de Galicia.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Poderase substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total (Base 38.4 execución orzamentos).

As facturas deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas que non reúnan as esixencias previstas na normativa reguladora das obrigas de facturación (RD.1619/2012, do 30 de novembro). Nestas facturas computarase o gasto acreditado deducindo o IVE, a non ser que se xustifique a exención deste imposto.

Será esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel, reflectíndose nunha Táboa todos os gastos acreditados mediante as mesmas.

Se a beneficiaria da axuda solicitase a devolución dos xustificantes orixinais que se tiveron en conta para facer a fiscalización e o pagamento, se estes fosen facturas en papel, o servizo xestor das axudas procederá á súa devolución, obtendo os orixinais do expediente electrónico, que serán substituídas con copias validadas que serán enviadas polo servizo xestor do gasto, procedendo ó “*estampillado*” de todas as facturas orixinais retiradas, na que se fará constar, que a devandita factura foi tida en conta na conta xustificativa da subvención outorgada polo servizo, que quedará reflectida no corpo da factura. En ningún caso serán retirados os orixinais sen achegar copias compulsadas que substituirán aos orixinais.

No caso de xustificación con facturas electrónicas, no documento asociado á factura electrónica, farase constar esta circunstancia. De non ser posible esta acreditación, a xefatura do servizo, ante a solicitude do beneficiario, emitirá un informe no que se acreditará os números de facturas que se tiveron en conta para xustificar a subvención ante o Concello (Base 38.4.B] execución orzamentos).

DÉCIMO CUARTA.- Antes de proceder ó pagamento da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e non ser debedora





CONCELLO DE VIGO

Expte. 2141/1102

por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ó abeiro do Art. 31.7 e) da L.9/2007, de subvencións de Galicia.

DÉCIMO QUINTA.- A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión será comprobada polos servizos da Concellería de Política Social. O/a responsable técnico/a do Programa emitirá informe ó respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

DÉCIMO SEXTA.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Política Social e pola Intervención xeral municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

DÉCIMO SÉTIMA.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de mora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da L.9/2007. Cando o incumprimento se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

DÉCIMO OITAVA.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención e ó procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ó disposto no Título IV da L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e nos preceptos da LRXSP (L.40/2015) e da LPACAP (L.39/2015) relativos ó exercicio da potestade sancionadora.

DÉCIMO NOVENA.- Para o caso de que a entidade beneficiaria realice algún tipo de publicidade ou difusión das actividades do Programa, deberá dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal, previa conformidade da Concellería de Política Social e incluír de maneira explícita os seus logotipos de identificación corporativa.

VIXÉSIMA.- En cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 sobre protección de datos de carácter persoal, da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e das demais disposicións vixentes nesta materia, infórmase que os datos da entidade beneficiaria e os dos seus representantes serán incorporados ós correspondentes ficheiros municipais baixo a responsabilidade do Concello de Vigo e ás bases de datos de xestión municipal e de Benestar social. A finalidade da súa recollida e tratamento é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto deste Convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e as demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións públicas, en orde á conclusión do proceso de subvencións.

Poderán ser cedidos a outras Administracións, organismos e institucións, asumindo estas as obrigas dos responsables de tratamento de datos. Tamén poderán ser cedidos en cumprimento dun mandato legal ou xudicial e verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade. A base lexitimadora do tratamento previsto reside no consentimento expreso das persoas que representan á entidade beneficiaria e no exercicio lexítimo das competencias municipais atribuídas pola normativa de réxime local e sectorial de servizos sociais. As persoas interesadas poden exercer os dereitos de

S.ord. 14/08/2026



acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es). Disporán de máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: dpd.vigo@vigo.org

VIXÉSIMO PRIMEIRA.- A concesión da subvención obxecto deste Convenio rexerá pola L.38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o seu Regulamento, nos seus preceptos básicos, a lexislación básica do Estado en materia de réxime local, a L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os preceptos non básicos da L.38/2003 e do RD.887/2006, polos pactos que se conteñen neste Convenio, as Bases de execución dos vixentes Orzamentos municipais, o Plan Estratéxico de Subvencións (PES) e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E en proba de conformidade, as partes asinan o presente documento por duplicado exemplar, no lugar e data expresados no encabezamento, de todo o que eu, como Secretaria de Goberno Local, dou fe.

7(687).- PROPOSTA PARA DECLARAR DE DESERTO DO PROCEDIMENTO ABERTO PARA A SELECCIÓN DUNHA MUTUA COLABORADORA DA SEGURIDADE SOCIAL. EXPTE. 47676/220.

Sométese a aprobación a proposta da Mesa de Contratación realizada en data 06/08/2026, que di o seguinte:

11. Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a selección dunha mutua colaboradora da Seguridade Social (47676-220) (declaración deserto)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares do procedemento aberto para a selección dunha mutua colaboradora da Seguridade Social (47676-220)

ANTECEDENTES





CONCELLO DE VIGO

Expte. 2141/1102

Primeiro.- Con data do 27 de marzo de 2026 a Xunta de Goberno local acordou aprobar o expediente para a contratación, por procedemento aberto para a selección dunha mutua colaboradora da Seguridade Social (47676-220).

Segundo.- O procedemento foi obxecto de publicación no perfil de contratante o 10 de abril de 2026, rematando o prazo de presentación de ofertas o día 27 do mesmo mes.

Terceiro.- Segundo consta no listado de licitadores da Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral de data 28 de abril de 2026, durante o prazo de recepción de ofertas, presentou ofertas, unicamente, FREMAP MUTUA DE AT.

Cuarto.- A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 7 de novembro de 2025), o 4 de xuño de 2026 adoptou a resolución de clasificación que é notificada a FREMAP MÚTUA DE AT o día 5 do mesmo mes xunto co requirimento da documentación do artigo 150.2 LCSP.

A candidata presenta documentación en prazo e unha vez comprobada a mesma, a Mesa de Contratación acorda por unanimidade dos/as membros presentes, outorgarlle un prazo de 3 días naturais para que puidera emendala. En concreto debía presentar:

- Acreditación do apoderamento do seu representante xa que o achegado soamente inclúe apoderamento de facultades relacionadas coa solicitude, e outros aspectos, de certificados electrónicos de persoa xurídica.
- Acreditación de parte da habilitación profesional, segundo o esixido na cláusula 17.3.4 do PCAP, xa que entre a documentación achegada non figuran os Estatutos da Mutua Colaboradora polo que deberán achegar este documento.
- Acreditación da solvencia técnica e profesional, segundo o requirido na cláusula 17.3.3 do PCAP que establece que esta solvencia acreditarse mediante *“Unha relación dos principais colectivos cubertos nos tres últimos anos que inclúa: datas de subscrición do contrato ou convenio de colaboración, vixencia e prorrogas no seu caso, e número de traballadores cubertos polos mesmos. Deberá acreditarse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público; ou cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario, acompañado dos documentos que consten no seu poder que acrediten a realización da prestación”* xa que unicamente consta achegado unha relación na que figuran soamente a data de efecto e o número de traballadores.
- Certificado positivo de débedas da ATRIGA xa que consultada a plataforma de intermediación da Xunta de Galicia consta que a licitadora non se atopa ao corrente nas súas obrigas.

Quinto.- Dentro do prazo concedido a candiadta presenta documentación e revisada a mesma polo servizo de Contratación compróbase que, no referido á acreditación da inexistencia

S.ord. 14/08/2026



de débedas coa ATRIGA mediante o correspondente certificado positivo da axencia, FREMAP MÚTUA DE AT non achega este certificado senón un escrito no que explica que a débeda *“tiene su origen en incidencias de carácter administrativo derivadas de la emisión y tramitación de determinadas facturas por parte de organismos ajenos a esta Entidad, encontrándose dicha situación pendiente de revisión y regularización por los organismos competentes.*

Asimismo, se hace constar que la referida incidencia no responde a un incumplimiento de las obligaciones tributarias o de Seguridad Social por parte de FREMAP, sino a una situación administrativa actualmente en proceso de subsanación.

Como consecuencia de la incidencia descrita, y mientras no concluya el correspondiente procedimiento de regularización, ATRIGA mantiene reflejados unos importes pendientes que impiden temporalmente la emisión de un certificado positivo de inexistencia de deudas ante dicho organismo”.

O servizo de Contratación, en data 28 de xullo de 2026, envía solicitude á ATRIGA para aclaración sobre as débedas pendentes da candidata que emite informe con data 30 do mesmo mes no que indica que, con respecto ás tres facturas pendentes de anulación en vía de constrinximento, todas figuran xa anuladas, ben porque xa o foran anteriormente ou ben porque o foron ante a solicitude de aclaración do Concello.

Tendo en conta o informe da ATRIGA, o servizo de Contratación procede, en data 5 de agosto de 2026 a solicitar, de oficio, novo certificado de débedas que se incorpora ao expediente e no que consta que a candidata, FREMAP MÚTUA DE AT, segue a ter débedas con esta axencia.

Con respecto ao resto de documentación presentada pola candidata no prazo concedido para emenda, a Mesa de Contratación comproba que por un lado, presenta correctamente a referida á acreditación do apoderamento do seu representante e á acreditación de parte da habilitación profesional; polo contrario, a documentación acreditativa da solvencia técnica e profesional non é correcta xa que presenta unha relación de entidades ás que presta o servizo de mutua colaboradora xunto con un certificado asinado dixitalmente polo seu representante, no que indica que *“las empresas relacionadas en el documento adjunto, debidamente identificadas mediante su correspondiente CIF, mantienen formalizada su asociación con FREMAP, Mutua Colaboradora con la Seguridad Social nº 61, figurando en nuestros registros el número de documento de asociación y la fecha de inicio de vigencia del correspondiente convenio de asociación.*

Asimismo, se hace constar que dicha información puede ser contrastada y verificada a través de las bases de datos de la Tesorería General de la Seguridad Social.

Del mismo modo, se certifica que FREMAP, en su condición de Mutua Colaboradora con la Seguridad Social, es la entidad competente para acreditar la existencia y vigencia de los convenios de asociación suscritos con las empresas protegidas respecto de las contingencias profesionales derivadas de accidente de trabajo y enfermedad profesional, siendo por tanto el organismo legitimado para emitir la presente certificación.”

Tendo en conta que a cláusula 17.3.3 do PCAP establece que a solvencia profesional e técnica acreditarase mediante *“Unha relación dos principais colectivos cubertos nos tres últimos anos que inclúa: datas de subscrición do contrato ou convenio de colaboración, vixencia e prorrogas no seu caso, e número de traballadores cubertos polos mesmos. Deberá*





CONCELLO DE VIGO

Expte. 2141/1102

acreditarse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público; ou cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario, acompañado dos documentos que consten no seu poder que acrediten a realización da prestación", a documentación presentada non se pode considerar correcta.

Sexto.- Á vista de todo anterior, á Mesa de Contratación acorda por unanimidade dos/as membros presentes, entender non cumprido o requirimento do artigo 150.2 da LCSP por parte de FREMAP MÚTUA DE AT, por non ter presentada correctamente a documentación acreditativa da solvencia técnica e profesional e a documentación acreditativa de non ter débedas coa ATRIGA, e, en consecuencia propor, ao órgano de contratación, a declaración de deserto do presente procedemento, ao ser o único candidato admitido.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A Mesa de Contratación é competente para propoñer deserta o procedemento, ao abeiro do previsto no artigo 22.1g do Real Decreto 817/2009, no que se regulan as funcións das Mesas de Contratación.

Dado que a única candidata admitida non cumpriu o requirimento do artigo 150.2 da LCSP, compre declarar deserta este procedemento.

Segundo.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

Terceiro.- A declaración de deserto deberá publicarse no perfil do contratante do Concello de Vigo, aloxado na Plataforma de Contratos do Sector Público, tal e como dispón o artigo 63.3 da LCSP.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

"Primeiro.- Declarar deserto o procedemento aberto para a selección dunha mutua colaboradora da Seguridade Social (47676-220) por non cumprir correctamente, a única candidata admitida no mesmo, o requirimento do artigo 150.2 da LCSP.

Segundo.- Publicar o presente acordo no perfil de contratante en aplicación do establecido no artigo 63.3 da LCSP."

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe

S.ord. 14/08/2026



NESTE INTRE AUSÉNTASE DA REUNIÓN O CONCELLEIRO SR. RIVAS GONZÁLEZ.

8(688).- PROPOSTA PARA DECLARAR DESERTOS OS LOTES 1, 3, 4 E 5 DO PROCEDIMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE FORMIGÓNS E MORTEIROS, ÁRIDOS, MATERIAIS DE CONSTRUCIÓNS, MATERIAIS DE FERRETERÍA E FORMIGÓNS BITUMINOSOS. EXPTE. 96385/250.

Sométese a aprobación a proposta da Mesa de Contratación realizada en data 06/08/2026, que di o seguinte:

2.- Cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos (procedementos abertos)

a) Procedemento aberto para a contratación do subministro de formigóns e morteiros, áridos, materiais de construcións, materiais de ferretería e formigóns bituminosos (96385-250) (declaración de deserto)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares do procedemento aberto para a contratación do subministro de formigóns e morteiros, áridos, materiais de construcións, materiais de ferretería e formigóns bituminosos (96385-250)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 26 de xuño de 2026 a Xunta de Goberno local acordou aprobar o expediente para a contratación, por procedemento aberto, do subministro de formigóns e morteiros, áridos, materiais de construcións, materiais de ferretería e formigóns bituminosos (96385-250).

Segundo.- A licitación foi obxecto de publicación no Diario Oficial da Unión Europea e no perfil de contratante o 25 de xuño de 2026, rematando o prazo de presentación de ofertas o 23 de xullo de 2026.





CONCELLO DE VIGO

Expte. 2141/1102

Terceiro.- Segundo consta no listado de licitadores da Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral de data 24 de xullo de 2026, non se presentou ningunha proposición para os lotes 1, 3, 4 e 5 desta licitación.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 6 de agosto de 2026 acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a declaración de deserto dos lotes 1,3,4 e 5 deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- O artigo 150.3 LCSP establece que non se poderá declarar deserta unha licitación existindo ofertas ou proposicións admisibles de acordo cos criterios establecidos nos pregos. A sensu contrario, a non existencia de proposicións admisibles leva á posibilidade de declaración de deserta da licitación.

Neste caso, non se presentaron proposicións para os lotes 1, 3, 4 e 5 desta licitación, tal e como consta no listado de licitadores da Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral de data 24 de xullo de 2026, polo que procede declarar deserta a licitación.

Segundo.- A Mesa de Contratación é competente para propoñer deserta a licitación, ao abeiro do previsto no artigo 22.1.g do Real decreto 817/2009, no que se regulan as funcións das Mesas de Contratación.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

Cuarto.- A declaración de deserto deberá publicarse no perfil do contratante do Concello de Vigo, aloxado na Plataforma de Contratos do Sector Público, tal e como dispón o artigo 63.3 da LCSP.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Declarar desertos os lotes 1, 3, 4 e 5 do procedemento aberto para a contratación do subministro de formigóns e morteiros, áridos, materiais de construcións, materiais de ferretería e formigóns bituminosos (96385-250) por non terse presentado ningunha proposición.

Segundo.- Publicar este acordo no perfil de contratante en aplicación do establecido no artigo 63.3 da LCSP”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe

S.ord. 14/08/2026



VOLVE A INCORPORARSE A REUNIÓN O CONCELLEIRO SR. RIVAS GONZÁLEZ.

9(689).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO MANTEMENTO, IMPLEMENTACIÓN E DESENVOLVEMENTO ESPECÍFICO DO SOFTWARE INFORMÁTICO DE XESTIÓN DO SERVIZO DE DEPORTES. EXPTE. 8048/611.

Visto o informe xurídico de data 04/08/2026 e o informe de fiscalización do 10/08/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 09/07/2026, asinado polo adxunto á Xefatura do Servizo de Deportes-director técnico, o xefe do Servizo de Deportes-director deportivo e conformado polo concelleiro delegado, o concelleiro da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I.- NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP) no que no se opoña á Lei 9/2017.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALGA).

II.- ANTECEDENTES:

1.- O Servizo de Deportes ten, entre as súas competencias, a xestión das instalacións deportivas municipais, para o que precisa contratar o subministro das licencias para o mantemento da aplicación de xestión do Servizo de Deportes e desenvolvementos específicos do software informático como ferramenta básica para a xestión electrónica das actividades deportivas nas instalacións deportivas municipais dependentes da Concellería de Deportes (Deporwin-Deporsite).

2.- Este contrato está incluído no Plan anual de contratación do Concello de Vigo para o exercicio 2026, aprobado pola Xunta de Goberno local na sesión do 19 de decembro de 2026 e publicado na plataforma de contratación.

3.- En virtude do anterior, para a realización deste contrato mixto, en data 27.05.2026 emítese informe de necesidade e idoneidade asinado polo adxunto á xefatura do Servizo de Deportes e polo xefe do Servizo de Deportes, ao abeiro do cal, o día 28.05.2026, o concelleiro-delegado de Deportes acordou o inicio do expediente de contratación.





CONCELLO DE VIGO

Expte. 2141/1102

4.- No expediente de contratación consta a documentación relacionada deseguido:

- a) Informe de xustificación da necesidade e idoneidade da contratación ao que se refire o artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP), coa resolución do concelleiro delegado que inicia o expediente (artigo 116 LCSP), de data 27.05.2026, asinado polo xefe do Servizo de Deportes, onde se indican as finalidades institucionais competencia da administración a satisfacer co obxecto do presente contrato.
- b) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo concelleiro-delegado de Deportes o día 28.05.2026..
- c) Prego de Prescricións Técnicas (artigo 116.3 LCSP), asinado o 26.06.2026, polo adxunto á xefatura do Servizo de Deportes e polo xefe do Servizo de Administración Electrónica.
- d) Memoria económica, asinada o 26.06.2026, polo adxunto á xefatura do Servizo de Deportes e polo xefe do Servizo de Administración Electrónica, que é conformada o 29.06.2026 polo concelleiro-delegado de Deportes.
- e) Certificado de crédito do 17.03.2026 e documentos RC definitivo nº 12026000024397 e RC FUT nº 12026000024398 de data 16.03.2026, asinados polo asinado pola Dirección Superior Contable e Orzamentaria.
- f) Memoria xustificativa para a elaboración do PCAP asinado o día 26.06.2026 polo adxunto á xefatura do Servizo de Deportes e o 29.06.2026 polo xefe do Servizo de Deportes, que é conformada na mesma data polo concelleiro-delegado de Deportes.
- g) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, asinado o día 6.07.2026, pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos e a Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación.
- h) Informe da Área de Contratación e Novos Proxectos, asinado o día 6.07.2026, pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos e a Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación, relativo a que o presente expediente reúne toda a documentación esixida pola lexislación en vigor.

III.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS.

Primeiro.- A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (Artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (Disposición adicional 2ª.4 da LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 22.06.2023), aos concelleiros de área.

Segundo.- O expediente refírese á totalidade do obxecto, de conformidade co requirido polo artigo 116.2 da LCSP, e incorpora o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e o Prego de Prescricións Técnicas, que rexen o contrato.

Terceiro.- Dado o obxecto o tipo de contrato é o mixto (art. 18 LCSP), o procedemento elixido para a contratación é o procedemento aberto simplificado abreviado (art. 159.6 LCSP), polo que non precisa máis xustificación.

S.ord. 14/08/2026



Cuarto.- Na memoria xustifícase a non división en lotes (artigo 116.4.g) LCSP), o prezo e a súa xustificación (artigo 100 e seguintes LCSP), o prazo de duración e de execución (art. 29 LCSP), o valor estimado do contrato (artigo 116.4.d) LCSP), os criterios de adxudicación e fórmulas de valoración (artigo 145 e 146 LCSP). As condicións especiais de execución (art. 202.1 LCSP), o principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (artigo 7.3 d Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril).

Quinto.- De conformidade coa disposición adicional terceira, apartado 8 da LCSP e a disposición adicional oitava, apartado e) da Ley 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), se require o informe preceptivo da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.

Sexto.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ó previsto na Disposición adicional segunda apartado 11 da LCSP. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 117 LCSP) e implicará a aprobación do gasto.

Sétimo.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª.4 LCSP).

IV.- PROPOSTA:

A vista do exposto, e previo informe da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral do Concello de Vigo, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto simplificado de tramitación abreviada do “**CONTRATO DE SUBMINISTRO DE LICENCIAS PARA O SEU MANTEMENTO E SERVIZOS DE DESENVOLVEMENTO ESPECÍFICOS DO SOFTWARE INFORMÁTICO DE XESTIÓN DO SERVIZO DE DEPORTES. (EXPT. Nº 8048-611)**”, cun orzamento base de licitación que ascende a un total de CINCUENTA E TRES MIL SETECENTOS VINTE E CATRO EUROS, IVE INCLUÍDO (53.724,00 €).

Segundo.- Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas Particulares de data 26 de xuño de 2026 e o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, asinado con data 6 xullo do 2026, pola Área de Contratación.

Terceiro.- Autorizar o gasto que ascende a un total de CINCUENTA E TRES MIL SETECENTOS VINTE E CATRO EUROS, IVE INCLUÍDO (53.724,00 €), con cargo á partida orzamentaria 3420.2279907 “MANTEMENTO DE EQUIPOS E APLICACIÓNS INFORMÁTICAS”, coa seguinte distribución por anualidades:

ANUALIDADES	IMPORTE	MESES
2026(dende 15/08/2026)	9.993,25 €	4,5
2027	26.862,00 €	12





CONCELLO DE VIGO

Expte. 2141/1102

2028 (1/01/2028 a 14/08/2028)	16.868,75 €	7,5
----------------------------------	-------------	-----

Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe

10(690).- PROPOSTA DE ADMISIÓN A TRÁMITE E DE RESOLUCIÓN DAS RECLAMACIÓN PRESENTADAS AO ACORDO DE IMPOSICIÓN DA RECARGA MUNICIPAL SOBRE O IMPOSTO GALEGO SOBRE AS ESTADÍAS TURÍSTICAS E APROBACIÓN PROVISIONAL DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA. EXPTE. 3303/500.

Visto o informe de fiscalización de data 10/08/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 06/08/2026, asinado pola directora de Ingresos e Xestión Catastral delegada e conformado polo concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES:

I.- O 1 de xaneiro do 2025 entrou en vigor a Lei 5/2024, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas (DOG núm. 251, do 31/12/2024), que creou o Imposto Galego sobre as Estadías Turísticas na Comunidade Autónoma de Galicia, pero estableceu unha bonificación do 100% da cota tributaria (artigo 17), deixando en mans dos concellos galegos a decisión de establecer a contía a esixir ás persoas visitantes que realicen estancias turísticas, dentro dos topes que sinala o seu artigo 16, mediante un recargo sobre o imposto autonómico. Para o establecemento de tal recargo resulta necesaria a aprobación da correspondente ordenanza fiscal, como sinala o artigo 24 desta Lei.

II.- O Sr. Concelleiro da Área de Goberno Orzamentos e Facenda ditou orde de inicio de expediente de imposición e aprobación da Ordenanza Fiscal reguladora do recargo municipal sobre o Imposto Galego sobre as Estadías Turísticas (54) en data 12 de agosto de 2025.

III.- A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do 22 de agosto do 2025, acordou: *“Abrir o preceptivo trámite de consulta pública previsto no artigo 24.2 da Lei 5/2024, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas para a elaboración e aprobación da “Ordenanza fiscal reguladora do recargo municipal sobre o imposto autonómico ás estancias turísticas (54)” e no artigo 133 da Lei 39/2015, a través do enderezo <https://consulta.vigo.org> durante un prazo de 20 días hábiles, para que a cidadanía, as organizacións e as asociacións que así o consideren e, particularmente, as organizacións e*

S.ord. 14/08/2026



asociacións representativas do sector turístico, poidan facer chegar as súas opinións acerca dos aspectos que figuran no Anexo I ao presente acordo”.

IV.- Durante o período de consulta pública (de 25/08/2025 ata 22/09/2025) presentouse escrito por parte da AUTORIDAD PORTUARIA DE VIGO, mediante o documento 250237748 en data 05/09/2025.

V.- Incorporáronse ao expediente os seguintes informes: informe do Servizo de Montes, Parques e Xardíns; informe da Policía Local; informe do Servizo de Medio Ambiente; informe do Servizo de Comercio; informe do Servizo de Limpeza; informe do Servizo de Turismo; informe de xustificación da existencia do recargo por estancias turísticas e avaliación do impacto e eficacia destes para as finalidades pretendidas de 27/02/2026, informe previo de legalidade do Tribunal Económico-Administrativo Municipal de 04/03/2026, informe de impacto sobre a familia, a infancia e a adolescencia de 17/03/2026, informe de impacto de xénero de 20/03/2026 e informes da Intervención Xeral de fiscalización de conformidade de data 27/03/2026 e 10/04/2026.

VI.- En data 08/04/2026 o Sr. Concelleiro da Area de Goberno de Orzamentos e Facenda emitiu instrución de servizo instando a introdución no proxecto de ordenanza elaborado dos seguintes aspectos:

- “ - recargo do 0% para a terceira, cuarta e quinta pernocta ata o 30/06/2027 aos feitos imposíbles previstos no artigo 2.1.a), pasando a computarse un número máximo de cinco pernoctas para cada estadía a partir do 01/07/2027*
- aplicación das disposicións recollidas na ordenanza relativas ao recargo sobre o imposto cando o feito imposíble sexa a estadía en embarcacións de cruceiro turístico fondeadas ou amarradas no Porto de Vigo (artigo 2.1.b) cando realicen escala no mesmo a partir do 01/07/2027*
- ampliación do prazo de autoliquidación e ingreso do recargo, en aras de facilitar o cumprimento das obrigas tributarias polos suxeitos pasivos substitutos das persoas contribuíntes*

A introdución no proxecto de ordenanza dos anteriores aspectos insértase no exercicio dunha potestade discrecional, tendo en conta ademais o actual escenario xeopolítico mundial, que fai aconsellable e prudente establecer unha implantación progresiva do recargo sobre o Imposto Galego sobre as Estadías Turísticas, na liña do establecido no Real Decreto Lei 7/2026, do 20 de marzo, polo que se aproba o Plan Integral de Resposta á crise en Oriente Medio, que adopta un paquete de medidas para mitigar o impacto enerxético e económico nesta situación de conflito internacional”.

VII.- En data 09/04/2026 emitiuse informe complementario ao informe de 27/02/2026 de xustificación da existencia do recargo aos efectos de avaliar o impacto económico dos aspectos a incorporar ao texto normativo.

VIII.- A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do 17 de abril do 2026, adoptou acordo de imposición do recargo municipal sobre o Imposto Galego sobre as Estadías Turísticas, en aplicación do disposto no artigo 24 da Lei 5/2024, do 27 de decembro, de medidas





CONCELLO DE VIGO

Expte. 2141/1102

fiscais e administrativas e a aprobación do proxecto de Ordenanza Fiscal reguladora do recargo municipal sobre o Imposto Galego sobre as Estadías Turísticas (54).

IX.- En aplicación do disposto no artigo 76.4 do Regulamento Orgánico do Pleno do Concello de Vigo (*“O secretario xeral do Pleno comunicará aos Voceiros dos grupos municipais a existencia dun proxecto de norma e a apertura dun prazo de seis días ao obxecto presenten emendas ao texto”*) abriuse o prazo de seis días para a presentación de emendas polo grupos municipais (do 21/04/2026 ao 29/04/2026).

X.- En data 29/04/2026 os portavoces dos Grupos políticos do Partido Popular (PP) e do Bloque Nacionalista Galego (BNG) presentaron a través do Rexistro Electrónico de Pleno escritos de emendas en documentos 260104562 e 260104194.

XI.- En data 11/05/2026 emitíronse informes técnico-xurídicos pola Directora de Ingresos e polo Tribunal Económico-Administrativo sobre as emendas presentadas, sen apreciar infraccións da legalidade en relación co proxecto de ordenanza aprobado pola Xunta de Goberno Local.

XII.- O Pleno da Corporación en sesión celebrada o 25 de maio de 2026 acordou a imposición do recargo municipal sobre o Imposto Galego sobre as Estadías Turísticas, en aplicación do disposto no artigo 24 da Lei 5/2024, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas e a aprobación provisional da “Ordenanza Fiscal reguladora do recargo municipal sobre o Imposto Galego sobre as Estadías Turísticas (54)”.

O citado acordo publicouse en prensa local o 29/05/2026 e no BOP nº 102 do 01/06/2026, no Taboleiro de Editos e na páxina web do Concello de Vigo.

Segundo consta no certificado da Secretaría de Goberno Local, no período de exposición pública foron presentadas as seguintes reclamacións:

1. Federación Empresarios de Hostelería (G36614907). Doc. Núm.: 260191626 de 10/07/2026.
2. Sanchez Ballesteros, C. C. (**6504**). Doc. Núm.: 260191724 de 10/07/2026.
3. Autoridad Portuaria de Vigo (AE0001322). Doc. Núm.: 260191960 de 13/07/2026.

XIII.- En data 05/08/2026 foi emitido informe polo Tribunal Económico-Administrativo Municipal, que nas súas consideracións finais, establece:

“SEXTO.- Por conseguinte, e en relación coas reclamacións presentadas, ao noso entender:
- Debe ser desestimada, en base ao indicado no presente e aos trámites e informes que constan no expediente, a presentada por FEDERACIÓN EMPRESARIAL PROVINCIAL DE TURISMO Y HOSTELERÍA DE PONTEVEDRA- FEPROTUR
- Debe ser desestimada, en base ao indicado no presente e aos trámites e informes que constan no expediente, a presentada por ASOCIACIÓN EMPRESARIAL DE HOSPEDAJE DE LA PROVINCIA DE PONTEVEDRA-ASEHOSPO
- Debe ser desestimada a formulada pola AUTORIDAD PORTUARIA DE VIGO, en canto que, por unha banda, plantexa cuestións de oportunidade e non de legalidade no referente á

S.ord. 14/08/2026



*entrada en vigor ou ao establecemento de bonificacións e, por outra, en relación ao feito im-
poñible, plantexa a constitucionalidade da Lei 5/2024 e non a legalidade da Ordenanza
aprobada inicialmente.*

*SETIMO.- Canto ao procedemento, e tendo en conta a constante tese deste Tribunal da ne-
cesaria intervención do órgano competente para a aprobación do Proxecto de Ordenanza
Fiscal (a Xunta de Goberno Local) nas sucesivas fases do procedemento tendente á apro-
bación da Ordenanza Fiscal en tódolos aspectos que poideren afectar ao texto por ela pro-
posto, reiteramos o xa indicado de xeito constante. Así, xa no Informe Previo de legalidade
da Proposta de aprobación do Proxecto da presente Ordenanza Fiscal, aprobado pola Sala
do Tribunal Económico Administrativo en Sesión Extraordinaria e urxente número 2026/04,
do día catro de marzo de 2026, indicábamos o seguinte:*

*“De ser presentadas reclamacións, pola Xunta de Goberno Local determinarase, en función
de que veñan referidas a cuestións de legalidade ou oportunidade, a admisibilidade ou non,
respectivamente, das mesmas e, entre as admitidas, formularase proposta estimatoria ou
desestimatoria ao Pleno. (...)*

*Por conseguinte, pola Xunta de Goberno Local deberá formularse proposta de resolución
das reclamacións admitidas ao acordo de aprobación inicial, de imposición e ordenación do
recargo e de aprobación definitiva da Ordenanza Fiscal, non sendo preciso someter a dita
proposta a novo Dictame de este Tribunal, excepto si se opta por estimar as reclamacións
ou atender ás peticións e, como consecuencia, resulta modificado o texto inicialmente apro-
bado polo Pleno”.*

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS:

Primeira.- De conformidade co disposto no artigo 17.3 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real Decreto 2/2004, do 5 de marzo (en adiante, TRLRFL): *“Finalizado el periodo de exposición pública, las corporaciones locales adoptarán los acuerdos definitivos que procedan, resolviendo las reclamaciones que se hubieran presentado y aprobando la redacción definitiva de la ordenanza, su derogación o las modificaciones a que se refiera el acuerdo provisional”.*

No período de exposición pública, como consta no certificado da Secretaría de Goberno Local, foron presentados os seguintes escritos de reclamacións:

1. Federación Empresarios de Hostelería - FEPROTUR (G36614907). Doc. Núm.: 260191626 de 10/07/2026.
2. Sanchez Ballesteros, C. C. (**6504**), en representación da Asociación Empresarial de Hospedaje da Provincia de Pontevedra- ASEHOSPO. Doc. Núm.: 260191724 de 10/07/2026.
- 3 Autoridad Portuaria de Vigo (AE0001322). Doc. Núm.: 260191960 de 13/07/2026.

Segunda.- Análise das reclamacións presentadas.





CONCELLO DE VIGO

Expte. 2141/1102

As citadas reclamacións foron presentadas en tempo e forma, durante o prazo de exposición pública. Procede a continuación a análise e motivación xurídica sobre o seu contido.

Ao ter idéntico contido as reclamacións presentadas pola Federación Empresarial Provincial de Turismo y Hostelería de Pontevedra – FEPROTUR (G36614907) (documento número 260191626 de 10/07/2026) e polo representante da Asociación Empresarial de Hospedaxe da Provincia de Pontevedra- ASEHOSPO (G36697217) (documento 260191724 de 10/07/2026) e instar ambas reclamacións a nulidade da ordenanza provisionalmente aprobada polo Pleno en sesión do 25/05/2026 e o desistimento da súa aprobación definitiva, realízase a súa análise conxunta.

- 1) Reclamación presentada pola Federación Empresarial Provincial de Turismo y Hostelería de Pontevedra – FEPROTUR (G36614907) en documento número 260191626 de 10/07/2026 e
- 2) Reclamación presentada en representación da Asociación Empresarial de Hospedaxe da Provincia de Pontevedra- ASEHOSPO (G36697217) en documento 260191724 de 10/07/2026.

Ambas reclamacións, con base en idénticos alegatos, instan a nulidade da ordenanza provisionalmente aprobada polo Pleno en sesión do 25/05/2026 e o desistimento da súa aprobación definitiva.

Con carácter previo á análise destas dúas reclamacións resulta preciso puntualizar que a ordenanza fiscal provisionalmente aprobada polo Pleno na sesión do 25/05/2026 ten amparo no disposto no artigo 24 da Lei galega 5/2024, de 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas que crea o Imposto galego sobre as Estadías Turísticas na Comunidade Autónoma e habilita aos concellos de Galicia, en execución da súa autonomía municipal, ao establecemento dun recargo municipal sobre as tarifas establecidas na mesma. Para o establecemento de tal recargo resulta necesaria a aprobación da correspondente ordenanza fiscal. Interesa facer esta puntualización porque as obxeccións de inconstitucionalidade e de vulneración do dereito comunitario contidas nos escritos presentados non resultan procedentes entanto a Lei galega 5/2024 estea vixente e non afectada por sentenza que declare a súa inconstitucionalidade. Neste senso, tal e como indica o informe do Tribunal Económico-Administrativo Municipal de data 05/08/2026: *“Por conseguinte, as cuestións referidas á constitucionalidade ou vulneración do dereito comunitario, ao suxeito pasivo, ao feito imponible e similares veñen referidas á constitucionalidade da lei que crea o imposto e non á legalidade da Ordenanza Fiscal que regula o recargo sobre o dito imposto, polo que non é este o foro no que tales cuestións deban ser debatidas”*.

1ª) Alegación sobre a potestade normativa das entidades locais: manifestan que non se teñen observado os principios de boa regulación (necesidade, eficiencia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia), citando os artigos 129.1 e 129.7 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas (en adiante, Lei 39/2015).

Este alegato fórmulase de xeito xenérico e meramente retórico. Non cabe apreciar infracción do disposto na Lei 39/2015. Ambas reclamacións citan os apartados 1 e 7 do

S.ord. 14/08/2026



artigo 129 da Lei 39/2015. Sen prexuízo de que este precepto resultou afectado pola STC 55/2018, cómpre salientar que a ordenanza provisionalmente aprobada non incumpre os principios de boa regulación nin os principios aplicables ás disposicións normativas establecidos no artigo 129.1 da Lei 39/2015, que conta con todos os informes esixidos pola normativa aplicable e todos eles son favorables. Os informes obrantes no expediente administrativo e postos de manifesto no trámite de información pública acreditan o pleno cumprimento do disposto no artigo 129.7 da Lei 39/2015, toda vez que a repercusión orzamentaria está contificada expediente no informe de Economista de 09/04/2026 e o *Informe de xustificación da esixencia do recargo por estancias turísticas e avaliación do impacto e eficacia deste para as finalidades pretendidas* analiza no seu punto III os ingresos tributarios estimados e o custo estimado da súa aplicación, contando coa fiscalización favorable pola Intervención Xeral.

A Lei galega 5/2024 determina que para o establecemento do recargo municipal sobre o Imposto galego sobre as Estadías Turísticas é necesaria a aprobación da correspondente ordenanza fiscal, polo que o procedemento de elaboración e aprobación da mesma ten que seguir a regulación establecida nos artigos 15 e seguintes do TRLRFL e o contido da ordenanza é o esixido no artigo 16 do TRLRFL. Cómpre indicar que estamos ante unha norma de carácter tributario (reguladora dun recargo sobre un imposto autonómico), polo que lle resulta de aplicación, con carácter preferente, o disposto nos artigos 15 a 19 do TRLRFL (artigos 15 a 19), porque constitúen lei especial en materia de ordenanzas fiscais, en virtude do establecido na Disposición Adicional Primeira da Lei 39/2015. Por tanto, a ordenanza fiscal aprobada provisionalmente cumpre tamén de xeito pleno as esixencias do TRLRFL, sen que conorra reproche de legalidade ningún.

En consecuencia, en base á motivación exposta, procede desestimar esta alegación.

2ª) Alegación sobre a inconstitucionalidade e contrariedade a dereito comunitario do recargo sobre o Imposto sobre as estadías turísticas. Manifesta que a ordenanza é ilegal porque os seus elementos configuradores non se poñen ao servizo da finalidade extrafiscal do recargo definida na Lei 5/2024, que é a diminución das externalidades negativas do turismo. Considera que o articulado aprobado provisionalmente reflicte unha finalidade meramente recadatoria, polo que entende que o recargo do Imposto sobre as estadías turísticas non prevé un vínculo entre os ingresos correspondentes e a realización dunha finalidade específica nin que ditos ingresos sexan asignados a un organismo que teña a misión institucional de promover as actividades dirixidas á consecución de dita finalidade. Afirmar que ao incumprir as directrices marcadas pola Lei 5/2024 o recargo opera como un tributo indirecto en forma contraria ao disposto na normativa comunitaria. E sostén que non se aprecia a finalidade extrafiscal do recargo nos termos da STC de 10/04/2014.

A finalidade extrafiscal do imposto e do recargo fiscal ven definida nos artigos 9.2, 24.2 e 24.4 da Lei 5/2024, nos seguintes termos:

“9.2. O imposto ten unha finalidade extrafiscal, de xeito que, co seu establecemento, se internalizarán as posibles externalidades negativas que o turismo puidera causar, fundamentalmente nas zonas e/ou nas tempadas de alta concentración turística. Para estes efectos, o 80%, como mínimo, dos ingresos obtidos por este imposto, unha vez deducidos os custos da súa aplicación, estarán afectados





CONCELLO DE VIGO

Expte. 2141/1102

a investimentos e a gastos vinculados á promoción, o impulso, a protección, o fomento e o desenvolvemento do turismo sustentable [...]

“24.2. Para o establecemento da recarga deberán aprobar, con carácter previo, unha ordenanza fiscal en cuxo procedemento de elaboración se xustifiquen as razóns da existencia da recarga e se avalíe o impacto e a eficacia da recarga para as finalidades pretendidas [...]”

“24.4. Os ingresos da recarga estarán afectados, como mínimo nun 80%, unha vez deducidos os custos da súa aplicación, a investimentos e a gastos vinculados á promoción, o impulso, a protección, o fomento e o desenvolvemento do turismo sustentable, na forma que se determine na ordenanza, e terán como destino as seguintes actuacións: [...]”

Da lectura conxunta destes preceptos extráese que a finalidade da figura tributaria consiste na redución das posibles externalidades negativas do turismo mediante o investimento e o gasto en actuacións que favorezan o turismo sustentable. No expediente xustifícanse as razóns da existencia do recargo nos termos previstos na Lei 5/2024. Cuestión distinta é a interpretación contida na reclamación, que pretende elevar a unha disposición de carácter xeral e de natureza fiscal a concreta aplicación dos ingresos obtidos. Se isto fose así, carecería de sentido a creación da Comisión municipal de asesoramento e seguimento da implantación do recargo (mecanismo ou foro de participación cidadá na propia aplicación do recargo, que regula o artigo 11 da ordenanza provisionalmente aprobada, dando cumprimento ao disposto no artigo 24.7 da Lei galega 5/2024).

Tal e como argumenta o Tribunal Económico-Administrativo no seu informe de data 05/08/2026: “A Ordenanza Fiscal agora analizada (sirva a perogrullada) debe ter o contido que a normativa indica como contido dunha Ordenanza Fiscal, engadindo as mencións adicionais que a Lei 5/2024 require. Non pode alegarse que non explicita a erogación do ingreso obtido, pois:

- por unha banda, e como xa dixemos, a aplicación dos ingresos obtidos aos gastos públicos é unha función orzamentaria e non tributaria e as Ordenanzas Fiscaís (artigo 7.1.e da Lei 58/2003, Xeral Tributaria) son fonte do ordeamento tributario, pero non do orzamentario
- e, por outra, resultaría incongruente que, ao mesmo tempo que se crea unha Comisión para o estudo das ditas aplicacións dos ingresos obtidos aos gastos, como esixe a norma, fosen establecidas regulamentariamente as ditas aplicacións, pois neste caso vaciaríase de contido a dita Comisión”.

Malia o anteriormente exposto, o expediente incorpora *informe do Servizo de Turismo* no que se avalía o impacto do turismo, as liñas de actuación en materia de turismo desenvolvidas polo Concello de Vigo e o impacto da posible existencia do recargo para atender á finalidade de desenvolver o turismo sustentable en Vigo. O *Informe de xustificación da existencia do recargo por estancias turísticas e avaliación do impacto e eficacia deste para as finalidades pretendidas* (en adiante “Informe de xustificación”), que consta no expediente, define os obxectivos concretos que se pretenden acadar coa existencia do recargo dentro da finalidade definida na Lei e avalía no seu punto 6 o impacto e a eficacia do recargo para acadar as finalidades pretendidas.

Nas reclamacións presentadas por estas dúas entidades representativas do sector indícase que a ordenanza non prevé que os ingresos do recargo “*sean asignados a un organismo que tenga la misión institucional de promover las actividades dirigidas a la consecución de dicha finalidad*”. Esta afirmación é inexacta. O artigo 25.2.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases de réxime local establece que o municipio exercerá en todo caso como competencias propias as actividades de información e promoción da actividade turística local, polo que o Concello de Vigo é unha administración pública que ten, entre outras, a competencia de promover as actividades dirixidas á consecución de ditas finalidades (o desenvolvemento dun turismo sostible). Para apoiar á consecución desta finalidade, a ordenanza prevé a creación da Comisión municipal de asesoramento e seguimento da implantación do recargo sobre o Imposto Galego sobre as Estadias Turísticas (artigo 11).

S.ord. 14/08/2026



A Lei galega 5/2024 establece a afectación dun mínimo do 80% dos ingresos do recargo, unha vez deducidos os custos de aplicación, a determinadas categorías de actuacións relacionadas co desenvolvemento do turismo sostible, pero non prevé nin esixe que as medidas concretas deban detallarse no texto da ordenanza (que é unha disposición de carácter xeral e de natureza fiscal). A afectación dos ingresos está recollida, en efecto, no artigo 13 da ordenanza, que remite ao texto legal. Pero é que no presente caso, malia non ser unha esixencia legal, o tipo concreto de medidas que se pretendan financiar cos ingresos obtidos detállanse no expediente, tanto no *informe do Servizo de Turismo*, como no punto 6.2 do *Informe de xustificación*. Non pode alegarse, polo tanto, que non se identifiquen no expediente medidas específicas para xustificar a esixencia do recargo.

O imposto galego sobre estadías turísticas é un tributo aprobado por lei autonómica, análogo a outros xa existentes en outras comunidades autónomas e estados membros, que gravan a capacidade económica posta de manifesto ao realizar estadías en establecementos de aloxamento. A afirmación segundo a cal o recargo municipal incumpre a normativa comunitaria ao “operar como un tributo indirecto”, non atopa apoio de ningún tipo na xurisprudencia nin na doutrina.

En consecuencia, en base á motivación exposta, procede desestimar esta alegación.

3ª) Alegación sobre o incumprimento das directrices marcadas pola Lei 5/2024 en relación con: a) inexistencia de xustificación do recargo, b) avaliación do impacto e da eficacia do recargo nas finalidades pretendidas, c) ponderación das cargas administrativas que supón para os titulares da explotación dos establecementos turísticos situados no seu termo municipal e d) falta de garantía da consulta, participación e audiencia das organizacións.

O contido do presente expediente para a imposición e aprobación da presente ordenanza fiscal desvirtúa estas afirmacións, carentes de sustento. O exame dos informes e documentación obrante no expediente, posto de manifesto integramente no período de exposición pública, fai decaer estes reproches.

En primeiro lugar, procede puntualizar que a Lei galega 5/2024 non configura o recargo como unha “última opción” na loita contra as externalidades, de tal modo que soamente poida establecerse se todas as medidas alternativas “fracasan”, como afirman as reclamantes. Por contra, a Lei establece o mandato de xustificar a súa esixencia, condición cumprida no *Informe de xustificación* que consta no expediente. Este informe define as finalidades pretendidas coa esixencia do recargo e avalía o impacto e eficacia do recargo sobre ditas finalidades, concluíndo que o establecemento do recargo “é a medida máis eficaz para a consecución da finalidade pública definida”.

Cómpre indicar que as afirmacións segundo as cales non constan ou existe ausencia absoluta de certos requisitos na tramitación da ordenanza son incorrectas. O devandito *Informe de xustificación* inclúe, entre outros, os seguintes contidos:

- Xustificación da esixencia do recargo.
- Detalle do destino do recargo.
- Definición das finalidades pretendidas coa esixencia do recargo e avaliación do impacto e eficacia do recargo para acadar ditas finalidades.
- Ponderación das cargas administrativas para os establecementos.

As finalidades pretendidas e a avaliación do impacto e eficacia do recargo para acadar ditas finalidades, contidos desenvolvidos no mencionado *Informe de xustificación* (puntos 5 e 6), non se basean





CONCELLO DE VIGO

Expte. 2141/1102

nunha contificación da presión dos servizos públicos nin na actividade económica xerada polo turismo, como suxire o documento de alegacións. A motivación contida no expediente se fundamenta, por contra, no cumprimento do principio de xustiza tributaria e na necesidade de obter fontes de financiamento recorrentes dirixidas ao investimento en actuacións de turismo sostible. Así, o *Informe de xustificación* contifica a parte do financiamento dos servizos públicos municipais que lle correspondería sufragar ás persoas que realizan estadias en establecementos turísticos na cidade, atendendo aos principios de xustiza e equidade e identifica as medidas concretas orientadas ao desenvolvemento do turismo sostible que se perseguen ao establecer o recargo.

Sobre a presión que o turismo xera sobre os servizos públicos, este elemento queda xustificado en diversos informes emitidos polos servizos municipais competentes (Limpeza, Comercio, Medio Ambiente, Policía Local e Montes, Parques e Xardíns), que proporcionan un contexto relevante ao expediente. Sen embargo, a contificación numérica da parte do custo destes servizos derivado do turismo non se considera un factor decisivo para a existencia do recargo (non estamos ante o establecemento dunha taxa que esixa un informe técnico-económico, senon ante a regulación dun recargo sobre un imposto autonómico). Do mesmo xeito, a ponderación da actividade económica derivada do crecemento do turismo na cidade nos últimos anos plásmase no informe emitido polo Servizo de Turismo, que consta no expediente, do cal resulta que o desenvolvemento do turismo sostible en Vigo é o obxectivo a acadar e que o recargo turístico considérase unha medida axeitada para financiar actuacións que apoien a consecución desta finalidade.

As cargas administrativas para os establecementos pondéranse no punto 4 do mencionado Informe de xustificación, polo que a afirmación segundo a cal existe unha ausencia total desta ponderación é incorrecta.

O trámite de consulta pública previa, previsto no artigo 24.2 da Lei galega 5/2024, foi levado a cabo con todas as garantías e con plena observancia do establecido no artigo 133 da Lei 39/2015, sendo achegada unha opinión nesta fase, como proba o expediente. Sen prexuízo de que estamos ante unha ordenanza fiscal e que para este tipo de disposicións normativas o TS exime a realización da consulta pública previa (por todas, STS 108/2023, de 31 de xaneiro), ésta foi realizada cumprindo as formalidades tanto do artigo 133 da Lei 39/2015, como as do artigo 24.2 da Lei galega 5/2024. Foi notoria a difusión da realización da consulta pública previa da presente ordenanza fiscal, tanto en prensa xeral (<https://www.lavozdegalecia.es/noticia/vigo/vigo/2025/08/21/caballero-firma-tramitacion-tasa-turistica-vigo-navidad-reconquista-marisquino-conciertos-gratis-razonable-contribuyan/00031755768103073659513.htm>; <https://www.farodevigo.es/gran-vigo/2025/08/21/concello-vigo-comienza-manana-tramitar-120814535.html>; <https://www.galiciapress.es/articulo/vigo/2025-08-21/5401910-vigo-inicia-viernes-tramites-implantar-tasa-turistica-abrira-consulta-publica>; <https://xornaldevigo.gal/vigo-e-contorna/136295-vigo-iniciara-a-tramitacion-da-tasa-turistica-na-cidade-cunha-consulta-publica/>), como en publicacións especializadas en turismo (<https://nexotur.com/vigo-inicia-la-tramitacion-de-la-tasa-turistica-con-una-consulta-publica/>; https://agenttravel.es/noticia-059590_Vigo-inicia-este-viernes-los-tramites-para-implantar-la-tasa-turistica-y....html). Ademais, con carácter previo á apertura do trámite de consulta pública, leváronse a cabo reunións con asociacións de hostelería de Vigo (<https://www.vigoe.es/vigo/local/vigo-cobrara-una-tasa-turistica-que-aportaria-mas-de-2-millones-de-euros-a-las-arcas-municipales/>).

Á vista do exposto decae a afirmación de que non se garantiu a consulta, participación e audiencia das organizacións.

En consecuencia, en base á motivación exposta, procede desestimar esta alegación.

S.ord. 14/08/2026



4ª) Alegan que a Lei 4/2025 establece unha bonificación do 100% neste imposto polo que manifestan que mentres exista esta bonificación non cabe impoñer ningún recargo, senón a imposición directa do imposto, competencia da autonomía e non do municipio.

Este alegato colisiona directamente co disposto no artigo 24.3 da vixente Lei galega 5/2024, que establece que: *“Esta recarga seralles esixida aos mesmos suxeitos pasivos e nos mesmos casos previstos na normativa reguladora do imposto, e consistirá nunha porcentaxe de ata un máximo do 100% sobre a cota íntegra do imposto antes de aplicar a bonificación”*. Conforme a este precepto, a esixibilidade do recargo sobre a cota é compatible cunha bonificación do 100% na cota autonómica do Imposto.

Tal e como argumenta o Tribunal Económico-Administrativo no seu informe de data 05/08/2026: *“Confúndense na reclamación dúas institucións relacionadas pero distintas, cales son a non suxeición e a exención. A distinción apóiase directamente na Lei 58/2003, Xeral Tributaria(LXT):*

- *Non suxeición: non se realiza o feito imponible do tributo. O art. 20.1 LXT defíneo como o suposto fixado pola lei cuxa realización orixina a obriga tributaria principal e o art. 20.2 permite delimitalo mediante supostos de non suxeición. O efecto é que, delimitado negativamente o feito imponible, non nace a obriga tributaria principal nin a cota por ese concepto.*

- *Exención: si se realiza o feito imponible, pero a lei dispensa do cumprimento da obriga tributaria principal, como define o art. 22 LXT. O efecto é que a operación está dentro do ámbito do imposto, realízase o feito imponible e determinase a cota, pero non se paga, total ou parcialmente, segundo a norma aplicable”*.

En consecuencia, en base á motivación exposta, procede desestimar esta alegación.

3) Reclamación presentada pola Autoridad Portuaria de Vigo (documento 260191960) en data 10 de xullo de 2025.

Manifesta que *“la aplicación del recargo sobre el impuesto gallego de estancias turísticas al tráfico de cruceros, en los términos actualmente previstos en el proyecto de Ordenanza, plantea importantes objeciones de carácter jurídico, económico y operativo que aconsejan una reconsideración de su alcance respecto de este tipo de tráfico”*. En concreto estrutura a súa reclamación nos seguintes puntos: (i) cuestiona o feito imponible, (ii) considera que a data de entrada en vigor para estancias en embarcacións de cruceiro turístico fondeadas ou amarradas no Porto de Vigo debe pospoñerse a 1 de xaneiro de 2028 e (iii) insta a revisión do importe do recargo previsto para tráfico de cruceiros e que se valore o establecemento de mecanismos de bonificación ou modulación que permitan preservar a competitividade de Vigo fronte a outros portos competidores.

A data de comezo de aplicación do recargo non resulta determinada pola Lei 5/2024, senón que é unha facultade discrecional para os concellos que apliquen o recargo. No caso da ordenanza fiscal provisionalmente aprobada, cando o feito imponible sexa a estadía en embarcacións de cruceiro turístico fondeadas ou amarradas no porto de Vigo, a Disposición Transitoria Segunda difire o comezo da súa aplicación ao 1 de xullo de 2027 (incluído), o que representa un período superior a un ano dende a data de aprobación provisional da presente ordenanza.





CONCELLO DE VIGO

Expte. 2141/1102

O establecemento dunha data concreta de aplicación do recargo para as estancias en cruceiros fondeados ou amarrados no Porto de Vigo, fixada no 01/07/2027, supón un reforzo aos principios de seguridade xurídica, confianza lexítima e boa regulación, ao estar especificada unha data exacta que permite a substitutos do contribuínte ter preparados os seus sistemas e aplicacións.

No tocante ao importe do recargo e a súa incidencia na competitividade do Porto de Vigo, salienta que o importe do recargo, ata o límite do 100%, é unha facultade discrecional dos gobernos locais e os beneficios fiscais son materia suxeita a reserva de lei (artigo 8 da LXT e 9 do TRLRFL). Como consta no *Informe de xustificación* que obra no expediente: “*Cómpre indicar que, de acordo co Libro Branco sobre o impacto das taxas turísticas sobre as cidades europeas e as comunidades urbanas, elaborado por Group NAO e Destination Sustainability Movement, e considerando o documento de referencia sobre este tipo de medidas, as investigacións científicas suxiren que a aplicación de tributos sobre as pernoctacións ten impacto limitado sobre a competitividade do sector e sobre a demanda turística*”.

Resulta preciso, a efectos aclaratorios, indicar que esta alegación se basea en información incorrecta. O porto de Leixões aplica a taxa municipal turística de chegada por vía marítima, regulada polo Regulamento nº 1414/2024 do municipio de Matosinhos, cunha cota superior á prevista en Vigo (2€). En canto a Marín e Vilagarcía, os datos estatísticos reflicten que non constitúen na actualidade unha competencia relevante en turismo de cruceiros. Os tres principais portos da fachada atlántica por número de cruceiristas (A Coruña, Porto e Lisboa) aplican tributos a cruceiristas cunha cota superior á prevista na presente ordenanza, que regula no seu artigo 7 o importe do recargo cunha redución nun 27,25% dos importes previstos no artigo 16 da Lei galega 5/2024.

A Autoridad Portuaria de Vigo cuestiona o feito impositivo recollido na ordenanza aprobada provisionalmente polo Pleno, solicitando que non resulte esixible o gravame no suposto que se dá cando as persoas pasaxeiras permanecen a bordo durante toda a escala ou cando limitan o seu desprazamento ao ámbito do dominio público portuario estatal, sen acceder á cidade nin facer uso dos servizos municipais. Manifesta que cando as persoas pasaxeiras desembarcan e permanecen no exclusivamente no recinto portuario, o uso de instalacións e dos servizos públicos que realizan xa se atopa suxeito á taxa de pasaxe dos artigos 205 e seguintes do Texto refundido da Lei de Portos do Estado e da Marina Mercante, sen que exista utilización dos servizos públicos municipais que xustifique a finalidade extrafiscal do imposto sobre estancias turísticas.

A regulación do feito impositivo nos termos contemplados na reclamación da Autoridad Portuaria de Vigo supón un cuestionamento de constitucionalidade do propio artigo 12 da Lei galega 5/2024, non da legalidade da ordenanza. O recargo ten carácter accesorio, polo que non se pode configurar de xeito autónomo, ao depender do imposto autonómico.

Por outra banda, como indica o reclamante, a taxa de pasaxe é unha figura tributaria distinta que grava o uso de instalacións e servizos portuarios, mentres que o recargo se establece sobre un imposto, é dicir, sobre un tributo que se esixe sen contraprestación. O recargo grava unha manifestación de capacidade económica. As externalidades xeradas polo turismo de cruceiro apreciadas polo lexislador autonómico e concretadas na definición do feito impositivo do artigo 12.1.b) da Lei galega 5/2024 son independentes de que as persoas contribuíntes abandonen ou non o recinto portuario.

S.ord. 14/08/2026



Pola motivación xurídica exposta, procede desestimar a reclamación formulada.

Terceira.- Visto o informe do Tribunal Económico-Administrativo de data 05/08/2026 e, con fundamento na motivación xurídica que antecede, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **acordo**:

1.- Admitir a trámite as reclamacións presentadas no período de exposición pública pola Federación Empresarial Provincial de Turismo y Hostelería de Pontevedra – FEPROTUR (G36614907) en documento número 260191626 de 10/07/2026, polo representante da Asociación Empresarial de Hospedaje da Provincia de Pontevedra- ASEHOSPO (G36697217) en documento número 260191724 de 10/07/2026 e pola Autoridad Portuaria de Vigo (Q3667002D) en documento número 260191960 de 13/07/2026.

2.- Propoñer ao Pleno, previo Ditame da Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, desestimar as reclamacións presentadas no período de exposición pública pola Federación Empresarial Provincial de Turismo y Hostelería de Pontevedra – FEPROTUR (G36614907) en documento número 260191626 de 10/07/2026, polo representante da Asociación Empresarial de Hospedaje da Provincia de Pontevedra- ASEHOSPO (G36697217) en documento número 260191724 de 10/07/2026 e pola Autoridad Portuaria de Vigo (Q3667002D) en documento número 260191960 de 13/07/2026; acordar definitivamente a imposición e ordenación do recargo municipal sobre o Imposto Galego sobre as Estadías Turísticas e aprobar definitivamente a Ordenanza Fiscal do recargo municipal sobre o Imposto Galego Sobre as Estadías Turísticas (54), co seguinte texto:

ARTIGO 1. FUNDAMENTO E OBXECTO

1. Esta entidade local, en uso das facultades contidas nos artigos 133.2 e 142 da Constitución Española, no artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local; de conformidade co disposto no artigo 38 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e ao abeiro da Lei 5/2024, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, establece a imposición do recargo municipal sobre o Imposto Galego sobre as Estadías Turísticas na Comunidade Autónoma de Galicia, cuxas normas atenden ao disposto na Sección 3ª do Capítulo II da citada lei autonómica.

2. Este recargo réxese, en todo o que non contemple a presente ordenanza, pola devandita lei ou normativa posterior que a substitúa e pola Ordenanza fiscal xeral de xestión, recadación e inspección do Concello de Vigo.

ARTIGO 2. FEITO IMPOÑIBLE

1. Constitúe o feito imponible deste recargo:

a) A estadía turística realizada polas persoas contribuíntes nos establecementos de aloxamento turístico determinados na normativa reguladora en materia de turismo, situados na cidade de Vigo, e que se relacionan a seguir:

- 1º. Establecementos hoteleiros.
- 2º. Apartamentos turísticos.
- 3º. Vivendas turísticas.
- 4º. Vivendas de uso turístico.





CONCELLO DE VIGO

Expte. 2141/1102

5º. Campamentos de turismo.

6º. Establecementos de turismo rural.

7º. Albergues turísticos.

b) A estadia en embarcacións de cruceiro turístico fondeadas ou amarradas no porto de Vigo, cando realicen escala no mesmo.

2. Entenderase por estadia o desfrute do servizo de aloxamento, por día ou fracción, con pernoita ou sen ela. Considérase que as estadias nos establecementos de aloxamento turístico a que se refire o número 1 constitúen, en todo caso, estadias turísticas, sen prexuízo dos supostos de non suxeición previstos no artigo 3.

3. Entenderase por embarcación de cruceiro turístico a embarcación que realiza transporte por mar ou por vías navegables coa única finalidade de lecer ou de recreo, nos termos definidos no apartado 3º do artigo 12 da Lei 5/2024, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas de Galicia.

ARTIGO 3. SUPOSTOS DE NON SUXEIÇÃO E DE EXENCIÓN

1. Non estarán suxeitas ao imposto as estadias seguintes:

a) As que realice calquera persoa por motivos de saúde, así como as das persoas que a acompañen, sempre que quede xustificada a recepción das prestacións de atención sanitaria que formen parte da carteira de servizos do sistema sanitario público de Galicia.

b) As que realice unha persoa deportista federada pola concorrencia a competicións oficiais, debidamente xustificada.

c) As que realice calquera persoa por causas de forza maior debidamente xustificadas.

Terán a consideración de forza maior as estadias derivadas de aloxamentos xestionados a través dos Servizos Sociais Municipais.

2. Non se realizará o feito imponible do imposto cando as embarcacións de cruceiro turístico tiveren como saída ou destino final un porto situado na Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Estarán exentas as seguintes estadias:

a) As realizadas por persoas menores de idade non emancipadas.

b) As realizadas por persoas con discapacidade que acrediten un grao de discapacidade igual ou superior ao 65%.

c) As estadias subvencionadas por programas sociais dunha administración pública de calquera Estado membro da Unión Europea.

d) As estadias realizadas nos albergues públicos xestionados pola Xunta de Galicia a través da S.A. do Plan Xacobeo.

e) As estadias realizadas nos albergues xuvenís.

4. Para a súa aplicación, os supostos de non-suxeición, de exención e de recargo cota cero deberán ser acreditados documentalmente por calquera medio admitido en dereito.

5. O suxeito pasivo substituído da persoa contribuínte deberá conservar durante o prazo de prescrición os medios acreditativos que lle foren achegados para a aplicación da non-suxeición ou da exención correspondente.

S.ord. 14/08/2026



ARTIGO 4. RECARGO CERO

Establécese un recargo do 0% (cero euros) para as estadias que se indican a continuación:

- a) As que se realicen por parte de residentes en Vigo como consecuencia de realoxos, da realización de obras na vivenda habitual en Vigo e supostos asimilables.
- b) As que realicen as persoas cuxo aloxamento se sufrague por unha entidade de dereito público ou con aplicación da regulación das indemnizacións por razón de servizo que se regula no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, ou norma análoga que resulte aplicable.

ARTIGO 5. NORMAS DE APLICACIÓN AOS SUPOSTOS DE NON SUXEIÇÃO, EXENCIÓN E RECARGO CERO

1. Para a aplicación dos supostos de non suxeición, exención e recargo cero establecidos nos artigos 3.1.a), 3.1.b), 3.1.c), 3.3.b), 4.a) e 4.b) anteriores, a persoa que realiza a estancia deberá cumprimentar e asinar o modelo de declaración responsable que consta como anexo desta ordenanza, na que se indicarán os datos da persoa que realiza a estancia, o suposto de non suxeición, exención ou recargo cero aplicable e os seguintes datos:

- Para o suposto de non suxeición previsto no apartado 1.a) do artigo 3, relativa ás estancias efectuadas por motivos de saúde:

a) A declaración responsable debe especificar os datos identificativos da persoa receptora da prestación e, no seu caso, das persoas que a acompañan.

b) Certificado do centro sanitario ou informe médico no que conste que a asistencia sanitaria recibida pola persoa contribuínte/acompañada forma parte da carteira de servizos do SERGAS.

- Para o suposto de non suxeición previsto no apartado 1.b) do artigo 3, relativo ás estancias efectuadas por unha persoa deportista federada pola concorrència a competicións oficiais, na declaración responsable indicará cales son os datos da competición á que se asiste.

- Para o suposto de non suxeición previsto no apartado 1.c) do artigo 3, relativa ás estancias que realice calquera persoa por causas de forza maior debidamente xustificadas:

a) A declaración responsable indicará o acontecemento producido.

b) Documento no que conste o acontecemento correspondente ou a activación dalgunha medida pública que se relacione, expedido pola Administración local, a menos que as circunstancias determinantes da concorrència de forza maior resulten dunha declaración legal ou dunha situación de notoriedade coñecida pola propia administración.

- Para o suposto de exención previsto no apartado 3.b) do artigo 3, relativa ás estancias realizadas por persoas con discapacidade que acrediten un grao de discapacidade igual ou superior ao 65%, queda condicionada á exhibición do certificado ou documento que acredite a discapacidade indicada.

- Para o suposto de aplicación do recargo cero previsto no apartado a) do artigo 4, a persoa contribuínte indicará na declaración responsable a dirección da súa vivenda habitual situada no termo municipal de Vigo.

- Para o suposto de aplicación do recargo cero previsto no apartado b) do artigo 4, a persoa contribuínte indicará na declaración responsable a entidade de dereito público que sufrague a estadia.





CONCELLO DE VIGO

Expte. 2141/1102

2. O suposto de exención previsto no apartado 3.c) do artigo 3, relativo ás estancias subvencionadas por programas sociais dunha administración pública de calquera Estado membro da Unión Europea, aplicarase nos casos de que a reserva sexa efectuada ou a factura expedida a nome da entidade promotora do programa social, sempre que quede claramente identificado o programa a cargo do cal se financia a estancia.

3. A persoa substituta da contribuínte ten a obriga de conservar durante catro anos unha copia dos documentos ou, no seu caso, das declaracións responsables, utilizados en cada caso para xustificar os supostos de non suxeición, exención ou aplicación do recargo cero anteriores. O modelo de declaración responsable consta como anexo desta ordenanza e será publicado na súa versión actualizada na sede electrónica do Concello, a disposición das persoas obrigadas tributarias.

ARTIGO 6. PERSOAS OBRIGADAS TRIBUTARIAS

1. Será suxeito pasivo contribuínte do recargo do imposto toda persoa física que realice unha estancia nos establecementos de aloxamento turístico determinados no artigo 2 ou ben aquela persoa ou entidade a cuxo nome se entregue a factura ou documento análogo pola estancia de persoas físicas neses establecementos.

No suposto de embarcacións de cruceiro turístico, considerarase suxeito pasivo contribuínte a persoa cruceirista que estea en tránsito no momento da devindicación do recargo.

2. Terán a condición de suxeito pasivo substituto da persoa contribuínte e estarán obrigados/as ao cumprimento das obrigas materiais e formais do imposto:

a) A persoa física ou xurídica, así como a entidade que, carecendo de personalidade xurídica, constitúa unha unidade económica ou patrimonio separado, que realice a explotación do establecemento de aloxamento turístico.

b) A persoa consignataria que, de acordo coa lei estatal vixente de navegación marítima, actúe en nome e representación da armadora ou navieira da embarcación de cruceiro turístico que estea en tránsito no momento da devindicación do recargo.

3. Terá o carácter de responsable solidario ou solidaria do ingreso das débedas tributarias correspondentes ás cotas devindicadas das persoas contribuíntes:

a) A persoa física ou xurídica, así como a entidade que, carecendo de personalidade xurídica, constitúa unha unidade económica ou patrimonio separado, que sexa titular do establecemento turístico, que non sexa o suxeito pasivo.

b) A persoa física ou xurídica, así como a entidade que, carecendo de personalidade xurídica, constitúa unha unidade económica ou patrimonio separado, que contrate directamente en nome da persoa contribuínte e faga de intermediaria entre esta e os establecementos de aloxamento turístico.

ARTIGO 7. IMPORTE DO RECARGO

1. O importe do recargo sobre o Imposto Galego sobre as Estadias Turísticas consistirá nunha porcentaxe do 72,75% sobre a cota íntegra do imposto conforme ás tarifas establecidas no artigo 16 da Lei 5/2024, de acordo coas regras establecidas nos puntos 2 e 3 do presente artigo 7.

2. O importe do recargo determínase polo número de días de que conste cada período de estadia da persoa contribuínte nos establecementos de aloxamento turístico.

S.ord. 14/08/2026



No caso de estadias en embarcacións de cruceiro turístico, entenderase por estadia cada un dos períodos de vinte e catro horas ou fracción computados desde o fondeo ou amarre da embarcación. As estadias inferiores a 24 horas considéranse estadias dun día.

O número máximo de días que se computará en cada período de estadia é de cinco días, sen prexuízo do disposto na Disposición Transitoria Primeira.

3. O importe do recargo, tendo en conta o establecido no punto 1 do presente artigo, e sen prexuízo dos supostos de recargo cero establecidos no artigo 4, son os seguintes:

TIPO DE ALOXAMENTO TURÍSTICO			COTA (€ por día ou fracción)
Establecementos hoteleiros	Hoteis	5 estrelas superior	1,82 €
		5 estrelas	1,82 €
		4 estrelas superior	1,82 €
		4 estrelas	1,46 €
		3 estrelas superior	1,46 €
		3 estrelas	1,46 €
		2 estrelas superior	1,46 €
		2 estrelas	1,09 €
		1 estrela superior	1,09 €
	1 estrela	1,09 €	
Pensións		1,09 €	
Albergues			0,73 €
Campamentos de turismo			0,73 €
Establecementos de turismo rural			0,73 €
Apartamentos turísticos			0,73 €
Vivendas turísticas			0,73 €
Vivendas de uso turístico			1,46 €
Estadias en embarcacións de cruceiro turístico			1,09 €

4. A Administración tributaria poderá aplicar o método de estimación indirecta se a persoa substituta da persoa contribuínte non presenta a autoliquidación do recargo ou presenta autoliquidacións incompletas ou inexactas e non achega os datos de ocupación do establecemento ou equipamento turístico que explota. Neste caso, o número de unidades de estancia no establecemento ou equipamento turístico determínase, preferentemente, e sen prexuízo da utilización doutros medios establecidos pola lexislación vixente, polos seguintes medios:

- A partir dos datos estatísticos de ocupación dos establecementos ou equipamentos do mesmo tipo situados no termo municipal de Vigo.
- A partir dos datos declarados por unha mostra de establecementos ou equipamentos regrados do mesmo tipo situados na mesma zona da cidade. A estes efectos, enténdese por establecemento regrado o que está dado de alta no Rexistro de Turismo de Galicia.
- A partir dos datos procedentes de estudos do sector elaborados por organismos públicos ou por organizacións privadas de acordo con técnicas estatísticas adecuadas.





CONCELLO DE VIGO

Expte. 2141/1102

d) A partir dos datos que constan no rexistro policial das persoas que se aloxan nos establecementos de hospedaxe situados no termo municipal de Vigo.

ARTIGO 8. DEVINDICACIÓN

O recargo devindicarase ao comezo de cada estadía, computada por día ou fracción, nos establecementos de aloxamento turístico a que se refire o feito impositivo deste imposto. No suposto de cruceiros turísticos, o inicio da estadía acontecerá no momento en que a embarcación faga escala no porto de Vigo.

ARTIGO 9. FORMA E PRAZO DE PRESENTACIÓN E INGRESO DAS AUTOLIQUIDACIÓNS

1. Os suxeitos pasivos substitutos da persoa contribuínte realizarán dúas autoliquidacións anuais, que comprenderán as cotas devindicadas en cada un dos semestres naturais:

- a) Semestre 1: Do 1 de xaneiro ao 30 de xuño.
- b) Semestre 2: Do 1 de xullo ao 31 de decembro.

2. Os suxeitos pasivos substitutos da persoa contribuínte presentarán autoliquidación de forma telemática na sede electrónica do Concello, empregando o modelo dispoñible na devandita sede electrónica. A autoliquidación e ingreso do primeiro semestre realizarase ata o 31 de xullo do mesmo ano e a autoliquidación e ingreso do segundo semestre realizarase ata o 31 de xaneiro do ano seguinte.

3. No caso de explotar máis dun establecemento, os suxeitos pasivos substitutos da persoa contribuínte poderán efectuar a autoliquidación e o pago das cotas devindicadas do recargo da totalidade daqueles, dunha maneira agregada, mediante unha única autoliquidación.

ARTIGO 10. XESTIÓN, INSPECCIÓN E RECADACIÓN

A xestión, inspección e recadación do recargo do imposto realizaranse de acordo co previsto na Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria e nas demais disposicións reguladoras da materia, así como na Ordenanza Fiscal Xeral do Concello.

ARTIGO 11. COMISIÓN MUNICIPAL DE ASESORAMENTO E SEGUIMENTO DA IMPLANTACIÓN DO RECARGO

1. No prazo de dez meses desde o inicio da aplicación da presente Ordenanza, en cumprimento do disposto no artigo 24.7 da Lei 5/2024, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas de Galicia, esta Administración municipal constituirá a Comisión municipal de asesoramento e seguimento da implantación do recargo sobre o Imposto Galego sobre as Estadías Turísticas. A designación das persoas integrantes da mesma realizarase por acordo da Xunta de Goberno Local.

2. Esta Comisión estará formada por representantes do Concello de Vigo, representantes das empresas do sector e das asociacións veciñais.

3. Son funcións da Comisión municipal de asesoramento e seguimento da implantación do recargo sobre o Imposto Galego sobre as Estadías Turísticas as seguintes:

- a) O asesoramento e seguimento permanente de aplicación do recargo, para o cal terá en conta indicadores como a evolución do nivel de ocupación, o número de prazas turísticas, o rendemento por cada praza ou calquera outro indicador dos sectores turísticos do municipio.

S.ord. 14/08/2026



b) A aprobación, con carácter anual, dun informe de avaliación do impacto do recargo en relación coas finalidades da mesma, que será publicado na páxina de transparencia do Concello.

ARTIGO 12. COLABORACIÓN INTERADMINISTRATIVA

En cumprimento do deber de colaboración entre as administracións públicas que consagra o artigo 141 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, o Concello poderá solicitar da Dirección Xeral da Policía a subministración periódica, por medios electrónicos e nos formatos e prazos que se determinen por convenio, os datos contidos no rexistro de persoas aloxadas nos establecementos de aloxamento turístico situados na cidade de Vigo que sexan estritamente necesarios para aplicar o recargo do imposto sobre as estadias turísticas.

Considéranse datos estritamente necesarios os seguintes:

- a) A identificación do establecemento de aloxamento turístico situado no termo municipal de Vigo.
- b) A identificación da persoa titular da explotación do establecemento de aloxamento turístico.
- c) O número e tipo de documento de identidade da persoa que se aloxa no establecemento de aloxamento turístico e a súa data de nacemento.
- d) A data de entrada no establecemento de aloxamento turístico de cada persoa que se aloxa e o número de días previstos da estadia.

ARTIGO 13. AFECTACIÓN DOS INGRESOS

1. De acordo co disposto no artigo 24 da Lei 5/2024, de 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, os ingresos do recargo estarán afectados nun 80 %, unha vez deducidos os custos da súa aplicación, a investimentos e a gastos vinculados á promoción, ao impulso, á protección, ao fomento e ao desenvolvemento do turismo sustentable, tendo como destino as actuacións previstas no parágrafo 4 do citado artigo 24.

2. O control da correcta aplicación dos ingresos do recargo ás finalidades sinaladas corresponde ás concellarías competentes en materia de Turismo e Facenda.

3. Logo do ditame do órgano de participación previsto no artigo 11, incluírase no orzamento de gastos o detalle da aplicación dos ingresos do recargo. Na liquidación verificarase a correcta e completa aplicación dos fondos ás finalidades sinaladas.

ARTIGO 14. INFRACCIÓNS E SANCIÓN

En todo o relativo a infraccións tributarias e ás súas cualificacións, así como á determinación das sancións que correspondan, estarase ao disposto na Ordenanza Fiscal Xeral, Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria e restante normativa de aplicación.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA PRIMEIRA

Aplicarase un recargo do 0% para a terceira, cuarta e quinta pernocta ata o 30 de xuño de 2027 aos feitos impositivos previstos no artigo 2.1.a), pasando a computarse un número máximo de cinco pernoctas para cada estadia a partir do 1 de xullo de 2027 (incluído).

DISPOSICIÓN TRANSITORIA SEGUNDA

As disposicións recollidas nesta ordenanza relativas ao recargo sobre o imposto cando o feito impositivo sexa a estadia en embarcacións de cruceiro turístico fondeadas ou amarradas no porto de Vigo





CONCELLO DE VIGO

Expte. 2141/1102

cando realicen escala no mesmo (artigo 2.1.b) serán de aplicación a partir do 1 de xullo de 2027 (incluído).

DISPOSICIÓN TRANSITORIA TERCEIRA

Os suxeitos pasivos substitutos da persoa contribuínte nos supostos do artigo 2.1.a) presentarán autoliquidación e ingreso correspondente aos meses de outubro, novembro e decembro de 2026 ata o 31 de xaneiro de 2027.

DISPOSICIÓN FINAIS

1ª. No non previsto nesta ordenanza serán de aplicación as disposicións contidas na Ordenanza Fiscal Xeral do Concello, na Lei 5/2024 de Galicia, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas e na restante lexislación tributaria aplicable.

2ª. Esta ordenanza entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no BOP e comezará a aplicarse o día un (1) de outubro de 2026, permanecendo vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

ANEXO.- MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE

DECLARACIÓN RESPONSABLE PARA O RECARGO MUNICIPAL SOBRE O IMPOSTO GALEGO SOBRE AS ESTADÍAS TURÍSTICAS

DATOS DA PERSOA DECLARANTE:

Nome e apelidos NIF/Pasaporte

DECLARACIÓN:

De conformidade coa Ordenanza Fiscal nº 54 reguladora do recargo municipal sobre o Imposto Galego sobre as Estadías Turísticas e baixo a miña responsabilidade,

DECLARO (marcar cun X a declaración realizada):

☐ Que a miña estadía ten como finalidade a recepción/acompañar á persoa receptora de prestacións de atención sanitaria que formen parte da carteira de servizos do sistema sanitario público de Galicia. Acompaño a declaración de documento acreditativo conforme a asistencia sanitaria recibida pola persoa contribuínte/persoa acompañada forma parte da carteira de servizos do SERGAS. No caso de ser acompañante, indicar nome, apelidos e NIF da persoa receptora da prestación sanitaria:

.....

☐ Que, sendo deportista federado/a, a miña estadía ten como finalidade concorrer a competición oficial (indicar clube, deporte e competición):

☐ Que a miña estadía está causada polo seguinte acontecemento de forza maior:

☐ Que acredito un grao de discapacidade igual ou superior ao 65%

☐ Que a miña estadía é sufragada pola seguinte entidade de dereito público (indicar):

.....

S.ord. 14/08/2026



☐ Que a miña estadía débese a unha situación de realoxo, obras na miña vivenda habitual en Vigo, ou situación asimilable, sendo a dirección da miña vivenda en Vigo (indicar):

E, para que conste e resulte aplicable o suposto de non suxeición/exención/recargo cero previsto na Ordenanza Fiscal nº 54 reguladora do recargo:

Lugar e data

Sinatura da persoa declarante

Sinatura do establecemento turístico

Vigo, na data da sinatura dixital
A Directora de Ingresos e Xestión Catastral Delegada

Conforme,
O Concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe

11(691).- PAGO DAS DIETAS ESTABLECIDAS POR ASISTENCIAS DOS REPRESENTANTES MUNICIPAIS ÁS SESIÓNS DOS CONSELLOS ESCOLARES DOS CENTROS DE ENSINO PÚBLICO, PERÍODO XANEIRO A XULLO 2026. EXPTE. 100264/332.

Visto o informe de fiscalización do 041/08/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 163/07/2026, asinado polo técnico medio de actividades culturais e educativas e conformado pola concelleira delegada de Educación, a concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Consonte co establecido na lexislación educativa vixente, Lei Orgánica 3/2020 de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio de Educación (LOMLOE publicada no BOE Nº 340 do 30/12/2020), preténdese no seo dos Consellos Escolares promover unha mellora da capacidade da participación efectiva e eficaz da Comunidade Educativa e recóllese no seu artigo 127.i) que unha das competencias do Consello Escolar do centro pasa a ser a seguinte: "Promover progresivamente a conservación e renovación das instalacións e equipo escolar para a mellora da calidade e sustentabilidade ...". Igualmente os Concellos deben asumir a xestión e execución das competencias e funcións que a lexislación vixente, recoñece ás corporacións locais como responsabilidade de obrigado cumprimento no ámbito da Educación, e segundo o artigo 25.2.n) da Lei 7/1985 LRBRL teñen como competencia propia e responsabilidade legal a conservación, mantemento e vixianza dos edificios de titularidade local destinados a centros públicos de educación ..."





CONCELLO DE VIGO

Expte. 2141/1102

Por outra banda, a Lei Orgánica da Mellora da Calidade Educativa (LOMCE) (BOE nº 295 martes 10/décembro/2013) que modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, recolle no seu artigo 126.1.c) que entre os membros que compoñen o Consello Escolar estará un Concelleiro/a ou representante do Concello do termo municipal onde esté radicado o centro.

En aras de cumprir esta obriga municipal e segundo acordo da Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria do 19 de decembro de 2025, aprobouse entre outros, o nomeamento de Representantes Municipais nos Consellos Escolares dos Centros de Ensino Público de Educación Infantil, Primaria e Secundaria para o ano 2026 (Expte 99459/332), e a autorización para que perciban en concepto de asistencias efectivas a cada sesión do órgano colexiado a dieta de 39,78.-€ (TRINTA E NOVE CON SETENTA E OITO EUROS), para a categoría segunda de vocais que inclúe ao persoal clasificado nos grupos B (Subgrupo A2) e C (Subgrupo C1); e a dieta de 36,72.-€ (TRINTA E SEIS CON SETENTA E DOUS EUROS) para a categoría terceira de vocais que inclúe ao persoal clasificado nos grupos D (Subgrupo C2) e E; cantidades homologadas por asistencia e participación en tribunais de oposicións, concursos, ou outros órganos encargados da selección de persoal, consonte co Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razóns de servizo.

O referido R.D. recolle nos seus artigos 1.d) / 7.1.a) / 28.1 que: “Darán orixe a indemnización ou compensación as asistencias pola concurrencia, persoal ou por representación, as reunións de Órganos Colexiados da Administración, de Órganos de Administración de Órganos Públicos...”

Tal é o caso dos Consellos Escolares dos Centros Públicos, como Órgano Colexiado de Goberno dos centros de ensino público que dependen da Admón. Educativa Competente, neste caso a Consellería de Educación da Xunta de Galicia, e que permiten participar na xestión dos centros aos distintos membros da comunidade escolar, ademais de constituir a canle para o control e xestión dos fondos públicos.

Tamén recolle no seu artigo 2e) que : “O presente R.D. será de aplicación para o persoal ao servizo das Corporacións Locais, tal e como prevé a súa lexislación específica”.

Contabilizadas as asistencias ós Consellos Escolares dos Centros de Ensino Público, aportadas polos diferentes representantes municipais, dende o 13 de xaneiro ate o 15 de xullo dos correntes, elévanse á cantidade de 255 consellos escolares.

Na documentación que acompaña a este expediente, adxúntanse ademais dos xustificantes de asistencia expedidos polos centros de ensino, cada unha das fichas correspondentes ás sesións dos Consellos Escolares desenvolvidas polos representantes municipais, que con posterioridade quedarán arquivadas para a súa pertinente consulta nas dependencias do Servizo de Educación.

Asemade, e a efectos de cómputo, de cada representante municipal relacionase cronoloxicamente a data de asistencia da primeira e última sesión do consello escolar por cada un deles efectuada.

A competencia para acordar o pago das dietas establecidas por asistencias dos representantes municipais ás sesións dos Consellos Escolares dos Centros de Ensino Público, no período xaneiro a xullo de 2026, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, de conformidade co réxime de atribucións en materia de xestión económica establecido no artigo 127.1 g) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local.

S.ord. 14/08/2026



PROPOSTA:

Por todo o anteriormente exposto, solicítase á Xunta de Goberno Local o seguinte:

“Aproba-la cantidade de **9.997,02.-€** en concepto de asistencias ás sesións dos Consellos Escolares no periodo xaneiro a xullo de 2026, con cargo á **Partida Presupostaria 3230.233.00.00 dietas asistencia consellos escolares e bolsa de vinculación**, e desglosadas entre os representantes municipais do seguinte xeito:

Zona 1.- PEDRO MARÍA VÁZQUEZ IGLESIAS, NIF: ***0480**, GRUPO A2 (13/01/2026 - 02/07/2026)	31 X 39,78.-€	1.233,18.-€
Zona 2.- VÍCTOR MARTÍNEZ OYA, NIF: ***8479**, GRUPO C1 (15/01/2026 - 30/06/2026)	29 X 39,78.-€	1.153,62.-€
Zona 3.- VANESA RODRÍGUEZ PÉREZ, NIF: ***2479**, GRUPO C1 (14/04/2026 - 02/07/2026)	10 X 39,78.-€	397,8.-€
Zona 4.- ROCÍO BRUZON ALCAÑIZ, NIF: ***5864**, GRUPO C1 (15/01/2026 - 15/07/2026)	21 X 39,78.-€	835,38.-€
Zona 5.- ÁNGELES LANDÍN LORENZO, NIF: ***9165**, GRUPO C1 (27/01/2026 - 15/07/2026)	26 X 39,78.-€	1.034,28.-€
Zona 6.- MARIA RITA RIELO FRANCO, NIF: ***6707**, GRUPO C1 (20/01/2026 - 30/06/2026)	19 X 39,78.-€	755,82.-€
Zona 7.- YOLANDA FAJIN TORRES, NIF: ***9755**, GRUPO A2 (26/01/2026 - 26/06/2026)	6 X 39,78.-€	238,68.-€
Zona 8.- ESTELA ROSENDE VILLAR, NIF: ***6911**, GRUPO A2 (03/02/2026 - 30/06/2026)	13 X 39,78.-€	517,14.-€
Zona 9.- IRIA MARÍA ÁLVAREZ CANELLA, NIF: ***3259**, GRUPO C2 (13/01/2026 - 19/05/2026)	10 X 36,72.-€	367,20.-€
Zona 10.- JOSÉ ANTONIO FRANCO REZA, NIF: ***9778**, GRUPO C2 (19/01/2026 - 25/06/2026)	15 X 36,72.-€	550,80.-€
Zona 11.- NURIA MÉNDEZ LEMA, NIF: ***1656**, GRUPO C1 (21/01/2026 - 30/06/2026)	23 X 39,78.-€	914,94.-€
Zona 12.- FERNANDO GONZÁLEZ NÚÑEZ, NIF: ***5678**, GRUPO C2 (21/01/2026 - 08/07/2026)	23 X 36,72.-€	844,56.-€
Zona 13.- ANTÍA MOSQUERA GONZÁLEZ, NIF: ***5912**, GRUPO C1 (27/01/2026 - 30/06/2026)	15 X 39,78.-€	596,7.-€
Zona 14.- BEGOÑA CABALEIRO VILLANUEVA, NIF: ***2375**, GRUPO C1 (27/01/2026 - 03/07/2026)	14 X 39,78.-€	556,92.-€





CONCELLO DE VIGO

Expte. 2141/1102

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe

12(692).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE XESTIÓN DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL DE ATALAIA- TEIS. EXPTE. 99820/332.

Visto o informe xurídico de data 29/07/2026 e o informe de fiscalización do 04/08/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 16/07/2026, asinado polo técnico medio de actividades culturais e educativas e conformado pola concelleira delegada de Educación, a concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data 1 de abril de 2026, a concelleira da Área de Goberno de Fondos Europeos, Medio Ambiente, Educación e Normalización Lingüística resolve autorizar e instar ao Servizo de Educación para que inicie a tramitación do expediente administrativo para a contratación do servizo de xestión da Escola Infantil Municipal "Atalaia" de Teis.

No expediente tramitado ao efecto consta, entre outra, a seguinte documentación:

- Informe de xustificación da necesidade do contrato, asinado pola xefa do Servizo de Educación e pola concelleira delegada de Educación, de data 01/04/2026.
- Resolución da concelleira da Área de Goberno de Fondos Europeos, Medio Ambiente, Educación e Normalización Lingüística de data 01/04/2026 pola que se autoriza o inicio do expediente de contratación.
- Memoria económica asinada pola xefa do Servizo de Educación, pola concelleira delegada de Educación e polos concelleiros das Áreas de Goberno de Fondos Europeos, Medio Ambiente, Educación e Normalización Lingüística e de Orzamentos e Facenda, de data 07/04/2026.
- Informe asinado en data 14/04/2026 polo director superior contable e orzamentario, relativo á existencia de crédito orzamentario.
- Memoria xustificativa, asinada pola xefa do Servizo de Educación, pola concelleira delegada de Educación e pola concelleira da Área de Goberno de Fondos Europeos, Medio Ambiente, Educación e Normalización Lingüística o 01/06/2026.
- Declaración da redactora do PPT, de data 02/06/2026.
- Prego de prescricións técnicas (PPT) e cinco Anexos, de data 02/06/2026, redactado pola xefa do Servizo de Educación.
- Informe asinado pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos en data 08/06/2026, sobre a comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública.
- Anuncio de información previa, publicado no Diario Oficial da Unión Europea o 10/06/2026.
- Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) de data 16/07/2026, redactado pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos.

S.ord. 14/08/2026



As características básicas do contrato, tal e como se indica na documentación que conforma o expediente, son as seguintes:

Obxecto: A xestión parcial da Escola Infantil Municipal “Atalaia” de Teis, que comprende a atención total dos/das nenos e nenas que se escolarizarán nela, tanto nos aspectos educativos previstos na Lei orgánica 2/2006 de educación (LOE) para o primeiro ciclo de educación infantil, como na súa alimentación, coidado e hixiene dentro do horario das escolas, e a xestión e administración dos centros baixo a coordinación do Servizo de Educación, e de acordo cos requisitos contidos neste prego e no de prescricións técnicas.

Duración: A duración do contrato será de catro anos; existindo a posibilidade dunha prórroga dun ano.

Prezo: Estímase un prezo anual do contrato de 348.146,43 euros, exento de IVE, polo que o prezo total do contrato é de 1.392.585,72 euros.

Aplicación orzamentaria: 3230.227.9908 (Escola Infantil Teis).

A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na Disposición adicional segunda parágrafo 4º da Lei 9/2017, de 8 novembro, de contratos do sector público. A resolución segundo o artigo 117 da Lei 9/2017 deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación e disporá a apertura do procedemento de adxudicación e implicará a aprobación do gasto.

A vista das anteriores circunstancias, e previo informes da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral Municipal, **proponse** á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción dos seguintes **acordos**:

1º.- Aprobación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria dos servizos de xestión da Escola Infantil Municipal “Atalaia” de Teis.

2º.- Aprobación do Prego de prescricións técnicas de 02/06/2026, redactado polo Servizo de Educación e o Prego de cláusulas administrativas particulares de data 16/07/2026 redactado polo Servizo de Contratación, que se inclúen no presente expediente para a contratación dos servizos de xestión da Escola Infantil Municipal “Atalaia” de Teis.

3º.- O importe máximo do contrato plurianual é de 1.392.585,72 euros, exento de IVE, para a contratación do servizo de xestión da Escola Infantil Municipal “Atalaia” de Teis, con cargo á aplicación orzamentaria 3230.227.9908 (Escola Infantil Teis), e subordínase a autorización do gasto á existencia de crédito que para cada exercicio autoricen os respectivos orzamentos, asumindo o compromiso da súa inclusión nos exercicios futuros, conforme ao artigo 174 do TRLFL, do xeito seguinte:

ANUALIDADE	Importe (exento de IVE)
2027 (11 meses)	348.146,43 €
2028 (11 meses)	348.146,43 €
2029 (11 meses)	348.146,43 €
2030 (11 meses)	348.146,43 €
Total	1.392.585,72 €

4º.- Acordar a apertura do procedemento de contratación conforme ao previsto na lexislación vixente.





CONCELLO DE VIGO

Expte. 2141/1102

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe

13(693).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE RETIRADA E XESTIÓN DE RESIDUOS VEXETAIS. EXPTE. 51918/446.

Visto o informe xurídico de data 28/07/2026 e o informe de fiscalización do 11/08/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 04/08/2026, asinado polo xefe de Montes, Paques e Xardíns e conformado polo concelleiro da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

- 1.- En data 20 de marzo de 2026, a adxunta ao xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns, o xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns e o concelleiro da Área de Goberno de Parques e Xardíns, Comercio e Festas Especiais asinan informe xustificativo da necesidade e orde de inicio do procedemento aberto simplificado para a contratación do servizo de *Retirada e Xestión de Residuos Vexetais* (expte. 51918/446).
- 2.- A adxunta ao xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns, en data 11 de maio de 2026, o xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns e o concelleiro da Área de Goberno de Parques e Xardíns, Comercio e Festas Especiais, en data 12 de maio de 2026, asinan a memoria económica (MEC), co conforme do concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda.
- 3.- En data 13 de maio de 2026, a Dirección Superior Contable e Orzamentación-Intervención do Concello de Vigo emite documento económico de retención de crédito, RC 12026000053857, por importe de 4.166,67€, correspondente á anualidade 2026 e RC_FUT 12026000053860, por importe de 15.833,33€, correspondente ás anualidades 2027 e 2028.
- 4.- O Prego de prescricións técnicas particulares (PPTP), de data 14 de maio de 2026, así-nase pola adxunta ao xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns e polo xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns.
- 5.- A memoria xustificativa (MEX), de data 23 de xuño de 2026, así-nase pola adxunta ao xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns, co conforme do concelleiro da Área de Goberno de Parques e Xardíns, Comercio e Festas Especiais, da mesma data.
- 6.- En data 23 de xuño de 2026, a xefa da Área do Servizo de Contratación emite informe sobre a comprobación da incorporación ao expediente da documentación necesaria para a tramitación do contrato.
- 7.- O Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) así-nase pola xefa de Contratación, con data 24 de xullo de 2026.
- 8.- O presente contrato está previsto no plan anual de contratación.

S.ord. 14/08/2026



NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do Sector Público, no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas aprobado por Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro (no sucesivo, RXLCAP), no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real decreto lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións lexisladas vigentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de administración local de Galicia (LALGA).

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O expediente de contratación, de acordo co disposto no art artigo 116.1 da LCSP iniciárase polo Órgano de Contratación. No Concello de Vigo, esta competencia está delegada, por acordo da Xunta de goberno Local de 25 de setembro de 2025 (BOP N° 188, de data 02/10/2025), modificado por acordo da Xunta de Goberno Local de 7 de novembro de 2025 (BOP N° 217, de data 12/11/2025) nos concelleiros de Área de Goberno e nos concelleiros delegados. O concelleiro da Área de Goberno de Parques e Xardíns, Comercio e Festas Especiais, en resolución de 20 de marzo de 2026, autorizou o inicio deste expediente de contratación.

Segundo.- Dado o obxecto do contrato, tal e como se dispón no artigo 17 da LCSP trátase dun contrato de servizos e, en concreto, de servizos en función das necesidades da Administración con orzamento máximo (Disposición adicional 33ª da LCSP).

Terceiro.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel constan, tanto o prego de cláusulas administrativas particulares, como o de prescricións técnicas, que rexerán o contrato, tal e como se sinala no artigo 116 da LCSP.

Cuarto.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato, de conformidade cos artigos 028 e 116.1 da LCSP.

Quinto.- Na memoria xustificativa xustifícase a non división en lotes (artigo 116.4.g LCSP), o prezo e a súa xustificación (100 e seguintes LCSP), o valor estimado do contrato (116.4.d LCSP), os criterios de adxudicación e fórmulas de valoración (artigo 145 e 146 LCSP), os criterios de solvencia (116.4.c), as condicións especiais de execución (202.1) e o principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).





CONCELLO DE VIGO

Expte. 2141/1102

O procedemento elixido para a contratación é o aberto simplificado abreviado, e a forma de tramitación do expediente é a ordinaria, conforme ao disposto nos artigos 116, 131,2 e 159.6 da LCSP, toda vez que o seu valor estimado é 36.363,64€.

Sexto.- De conformidade coa disposición adicional terceira, apartados 8 da LCSP, e a disposición adicional oitava, apartado e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), requírese o informe preceptivo de Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.

Octavo.- O artigo 116.3 e o apartado 3 da disposición adicional terceira da LCSP, dispoñen que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Este documento, xunto co informe da fiscalización previa, incorporárase pola Intervención Xeral ao procedemento con carácter previo a aprobación polo órgano de contratación.

Noveno.- A competencia para a resolución do presente expediente, previa fiscalización da Intervención Xeral, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na disposición adicional segunda apartado 11 da Lei de Contratos do Sector Público. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 117 da LCSP) e implicará a aprobación do gasto.

Á vista do exposto, e previo informe da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo e da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, no uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte

ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto simplificado abreviado do contrato de **RETIRADA E XESTIÓN DE RESIDUOS VEXETAIS**, así como o prego de prescricións técnicas particulares, asinado na data 14 de maio de 2026 e o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por este procedemento asinado en data 24 de xullo de 2026.

SEGUNDO.- Autorizar o gasto de **20.000,00€**, que inclúe un IVE de 1.818,18€, o cal se imputará á aplicación orzamentaria 1710.2279906 "PRESTACIÓNS DE SERVIZOS ESPECIALIZADOS", distribuído en tres anualidades:

ANUALIDADE	IMPORTE
2026	4.166,67 €
2027	10.000,00 €
2028	5.833,33 €

S.ord. 14/08/2026



TERCEIRO.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista.

Os asinantes subscriben declaración de non estar incursos en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24 de febreiro de 2021 e do 3 de marzo de 2021 para os empregados públicos, en execución do O.O.3 "Reforzar a Integridade nos procesos", Liña Estratéxica 3, "Racionalizar e reforzar a integridade nos procesos", Obxectivo Estratéxico 3.4, "Apoiar e favorecer a integridade durante o proceso", Acción 3.4.1.1, do Plan de Integridade na Contratación aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de data 12.12.2019.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe

14(694).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA ACTUALIZACIÓN, MANTEMENTO INTEGRAL, SOPORTE TÉCNICO E ASISTENCIA TÉCNICA EVOLUTIVA DA APLICACIÓN INFORMÁTICA DA XESTIÓN DE INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS E DEREITOS (IMBD) E DO PATRIMONIO MUNICIPAL. EXPTE. 22417/240.

Visto o informe xurídico de data 31/07/2026 e o informe de fiscalización do 10/08/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 28/07/2026, asinado pola xefa da Área de Xestión Patrimonial e Territorial e conformado pola concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES

Con data 23 de febreiro de 2026, a concelleira-delegada de Patrimonio ditou orde de inicio do expediente administrativo dirixido á contratación por procedemento negociado sen publicidade do suministro da actualización e servizos de mantemento integral, soporte técnico e asistencia técnica evolutiva da aplicación informática da xestión do Inventario municipal de bens e dereitos (IMBD) e do patrimonio municipal:

- Parte fixa: actualización (evolución tecnolóxica)
- Parte variable: mantemento integral (estándar) e soporte técnico e asistencia técnica

No expediente inclúense os seguintes documentos:

- Informe de xustificación da necesidade e idoneidade do contrato asinado pola xefa da Área de xestión patrimonial e territorial de data 23 de febreiro de 2026
- Resolución da concelleira delegada de Patrimonio Histórico de data 23 de febreiro de 2026 para o inicio do expediente de contratación.
- Memoria económica asinada o 22 de xuño de 2026 pola xefa da Unidade de Patrimonio histórico e pola xefa da Área de xestión patrimonial e territorial.
- Prego de prescricións técnicas asinado o 25 de xuño de 2026 pola aparelladora municipal e polo xefe do servizo de administración electrónica.
- Memoria xustificativa asinada o 25 de xuño de 2026 pola xefa de Patrimonio Histórico e pola xefa da Área de xestión patrimonial e territorial





CONCELLO DE VIGO

Expte. 2141/1102

- Prego de cláusulas administrativas particulares asinado o 25 de xuño de 2026 pola xefa o servizo de Contratación.

II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

Primeiro.- A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de grande poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2a. 4 LCSP) e, por delegación deste (acordo da Xunta de Goberno Local de 13 dexuño de 2025), aos concelleiros de Area.

Segundo.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e LCSP), os criterios de solvencia económica e técnica (artigo 116.4.C LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os costes laborais (artigo 116.4.d) a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 LCSP), os criterios de adxudicación e a súa decuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP), a non división en lotes (artigo 116.4.g), así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 LCSP). Xustifícase a tramitación polo procedemento negociado sen publicidade toda vez que o servizo obxecto desde contrato soamente pode ser encomendado a ENTERSOLO S.L, por ser quen posúe a propiedade intelectual da aplicación, e polo tanto, dispón do seu código fonte.

Terceiro.- Consta na memoria elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

Cuarto.- É preceptiva previa aprobación do expediente de informe da titular da asesoría xurídica Disposición adicional 3a.8 da LCSP), así como a fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP).

Quinto.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2a. 4 LCSP).

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente o informe da titular da asesoría xurídica (Disposición adicional oitava LRBRL e Disposición adicional terceira apartado 8 LCSP) e o informe de fiscalización (art. 214 TRLRFL e Disposición adicional terceira apartado 3 LCSP), propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte:

III.- ACORDO

1º.- Aprobado o expediente de contratación polo procedemento negociado sen publicidade e tramitación ordinaria do suministro da actualización e servizos de mantemento integral, soporte técnico e asistencia técnica evolutiva da aplicación informática da xestión do Inventario municipal de bens e dereitos (IMBD) e do patrimonio municipal:

- Parte fixa: actualización (evolución tecnolóxica)

S.ord. 14/08/2026



- Parte variable: mantemento integral (estándar) e soporte técnico e asistencia técnica .

2º.- Aprobar o Prego de Prescricións técnicas asinado asinado o 25 de xuño de 2026 pola aparelladora municipal e polo xefe do servizo de administración electrónica.

3º.- Aprobar o Prego de cláusulas administrativas particulares asinado o 25 de xuño de 2026 pola xefa o servizo de Contratación.

4º.- Autorizar o gasto:

A) ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN (IVE incluído): 84.225,83 euros

- Parte fixa: 3.466,74 euros
- Parte variable: 80.759,09 euros

B) IVE A SOPORTAR POLA ADMINISTRACIÓN (21%): 14.617,73 euros

C) VALOR ESTIMADO DO CONTRATO: 69.608,10 euros

D) ANUALIDADES CON IVE E APLICACIÓN ORZAMENTARIA:

Anualidades	Datas	Importe	Partida
2026	01.09.2026 31.12.2026	7.018,83 euros	9330.227.06.02 MELLORAS E MANTEMEN- TO APLICATIVO XESTIÓN INVENTARIO ou bolsa de vinculación
2027	01.01.2027 31.12.2027	21.056,45 eu- ros	
2028	01.01.2028 31.12.2028	21.056,45 eu- ros	
2029	01.01.2029 31.12.2029	21.056,45 eu- ros	
2030	01.01.2030 31.08.2030	14.037,65 eu- ros	

5º.- Abrir o procedemento licitatorio para selección do contratista na forma prevista na lexis-
lación vixente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe





CONCELLO DE VIGO

Expte. 2141/1102

15(695).- APROBACIÓN DO PROXECTO PARA NOVA LICITACIÓN POR INCREMENTO ORZAMENTARIO DAS OBRAS DE “REFORMA DE MUÍÑO DO VENTO PARA ESPAZO PÚBLICO” NO BARRIO DE RIBADAVIA. EXPTE. 13155/307.

Visto o informe de fiscalización do 11/08/2026, sométese a aprobación o informe-proposta da mesma data, asinado xefa da Unidade de Patrimonio Histórico, pola xefa da Área de Xestión Patrimonial e Territorial e conformado pola concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

O inventario municipal recolle un edificio en Travesía Barrio Ribadavia 20 (Referencia Catastral 3756511NG2735N0001TK), como propiedade municipal segundo acordo da Xunta de Goberno Local de data 14/07/08, no que se planea unha transformación da parcela nun lugar de referencia do barrio de Ribadavia, abríndoo á cidadanía e adecuándoo para uso como espazo público e salón urbano.

1. Con data 22 de xaneiro de 2026 a Oficina de Supervisión de Proxectos e Inspección de Obras informou favorablemente o PROXECTO DE “REFORMA MUÍÑO DO VENTO EN ESPAZO PÚBLICO” NO BARRIO DE RIBADAVIA, redactado pola arquitecta Estefanía Grandal Leirós, cun orzamento base de licitación máis IVE de TRESCENTOS CINCUENTA E SETE MIL SEISCENTOS OITENTA E UN EUROS con NOVENTA E SEIS CÉNTIMOS (357.681,96 €), que foi aprobado en sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de 30 de xaneiro de 2026 (exp. 12665-307).
2. Con data 13 de abril de 2026, o Alcalde resolveu o seguinte:
"Delegar na Primeira Tenente de Alcalde e Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura, Igualdade todas as atribucións precisas para a xestión, tramitación, execución e seguimento dos expedientes de contratación administrativa de obra pública da actuación Reforma Muíño do Vento en espazo público no Barrio de Ribadavia".
3. Con data 12 de xuño de 2026 a Xunta de Goberno Local aproba o expediente de contratación polo procedemento aberto e tramitación ordinaria DAS OBRAS DE REFORMA do MUÍÑO DO VENTO EN ESPAZO PÚBLICO” NO BARRIO DE RIBADAVIA (VIGO) (exp. 12934-307).
4. Con data 24 de xullo de 2026 a Xunta de Goberno Local aproba “*Declarar deserto o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de reforma do muíño do vento en espazo público no barrio de Ribadavia (12934-307) por non terse presentado ningunha proposición.*” (exp. 12934-307).
5. Unha vez actualizados os prezos pola arquitecta redactora do proxecto, o proxecto é informado favorablemente pola Oficina de Supervisión de Proxectos e Inspección de Obras en data 10 de agosto de 2026.

S.ord. 14/08/2026



CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

I.- A previsión orzamentaria de contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 231 da LCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.

II.- Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar pola oficinas de supervisión de proxectos e Patrimonio municipal especifícanse, nos artigos 233 e 235 da LCSP, e 125 a 137 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

III.- O proxecto de obras, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tívéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, tal e como resulta da táboa que figura no informe técnico, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta localización no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto.

Especificamente consta dos documentos que o artigo 233.1 LCSP esixe para a súa aprobación:

a) Unha memoria na que se describa o obxecto das obras, que recollerá os antecedentes e situación previa ás mesmas, as necesidades a satisfacer e a xustificación da solución adoptada, detallándose os factores de todo orde a ter en conta.

b) Os planos de conxunto e de detalle necesarios para que a obra quede perfectamente definida, así como os que delimiten a ocupación de terreos e a restitución de servidumes e demais dereitos reais, no seu caso, e servizos afectados pola súa execución.

c) O prego de prescricións técnicas particulares, onde se fará a descrición das obras e regularase a súa execución, con expresión da forma en que esta levará a cabo, as obrigacións de orde técnica que correspondan ao contratista, e a maneira en que levará a cabo a medición das unidades executadas e o control de calidade dos materiais empregados e do proceso de execución.

d) Un orzamento, integrado ou non por varios parciais, con expresión dos prezos unitarios e dos descompostos, no seu caso, estado de medicións e os detalles precisos para a súa valoración. O orzamento ordenarase por obras elementais, nos termos que regulamentariamente establézanse.

e) Un programa de desenvolvemento dos traballos ou plan de obra de carácter indicativo, con previsión, no seu caso, do tempo e custo.

f) As referencias de todo tipo en que se fundamentará o reformulo da obra.





CONCELLO DE VIGO

Expte. 2141/1102

g) O estudo de seguridade e saúde ou, no seu caso, o estudo básico de seguridade e saúde, nos termos previstos nas normas de seguridade e saúde nas obras.

h) Canta documentación veña prevista en normas de carácter legal ou regulamentario

IV.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local.

V.- Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 236 da LCSP).

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO

- APROBAR O PROXECTO PARA NOVA LICITACIÓN POR INCREMENTO ORZAMENTARIO DA CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE “REFORMA MUÍÑO DO VENTO EN ESPAZO PÚBLICO”, NO BARRIO DE RIBADAVIA, EN VIGO”, redactado pola arquitecta Estefanía Grandal Leirós cun orzamento base de licitación máis IVE de CINCO CENTOS CATRO MIL OITOCENTOS DOUS EUROS con DEZASEIS CÉNTIMOS (504.802,16 €) e de data da sinatura dixital 27 de xullo de 2026.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe

16(696).- RESOLUCIÓN DE RECURSO POTESTATIVO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO CONTRA ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE CESE DE PERSOAL FUNCIONARIO INTERINO – CONDUTOR BOMBEIRO. EXPTE. 49043/220.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 07/08/2026, asinado polo técnico de Administración xeral, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e conformado pola concelleira delegada e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I.- J. M. Rodríguez Amil, con NIF ****788**, presenta recurso potestativo de reposición contra o Acordo da Xunta de Goberno Local de data 17.04.2026 no cal se acordou o cese do persoal funcionario interino, con cargo ás prazas vacantes de Conductor Bombeiro ou Bombeiro, en representación de B. Comesaña Martínez, NIF ****215**, na data 29.05.2026. A notificación do Acordo foi recibida por B. Comesaña Martínez, NIF ****215**, na data 29.04.2026.

S.ord. 14/08/2026



O escrito presentado ten un obxecto múltiple:

- Solicítase a suspensión e revocación do cese de B. Comesaña Martínez.
- Solicítase o abono e cotización de servizos prestados fóra da xornada de traballo ordinaria por B. Comesaña Martínez.
- Solicítase a declaración de B. Comesaña Martínez como persoal indefinido fixo.
- Solicítase a creación de novos postos de traballo no Servizo de SPEIS, debido ao exceso de gratificacións extraordinarias no servizo.

II.- Na data 22.06.2026, requírese a subsanación do recurso presentado, recibindo a notificación na data 26.06.2026, ante a falta de acreditación da representación.

III.- Na data 09.07.2026, J. M. Rodríguez Amil, con NIF ****788**, realiza a subsanación do recurso presentado.

IV.- Consta no expediente, informe de data 05.08.2026, seguinte:

*“Segundo o consultado na Área de RR.HH. e Formación, e comprobada a aplicación ginpix7 en relación co traballador B. Comesaña Martínez con nº de persoal 84791 e DNI núm..****974**, resultan, salvo erro ou omisión, os seguintes datos:*

- *Foi dado de alta como funcionario en prácticas, na categoría profesional de “Conductor Bombeiro”, na data 13.09.2021, nomeado por Acordo da Xunta de Goberno Local de 02.09.2021.*
- *Supera o curso obrigatorio, e é nomeado como funcionario interino, na categoría profesional de “Conductor Bombeiro”, na data 29.10.2021.*
- *Cesa na data 19.05.2026 tras a toma de posesión dos funcionarios da categoría “Conductor Bombeiro”, procedentes da execución da Oferta de Emprego Público 2020-2021-2022, sendo cesado pola Xunta de Goberno Local na sesión de 17.04.2026.*
- *Segundo os datos obrantes, reciben en concepto de atrasos por gratificacións as cantidades seguintes:*
 - *En 2024: 1375,13 e 295,16.*
 - *En 2025: 7607,21; 1710,47 e 311,02.*
 - *En 2026: 3708,57 e 1646,16.”*

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Obxecto do recurso de reposición

A solicitude presentada polo recorrente ten un obxecto diverso, sendo propiamente o relacionada co Acordo recorrido a suspensión e revocación do mesmo.

Este Acordo ten carácter de resolución administrativa definitiva que pon fin á vía administrativa, segundo o disposto nos artigos 112 e 114 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedimiento Administrativo Común das Administracións Públicas e ao artigo 52.2.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

De conformidade có artigo 121 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedimiento Administrativo Común das Administracións Públicas, contra os actos que pongan fin á vía administrativa podrán ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditara.





CONCELLO DE VIGO

Expte. 2141/1102

II.- Representación

Segundo o artigo 5.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedimiento Administrativo Común das Administracións Públicas os interesados con capacidade de obrar poderán actuar por medio de representante.

No artigo 5.3 desta lei establécese que para interpoñer recursos deberá acreditarse a representación. Esta se acreditará por calquera medio válido en Dereito que deixe constancia fidedigna da súa existencia.

A falta ou insuficiente de acreditación non impide que se teña por realizado o acto sempre que se subsana dentro do prazo de dez días, segundo o artigo 5.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedimiento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O recurso foi presentado sen a acreditación da representación mais foi subsanada dentro do prazo de dez días habilitado.

III.- Prazo

Segundo o artigo 124.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedimiento Administrativo Común das Administracións Públicas, a interposición do recurso de reposición será de un mes, se o acto fora expreso.

O prazo comezará a contar desde o día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación do acto que se trate, e concluirá o mesmo día no que se produce a notificación no mes de vencemento, segundo o artigo 30.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedimiento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Segundo o anterior, neste caso, o prazo para interpoñer o recurso será entre as datas 30.04.2026 e 29.05.2026, sendo presentada dentro do prazo.

IV.- Revocación do acto

O recorrente solicita a revocación do seu cese como funcionario interino. Do recurso pode extraerse como argumentos os seguintes:

- O abuso de temporalidade

Neste caso, o recorrente permanece como funcionario interino en un número superior ao límite de tres anos establecido para o nomeamento de funcionario interino por razón de expresa necesidade e urxencia, en caso de existencia de vacantes, a cal ven situada en tres anos, segundo o artigo 10.1.a) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empleado Público

A súa vez, tal e como establece o artigo 10.4 da mesma lei, de forma excepcional, o persoal funcionario interino poderá permanecer na praza que ocupe temporalmente sempre que se publicara a correspondente convocatoria dentro do prazo de tres anos a contar desde a data de nomeamento do funcionario interino e sexa resolta dentro dos prazos do artigo 70 da lei.

Neste suposto poderá permanecer ata a resolución da convocatoria.

Neste caso, as bases da convocatoria foron publicadas no BOP Pontevedra na data 03.06.2024, data na que se publica as bases xerais e as correspondentes a primeira fase da execución da Oferta de Emprego Público 2020-2021-2022, a cal inclúe a vacante de Conductor Bombeiro pola que foi nomeado o recorrente.

S.ord. 14/08/2026



Sendo nomeado funcionario interino por Acordo de Xunta de Goberno Local, de data 02.09.2021, non transcorriron tres anos desde o seu nomeamento ata a convocatoria da correspondente provisión definitiva da praza vacante.
En conclusión, non se produce o abuso de temporalidade.

- A praza responde a unha necesidade estrutural y no temporal

Outro argumento que pode extraerse do recurso é a utilización do nomeamento interino tería como obxectivo a cobertura dunha necesidade estrutura e non temporal, debido a existencia de prazas vacantes e a autorización da realización de servizos extraordinarios no SPEIS.

Tal e como establece a xurisprudencia do Tribunal Supremo:

"Hemos tenido ocasión de pronunciarnos sobre los criterios que permiten apreciar abuso en la utilización por parte de la Administración de nombramientos temporales. En último extremo, se puede decir que son abusivos cuando con ellos se quieren atender necesidades de carácter estructural en lugar de a las de naturaleza circunstancial para las que han sido previstos por la ley. Así, hay abuso en los nombramientos temporales que se mantienen o reiteran a lo largo de los años para desempeñar el mismo puesto vacante sin que se proceda a su convocatoria para su provisión por funcionario de carrera, o en los de concatenación de sucesivos nombramientos para el mismo puesto o para distintos puestos de semejante contenido. Naturalmente, la determinación del abuso requiere del examen de las circunstancias singulares a fin de establecer que, efectivamente, se ha recurrido de manera reiterada a personal temporal para atender necesidades permanentes" (sentencias n.º 1401/2021, de 30 de noviembre (casación n.º 6302/2018); n.º 1451/2021, de 10 de diciembre (casación n.º 7459/2018); n.º 1450/2021, de 10 de diciembre (casación n.º 6676/2018); n.º 1449/2021, de 10 de diciembre (casación n.º 6674/2018); y sucesivas].»

Aínda que se produzan nomeamentos de funcionarios interinos, isto non significa que tales teñan como obxectivo cubrir necesidades estruturais.

Neste caso, o cese do funcionario interino ten como orixe na cobertura definitiva da vacante, mediante a execución da Oferta de Emprego Público dos anos 2020-2021-2022, non producindo un novo nomeamento interino nesta praza vacante.

- Incumplimento de compromiso de creación de prazas

Esta alegación baséase no incumplimento do compromiso recollido nos Antecedentes do vixente Acordo regulador de condicións económicas e sociais dos funcionarios do Concello de Vigo, no cal se adquire o compromiso de que se nun servizo as horas en exceso realizadas ó final do ano superan á xornada normal dun funcionario, creárase unha nova praza.

Considera o recorrente que correspondería a creación dun novo posto, motivado na existencia de autorización de servizos extraordinarios no Servizo de SPEIS.

Este argumento é pouco relevante respecto do cese do funcionario interino, xa que, incluso aínda que supuxera o incumplimento do Concello, non existiría obriga que impuxera a adscripción do funcionario recorrente a este postos, nin impediría o cese do mesmo.

Non obstante, este compromiso vense cumprindo nos anos anteriores coa sucesiva creación de novas prazas no servizo de SPEIS: no ano 2025 produciuse a creación de 4 prazas de bombeiros/as e 2 de condutores bombeiros/as, así como outras 5 de postos de mando, segundo o Informe Técnico do Anteproxecto do Capítulo I dos Orzamentos para o Exercicio 2025.





CONCELLO DE VIGO

Expte. 2141/1102

V.- Suspensión da execución do acto

Tal e como establece o artigo 117 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedimiento Administrativo Común das Administracións Públicas, a interposición de calquera recurso non suspenderá a execución do acto, salvo que unha disposición estableza o contrario.

Neste mesmo artigo, a posibilidade de suspensión vén determinada por dous motivos:

- A execución poida causar prexuízos de imposible ou difícil reparación.
- Que a impugnación se fundamente en causa de nulidade de pleno dereito prevista no artigo 47.1 da lei.

Considerando os feitos relacionados có obxecto, e ante a total falta de motivación do recorrente, non se considera que se deba proceder á suspensión do acto recorrido.

VI.- Fiscalización previa

Non procede a fiscalización previa do acordo desestimatorio do recurso de reposición, ao carecer de contido económico e non dar lugar ao recoñecemento de dereitos nin de obrigas de contido económico para a Facenda municipal. En consecuencia, non se atopa comprendida no ámbito da función interventora regulada no Real Decreto 424/2017 por o que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local.

VII.- Órgano competente

O órgano competente para resolver é a Xunta de Goberno Local, conforme o artigo 123.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedimiento Administrativo Común das Administracións Públicas, os recursos de reposición ser recorridos ante o mesmo órgano que os ditara.

Adicionalmente, resulta preceptiva a previa conformidade da Concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal nos termos das delegacións competenciais efectuadas por Decreto da Excm. Alcaldía de resolución da Alcaldía de data 25/09/2025; e acordo da Xunta de Goberno Local de 7/11/2025)

De acordo co exposto propónse ao órgano competente a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO.- Desestimar o recurso de reposición presentado por J. M. Rodríguez Amil, con NIF ****788**, en representación de B. Comesaña Martínez, NIF ****215**, contra o Acordo da Xunta de Goberno Local de data 17.04.2026.

SEGUNDO.- Desestimar a solicitude de suspensión do Acordo da Xunta de Goberno Local de data 17.04.2026 presentado por J. M. Rodríguez Amil, con NIF ****788**, en representación de B. Comesaña Martínez, NIF ****215**.

TERCEIRO.- Notificar a presente resolución ao interesado aos efectos procedentes.

CUARTO.- Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2

S.ord. 14/08/2026



meses tamén dende o día seguinte á notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe

17(697).- CONTRATACIÓN DO CONCURSO DE PROXECTOS, CON INTERVENCIÓN DE XURADO, PARA O DESEÑO E REALIZACIÓN DUNHA ESCULTURA, DESTINADA Á VÍA PÚBLICA, PARA RECOÑECIMENTO DA FIGURA DO FUTBOLISTA DO RC CELTA DE VIGO, IAGO ASPAS. EXPTE. 6667/330.

Visto o informe xurídico de data 30/06/2026 e o informe de fiscalización do 10/08/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 30/06/2026, asinado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural e conformado polo concelleiro delegado de Cultura, o concelleiro da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público.
- 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, modificada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local e pola Lei 27/2013 de 27 de decembro de racionalización e sostibilidade da Administración Local.
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.
- Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.
- Lei 25/2013 de 27 de decembro, de Impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de factura no sector público.
- Lei 19/2013 de 9 de decembro de transparencia, acceso á información e bo goberno.

ANTECEDENTES

No expediente tramitado ao efecto consta, entre outra, a seguinte documentación:

- A xustificación da necesidade e idoneidade do concurso de proxectos á que se refire o artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP), coa resolución da concellería delegada que inicia o expediente (artigo 116 LCSP), de data 5 de maio de 2026.
- Memoria económica asinada con data 15 de maio de 2026 polo xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural e mailo concelleiro-delegado de Cultura.
- Certificado de retención de crédito de data 19 de maio de 2026 (operación RC 12026000055377).





CONCELLO DE VIGO

Expte. 2141/1102

- Memoria xustificativa para a elaboración das bases reitoras do concurso de proxectos, asinada con data 29 de xuño de 2026 polo xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, o concelleiro-delegado de Cultura e maila concelleira-delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade.
- Informe do servizo de Contratación indicando que o expediente reúne a documentación esixida pola lexislación vixente en materia de contratación pública, asinada pola Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos con data 17 de xuño de 2026.
- Bases reitoras do concurso de proxectos asinada pola Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos con data 30 de xuño de 2026.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O expediente de contratación do concurso de proxectos iniciárase polo órgano de contratación de acordo co disposto na Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público; no Concello de Vigo esta competencia atopábase delegada nos Concelleiros-delegados de Área, segundo o acordo da Xunta de Goberno Local de data 28 de xullo do 2023, polo que se aproba a modificación de delegación de competencias da Xunta de Goberno Local nos concelleiros delegados de Área de Goberno e nos concelleiros delegados e aprobación do texto refundido (expte 1483/1102), no apartado terceiro, punto 6.

Segundo.- O expediente refírese á totalidade do obxecto, de conformidade co requirido polo artigo 116.2 da LCSP, e incorpora as bases reitoras do concurso de proxectos.

Terceiro.- A xustificación da necesidade e idoneidade do contrato á que se refire o artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP), coa resolución da concellería delegada que inicia o expediente (artigo 116 LCSP), de data 5 de maio de 2026.

Cuarto.- Este contrato enmarcase na “Planificación estratéxica en materia de publicidade e comunicación do concello de Vigo para o período 2026-2028” aprobada pola Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 27 de febreiro de 2026 (expediente 21015-101).

Quinto: Na memoria económica de data 15 de maio de 2026 xustifícase entre outras cuestións:

- Xustificación do prezo do contrato, do orzamento base de licitación e do valor estimado do contrato (e o seu método de cálculo) aos que fai referencia o artigo 102 LCSP.
- Xustificación de que o contrato non suporá desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).
- Forma de aboamento do prezo (artigo 67.2ñ do RLCAP).

Sexto: Na memoria xustificativa de data 29 de xuño de 2026 xustifícase, entre outras cuestións:

S.ord. 14/08/2026



- A xustificación do procedemento elixido.
- Xustificación do prazo de duración dos contratos e de execución da prestación (artigo 29 LCSP)
- Xustificación do prazo de duración dos contratos e de execución da prestación (artigo 29 LCSP).
- Xustificación da elección dos criterios de adxudicación e da súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP).

Sétimo.- No relativo á clasificación do contrato, trátase dun concurso de proxectos, con intervención de xurado e con concesión de premios ou pagamentos aos participantes, consono co disposto no artigo 183.2.a) da LCSP.

Oitavo.- De conformidade coa disposición adicional terceira, apartado 8 da LCSP e, a disposición adicional oitava, apartado e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), se require o informe preceptivo de Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.

Noveno.- O artigo 116.3 e o apartado 3 da disposición adicional terceira da LCSP, dispoñen que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Este documento foi emitido pola Intervención Xeral con data 19 de maio de 2026.

Décimo: Os abaixo asinantes declaran a ausencia do conflito de intereses en relación co presente expediente nos termos da resolución aprobada pola concelleira delegada da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal do 3/3/2021, adoptada en execución do obxectivo 3.4.1 do plan operativo (Res. Concellería 17/12/2019), correspondente á liña estratéxica 3 do marco estratéxico (AXGL 12/12/2019) do Plan de Integridade na Contratación do Concello de Vigo.

Décimo primeiro: A competencia para a resolución do presente expediente, previa fiscalización da Intervención Xeral, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na disposición adicional segunda apartado 11 da Lei de Contratos do Sector Público. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 117 da LCSP) e implicará a aprobación do gasto.

Á vista do exposto, e previo informe da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo e da Intervención Xeral, coas conformidades do concelleiro-delegado de Cultura, da concelleira-delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade e mailo concelleiro-delegado da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, proponse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, no uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **ACORDO**:

1º.- Aprobación do expediente de contratación do concurso de proxectos, con intervención de xurado, para o deseño e realización dunha escultura, destinada á vía pública, para recoñecemento da figura do futbolista do RC Celta de Vigo, lago Aspas.





CONCELLO DE VIGO

Expte. 2141/1102

2º.- Aprobar as bases reitoras que rexerán o concurso de proxecto, con intervención de xurado, asinadas pola Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos con data 30 de xuño de 2026.

3º.- Autorizar o gasto por importe total de **215.000 € (douscentos quince mil euros)**, sendo o IVE a soportar pola administración 37.314,05 €, con cargo á aplicación orzamentaria 3340.680.00.00 "Esc. Iago Aspas, concurso de ideas, transporte e colocación"

4º.- Acordar a apertura do procedemento de contratación conforme ao previsto na lexislación vixente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe

18(698).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA AO CONSERVATORIO SUPERIOR DE MÚSICA DE VIGO PARA O FINANCIAMENTO DO PROGRAMA "XI FESTIVAL DA MÚSICA E DAS ARTES NAS ONDAS" DURANTE O EXERCICIO 2026. EXPTE. 6735/330.

Visto o informe xurídico de data 14/07/2026 e o informe de fiscalización do 11/08/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 09/07/2026, asinado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural e conformado pola concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data 7 de xullo do 2026, o Conservatorio Superior de Música de Vigo presenta escrito de solicitude de subvención para a organización do "XI Festival da Música e das Artes nas Ondas 2026"; por este motivo, por parte desta xefatura iniciase o expediente de concesión da subvención correspondente, polo importe de 4.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.12 do orzamento municipal vixente.

ANTECEDENTES.-

O Conservatorio Superior de Música de Vigo é un centro educativo dependente da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, creado na nosa cidade no ano 1956, que ademais realiza actividades de tipo cultural abertas a toda a cidadanía, entre elas o programa **FESTIVAL DA MÚSICA E DAS ARTES "NAS ONDAS"**, que serven como medio de promoción e dinamización da cultura da cidade e que celebra a quinta edición. O obxectivo fundamental do programa é a difusión das Artes Escénicas en xeral, con maior fincapé nas musicais e tamén quere dar a oportunidade ao desenvolvemente artístico e novos talentos, estudantes e persoas recién tituladas que poidan convivir nun espazo artístico con persoas de renome e traxectorias mais marcadas no ámbito da música.

PROGRAMA E ORZAMENTO:

O programa do "**XI FESTIVAL DA MÚSICA E DAS ARTES NAS ONDAS 2026**" foi o seguinte:

S.ord. 14/08/2026



	Febreiro			
1.	Martes 3 20 h	"Concert spirituel" Viktoria Salo, violín; Álvaro González, viola da gamba; Sofia Villanueva, clave	SEMANA DA MÚSICA ANTIGA	Auditorio Martín Códax
2.	Martes 3 14- 16 h (ADIADO ao 5 ás 20h)	Introducción á danza histórica e a súa aplicación práctica para músicos Docente: Diego Ruenes	SEMANA DA MÚSICA ANTIGA	Auditorio Martín Códax
3.	Mércores 4 20 h	Suites orquestrais de J.S. Bach Concerto da Orquestra Barroca do CSMVigo en colaboración co profesorado do De- partamento de Música Antiga do CMUS Pontevedra. Dir. Pavel Amilcar	SEMANA DA MÚSICA ANTIGA	Auditorio do CMUS Ma- nuel Qui- roga (Ponte- vedra)
4.	Xoves 5 19 h	Corpos Sonoros III 2026 Purcell: Improvisacións Música, Danza Iluminación e Vídeo Arte Coord.: Pavel Amilcar	SEMANA DA MÚSICA ANTIGA	Auditorio Martín Códax
5.	Martes 10 20 h	Semana Internacional Erasmus – Kazajistan (Almaty) Gennadiy Kim e Azhiyev Zhiger (guitarra). Zhanat Yermanov (clarinete)	SON ERASMUS	Auditorio Martín Códax
6.	Xoves 12 20 h	Semana Internacional Erasmus – Do- centes Ucrania. CONCERTOS POLA PAZ Docentes da Ukrainian National Tchaikovsky Academy of Music – Kiev e da Kharkiv "I.P. Kotlyarevsky" National University Of Arts Ihor Sediuk (piano), Oleh Kopeliuk (piano), Natalia Polikarkova (soprano), Bohdan Rumiantsev (cello) e Stanislav Pavlovych (clarinete)	SON ERASMUS	Auditorio Martín Códax
7.	Xoves 19 20h	(Di) Versos Femininos. Música de Juan Durán Nuria Lorenzo (mezzosoprano) e Alejo Amoedo (piano)	EXPLURART	Auditorio Martín Códax
8.	Martes 24 20h	Lugares comúns 20 anos despois Manuel Morales (frauta) e Ahmed Dickin- son Cárdenas (guitarra)	EXPLURART	Auditorio Martín Códax
9.	Mércores 25 20h	Concerto Externo Anton Dressler	6th International Clarinet Week CSM Vigo 2026	Vitruvia Café
10.	Xoves 26 20h	Concerto 6th International Clarinet Week Profesorado e alumnado invitado	6th International Clarinet Week CSM Vigo 2026	Auditorio Martín Códax
	Marzo			
11.	Dende o martes 3	Exposición sonmuller	Día Internacional da Muller	Sede de Vigo da De- putación de Pontevedra
12.	Martes 3 20 h	ENTRE NOTAS E SILENCIOS. MULLERES NA MÚSICA	Día Internacional da Muller	Sede de Vigo da De- putación de Pontevedra
13.	Xoves 5 20 h	ENTRE NOTAS E SILENCIOS. MULLERES NA MÚSICA	Día Internacional da Muller	Auditorio Martín Códax





CONCELLO DE VIGO

Expte. 2141/1102

14.	Venres 6 12h	Poesía Musicada	Día Internacional da Muller	Biblioteca CSM Vigo
15.	Martes 10 20 h	Semana Internacional Erasmus – Balcáns (Saraxevo) Adema Pijevljak (canto) e Maja Ackar (piano)	SON ERASMUS	Auditorio Martín Códax
16.	Xoves 12 20 h	Semana Internacional Erasmus – Balcáns (Montenegro) Dusan Obrenovic (violin) e Vladana Petrovic (piano)	SON ERASMUS	Auditorio Martín Códax
17.	Martes 17 20h	Semana Internacional Erasmus – Balcáns (Albania) Pjeter Guralumi (violoncello), Esteban Valverde (Clarinete) e Severino Ortiz (Piano)	SON ERASMUS	Auditorio Martín Códax
18.	Luns 23 16h	Ponencia: A cultura como motor de crecemento Gabriel Robles	SEMANA PEX	Aula orquestra
19.	Luns 23 18h	Ponencia: Técnicas de Grabación y sonido inmersivo / Dolby Atmos Carlos Rodgarman	SEMANA PEX	Aula orquestra
20.	Martes 24 11h	Ponencia: Unha ollada á música popular nos eSports Eulalia Febrer	SEMANA PEX	Auditorio Martín Códax
21.	Martes 24 20h	Monográfico II sobre Octavio Vázquez Esteban Valverde Corrales (clarinete), Roberto Noche García (clarinete), Lara Raña Barreiro (fauta) Fernando Raña Barreiro (fauta), Mario Peris Salom (violin), Gabriel Bussi (viola), Luis Caballero Varona (violoncello) e Severino Ortiz Rey (piano)	EXPLURART	Auditorio Martín Códax
22.	Mércores 25 10h	Ponencia: Accesibilidade na música? Música inclusiva? Raquel García	SEMANA PEX	Aula Polivalente
23.	Mércores 25 12h	Ponencia: Sensoxenoma e Euterpe ADN: o poder da música desde a óptica da investigación biomédica Laura Navarro	SEMANA PEX	Aula Polivalente
24.	Mércores 25 17h	Taller na ESADg	SEMANA PEX	ESAD
25.	Xoves 26 10h	Ponencia: Loops e improvisación no proceso creativo Benxamín Otero	SEMANA PEX	Aula Polivalente
26.	Xoves 26 12h	Ponencia: A traxectoria de María Soa María Soa	SEMANA PEX	Aula Polivalente
27.	Xoves 26 16h	Ponencia: Muestra del secuenciador Oxi One Mk2 Manuel Vr	SEMANA PEX	Aula Polivalente
28.	Xoves 26 17:30h	Ponencia: A intersección entre a tecnoloxía de audio, produción musical e intelixencia artificial John March	SEMANA PEX	Aula Polivalente
29.	Xoves 26 20h	Concerto: Oswaldo Oro	SEMANA PEX	Auditorio Martín Códax
30.	Venres 27 11h	Ponencia: Xestión cultural e cooperación europea no ámbito musical: oportunidades formativas e profesionais	SEMANA PEX	Auditorio Martín Códax

S.ord. 14/08/2026



		Sara Domínguez		
31.	Venres 27 13h	Ponencia: Respirar, loitar, tocar: do silencio á meta. Unha historia de música, distonía, deporte e resiliencia Bernat Xamena	SEMANA PEX	Auditorio Martín Códax
1.	Abril			
32.	Martes 7 20 h	En Conxunto	DE PIANO	Auditorio Martín Códax
33.	Xoves 9 20h	As fontes da inspiración musical María José Cid (piano)	DE PIANO	Auditorio Martín Códax
34.	Venres 10 20 h	Alumnos do departamento de piano do CSM Vigo	DE PIANO	Auditorio Conservatorio de Torroso (Mos)
35.	Martes 14 20 h	Transcrición para saxofón e piano. Estudantes da Aula de Saxofón: Sheila Lorenzo González, Javier Rodríguez Vila, Inés Santana Vilar, Mateo Pérez Ben e María Núñez. Pablo Rodríguez, piano.	SAXORNADAS	Auditorio Martín Códax
36.	Mércores 15 12	Relatorio: O saxofón nas bandas de música profesionais e populares en Galicia na actualidade Diego García Morales,	SAXORNADAS	Aula Polivalente
37.	Xoves 16 20 h	Concerto João Pedro Silva	SAXORNADAS	Auditorio Martín Códax
38.	Martes 21 20 h	Concerto: "De l'aube à l'éternité" ("Del alba a la eternidad") Esteban Valverde (clarinete), Mario Peris (violin), Ana Torres (violonchelo) e Cristina García (piano)	EXPLURART	Auditorio Martín Códax
39.	Mércores 22 20h	1º CONCERTO COMPARTIDO	VI PERCUSIÓNFEST	Auditorio David Russell (Conservatorio Profesional de Música de Vigo)
40.	Xoves 23 20h	Concerto: Katarzyna Myćka (Marimba)	VI PERCUSIÓNFEST	Auditorio Martín Códax
41.	Venres 24 19h	2º Concerto compartido CMUS Profesional de A Coruña, CMUS Profesional de Carballiño, CSM A Coruña, CMUS Profesional de Vigo e CSM Vigo	VI PERCUSIÓNFEST	Auditorio Martín Códax
42.	Martes 28 20h	Diego Ruenes Clave	EXPLURART	Auditorio Martín Códax
43.	Mércores 29	Concerto IMTP Alumnado e profesorado de IMTP	SEMANA DA MÚSICA TRADICIONAL	CMUS Ourense
1.	Maio			
44.	Luns 4 ás 16 h	Encontro co compositor José Manuel López López	SEMANA DA MÚSICA DE NOVA CREACIÓN	Aula Orquestra





CONCELLO DE VIGO

Expte. 2141/1102

45.	Martes 5 19 h	Estreos 26 Taller de Composición CSMVigo, PAI (máster). Dir. Javier Viceiro	SEMANA DA MÚSICA DE NOVA CREACIÓN	Auditorio Martín Códax
46.	Mércores 6 20h	Coro Conservatorio Superior de Música de Vigo Amalia Guerrero Rocha (directora)	ABRENTE	Auditorio Martín Códax
47.	Xoves 7 20 h	Concerto Poesía Musicada Letras Galegas 2026 Adicado a Begoña Caamaño	LETRAS GALEGAS	Auditorio Martín Códax
48.	Mércores 27 20 h	Banda de Música do CSMVigo Juan Carlos Díaz (director)	ABRENTE	Auditorio Martín Códax
49.	Xoves 28 20 h	Orquestra Sinfónica do CSMVigo Juan Carlos Díaz (director). En colaboración con ESAD e EAV	ABRENTE	Concatedral-Basilica de Santa María de Vigo
50.	Venres 29 20 h	Orquestra Sinfónica do CSMVigo Juan Carlos Díaz (director). En colaboración con ESAD e EAV	ABRENTE	Catedral de Santa María de Tui
1.	Xuño			
51.	Marte 2 20 h	Orquestra Barroca do CSMVigo Pavel A. Ayala (director) Mira Glodeanu (directora invitada)	ABRENTE	Auditorio Martín Códax
52.	Xoves 4 19 h	Acto de Graduación e Clausura do Curso Académico 2025-26	ACTO GRADUACIÓN	Auditorio Martín Códax
53.	Venres 5 20 h	Concerto de premiados no XII Concurso de Música de Cámara do CSMVigo	ABRENTE	Auditorio de Praza do Rei

A memoria económica que se achega a esta proposta, incorpora o orzamento xeral de gastos e ingresos do programa polo importe total de 4.825,54 € (catro mil oitocentos vintecinco euros con cincuenta e catro céntimos) financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 4.000 euros
- Achega da entidade : 825,54 euros

DOCUMENTACIÓN.-

Por parte da asociación, presentouse a documentación relativa ao expediente de subvención, que está integrada pola seguinte:

- Solicitud e autorización á consulta dos datos tributarios
- Memoria e orzamento da actividade
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Axencia Tributaria
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Xunta de Galicia
- Certificado de estar ao corrente de pagos co Concello de Vigo
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Seguridade Social
- Certificación da conta bancaria
- Declaración de non estar incurso en prohibición para obter subvencións.
- Declaración doutras axudas.
- Seguro de responsabilidade civil.

S.ord. 14/08/2026



LEXISLACIÓN APLICABLE.-

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo ao Conservatorio Superior de Música de Vigo, para a organización do " XI Festival da Música e das Artes Vigo nas Ondas 2026", rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

O Plan Estratéxico de Subvencións para o período 2024-2026 aprobouse por acordo da Xunta de Goberno Local do 08.03.2024, rectificación de erros do 15.03.2024 e publicouse no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e Axudas Públicas e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo ao "Conservatorio Superior de Música de Vigo ", para a organización do " XI Festival da Música e das Artes Vigo nas Ondas 2026", se axusta as directrices, obxectivos estratéxicos e plans de acción sinalados no anexo do Plan estratéxico de Subvencións 2024-2026 do Concello de Vigo para a Área de Cultura, no que se refire ás subvencións nominativas para o financiamento de actividades socioculturais

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

A concesión da subvención directa á entidade "Conservatorio Superior de Música de Vigo" deberá axustarse ao previsto no art. 22.2 apartados a) e c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións, tanto por estar prevista nominativamente no orzamento do Concello de Vigo do 2026, como polo interese público, social e cultural que supón a actividade para a cidade de Vigo; acreditado na concordancia do programa singular a executar, os fins estatutarios da entidade, a súa complementariedade coa actividade cultural organizada polo Concello e marcada diferenza coa oferta doutras entidades, polo cal non procede promover a concorrência para o seu outorgamento.

ÓRGANO DE RESOLUCIÓN E ÁMBITO DE COMPETENCIAS .-

O órgano de goberno para a concesión desta subvención directa é a Xunta de Goberno Local.

O obxecto do expediente corresponde as materias de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2. m) da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2. n) (actividades culturais) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

FINANCIAMENTO DA SUBVENCIÓN.-

A subvención do Concello de Vigo á entidade "Conservatorio Superior de Música de Vigo" ten como obxecto financiar a organización do "**XI FESTIVAL DA MÚSICA E DAS ARTES NAS**





CONCELLO DE VIGO

Expte. 2141/1102

ONDAS 2026" figurando na aplicación **3340.480.00.12** do orzamento municipal vixente a concesión dunha subvención nominativa por importe de 4.000 €, a favor da entidade.

A subvención do Concello de Vigo á entidade " Conservatorio Superior de Música de Vigo" é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outras administracións ou entes públicos ou privados.

CONDICIÓN DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN

A resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables (segundo se establece tanto na Lei Xeral de Subvencións como na Lei de subvencións de Galicia), que se detallan na proposta.

Coa conformidade da concelleira da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade e mailo concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, tralos informes xurídico e da Intervención Xeral do Concello de Vigo, faise a seguinte

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-

***"PRIMEIRO.-** Aprobar a concesión directa da subvención de 4.000 euros (catro mil euros) ao Conservatorio Superior de Música de Vigo, CIF. Q-8650014G, para o financiamento do XI Festival da Música e das Artes Nas Ondas 2026, organizado por esta entidade; e autorizar e dispoñer o devandito gasto con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.12 "SUBVENCIÓN CONSERVATORIO SUPERIOR DE MÚSICA. FESTIVAL NAS ONDAS", que figura no orzamento municipal vixente do Concello de Vigo.*

***SEGUNDO.-** As condicións que rexirán a subvención serán as seguintes:*

OBRIGAS DA ENTIDADE

1)E de responsabilidade da Entidade :

- a)A organización das actividades a través dun equipo de profesionais dirixidos e/ou supervisados pola ENTIDADE,
- b)A organización integral do programa, a súa ampla difusión e a dispoñibilidade dos espazos, e solicitude, de ser o caso, dos permisos correspondentes para a utilización dos mesmos, solicitude de ocupación de vía pública, cargas e descargas, instalación de elementos, etc.
- c)Cumprimento do programa obxecto da subvención e o abono dos gastos relativos á organización da actividade, tanto directos como indirectos (contratacións, produción, dereitos de autor derivados da programación, material de difusión, alugueiro e uso de espazos de ser o caso, e demais infraestruturas necesarias para o desenvolvemento efectivo da actividade).

2)Actuará como interlocutor único ante a CONCELLERÍA D. Esteban Valverde Corrales, director do CSM Vigo.

3)Cumprir coas obrigas fiscais, así como das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.

S.ord. 14/08/2026



4) Incorporar os anagramas-logotipos do Concello de Vigo nos elementos de difusión da actividade subvencionada

5) Comunicar á CONCELLERÍA as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen o financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, e en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da autorización da modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.

Fíxase unha porcentaxe flexible máxima do 5% na execución da actividade sen que supoña alteración no obxecto do presente convenio e na concesión da subvención.

A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).

6) A concesión da subvención á ENTIDADE implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

7) Someterse ás actuacións de comprobación, seguimento, control financeiro e inspección que o Concello de Vigo considere necesario, ás previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas ou ás doutros órganos da Administración estatal ou da Unión Europea, aos cales se facilitará canta información lles sexa requirida para este efecto, todo isto de conformidade co disposto na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, e demais normativa regulamentaria de desenvolvemento, así como conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en canto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control. Colaborar co persoal que, no seu caso, desenvolva a/as auditoría/s xestionadas polo Concello de Vigo, prestando a debida colaboración, atendendo aos seus requirimentos e achegando, de selo caso, a documentación complementaria solicitada".

8) As entidades con personalidade xurídica que non teñan a obriga de levar a contabilidade deberán dispor dun control de ingresos e gastos que sexan imputados á actividade subvencionable.

9) A concesión da subvención á ENTIDADE implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas ditas normativas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

10) Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do programa e a ditos efectos ter contratado e dispoñer dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se puido





CONCELLO DE VIGO

Expte. 2141/1102

producir en relación ao desenvolvemento do evento. Neste sentido, A ENTIDADE presenta copia do seguro de responsabilidade civil.

OBRIGAS DO CONCELLO. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

A tramitación da subvención e xestión do pagamento do importe da subvención (4.000 €), tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.

MECANISMOS DE SEGUIMENTO DA SUBVENCIÓN. UNIDADE XESTORA

O centro xestor da subvención á ENTIDADE é a Área de Cultura do Concello de Vigo, a través do Xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, a quen comunicará calquera incidencia do proxecto subvencionado.

O centro xestor ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN

O CONCELLO xestionará o pagamento á ENTIDADE polo importe da subvención outorgada ou resultante, trala entrega do informe final coa rendición da conta xustificativa; previa aprobación da achega pola Xunta de Goberno Local, emisión dos informes técnicos, e co conformidade do concelleiro-delegado da Área de Cultura.

A xustificación deberá facerse coa presentación na sede electrónica das facturas correspondentes ao gasto do proxecto ou actividade ademais deberá achegar un balance que abranque a totalidade do gasto ou unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que obxecto da subvención executouse na súa totalidade e o seu custo final foi de XX.XXX euros.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), A ENTIDADE está obrigada a relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas. Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concede a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por me-

S.ord. 14/08/2026



dios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

Documentación a incluír na conta xustificativa:

- Solicitud de pagamento da subvención, tendo como límite o 10 de novembro do 2026.
- Acreditar atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, Tesourería Xeral da Seguridade Social e Concello de Vigo.
- Memoria de execución e avaliación da actividade realizada, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos, que deberá incluír como mínimo:
 1. Programa con información sobre organización, patrocinio, colaboradores, venda de entradas, etc.
 2. Datos sobre os participantes nas actividades, número e perfil dos asistentes.
 3. Memoria de prensa.
 4. Relación de material gráfico e de difusión contendo os logotipos do Concello de Vigo.
 5. Reportaxe fotográfica.
- Memoria económica contendo o balance detallado coa totalidade dos gastos e ingresos da actividade, con indicación dos acredores, conceptos facturados, datas de emisión e importe; acreditados con documentos orixinais pola parte subvencionada.
- Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia, data de ingreso e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.
- As facturas ordenadas segundo o concepto de gasto a que se atribúen e nas que figure a EMPRESA como entidade destinataria, deberán recoller o seu número e data, CIF, denominación e domicilio social do emisor, conceptos, importes, IVE, etc. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD. 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.
- Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, agás que xustifique que está exenta de IVE.
- Nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do prazo de xustificación; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade, por tratarse a perceptora da subvención dunha entidade sen fin lucrativo e en consideración a que o importe da subvención constitúe unha das formas de financiamento para levar a cabo as actuacións inherentes á subvención e ademais non se contempla a realización de pagos a conta ou anticipados.
- A conta xustificativa dos gastos presentarase segundo o modelo dispoñible na sede electrónica do Concello de Vigo: <https://sede.vigo.org/expedientes/avisos/aviso.jsp?>





CONCELLO DE VIGO

Expte. 2141/1102

[id=4443&lang=ga](#), coa relación clasificada de gastos e con todos os datos solicitados cubertos (número de factura, proveedor, concepto, importe, data de emisión...). Non se aceptarán contas xustificativas que non se presenten no citado modelo.

- Os pagos en efectivo limitáanse até un importe máximo de 1.000 € ou ben **ata o límite que permita a lexislación vixente en cada momento**, pero sempre que se achegue o xustificante de cobro asinado polo proveedor, non aceptándose sen a sinatura do proveedor.
- No seu caso, aportarase memoria explicativa sobre as posibles desviacións respecto ao orzamento inicial da actividade, segundo o artigo 72.2.a) do RD 887/2006.
- Naqueles gastos onde a cobertura exceda do marco temporal subvencionable, deberase aplicar o principio de devindicación, realizando os axustes proporcionais que correspondan.

Gastos subvencionables:

Considerarase como gasto subvencionable os realizados no ano 2025 (con cargo ao orzamento 2026) que se xustifiquen coa correspondente factura con anterioridade a finalización do período de xustificación e que teñan como data límite dous meses dende a última actividade subvencionada.

Estos gastos deberán xustificarse coa correspondente factura con anterioridade a finalización do período de xustificación, por tratarse a perceptora da subvención dunha entidade sen fin lucrativo e en consideración a que o importe da subvención constitúe unha das formas de financiamento para levar a cabo as actuacións inherentes á subvención e ademais non se contempla a realización de pagos a conta ou anticipados.

De conformidade co disposto no artigo 31.3 da Lei 38/2003 do 17 de novembro Xeral de Subvencións, **cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas para o contrato menor (máis de 15.000 euros nos contratos de prestación do servizo) o beneficiario solicitará como mínimo tres ofertas de diferentes provedores**, con carácter previo á prestación do servizo salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou subministren ou que o gasto realizárase con anterioridade á subvención. **A elección entre as ofertas presentadas deberá achegarse na xustificación** ou no seu caso na solicitude de subvención que se realizará consonte aos criterios de eficiencia e economía **debendo xustificarse expresamente na memoria a elección cando non recaída na proposta económica máis favorable.**

Consideraranse gastos subvencionables, aqueles que respondan directa e indubidablemente á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do prazo establecido para a execución do proxecto, quedando excluídos os custos indirectos imputables á actividade, os custos de funcionamento ordinario da entidade, os de atencións protocolarias e representativas, e os gastos en inversións e adquisicións de material, equipos e bens de natureza inventariable.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

S.ord. 14/08/2026



Non se contempla a posibilidade de subcontratación dos gastos derivados da execución do programa subvencionado.

Importe total de subvencións ou axudas:

A subvención do Concello á EMPRESA é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe das subvencións ou axudas percibidas pola EMPRESA para a actividade subvencionada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados (art.17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia).

XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada pola Servizo de Cultura. Os técnicos do Servizo de Cultura emitirán informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola CONCELLERÍA e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

O CONCELLO publicará a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello e comunicarllo á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1.c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

REINTEGRO

Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu orzamento que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá ao reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Fíxase unha porcentaxe flexible máxima do 5% na execución da actividade sen que supoña alteración no obxecto do presente convenio e na concesión da subvención.





CONCELLO DE VIGO

Expte. 2141/1102

INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención e o procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia, en orde á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei Orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Cultura.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Cultura do Concello de Vigo.

LEXISLACIÓN APLICABLE

A concesión da subvención rexerase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da lei de propiedade intelectual.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe

S.ord. 14/08/2026



19(699).- FIXACIÓN DE PREZOS PÚBLICOS DE VENDA DE ENTRADAS DA PROGRAMACIÓN MUNICIPAL DAS ARTES ESCÉNICAS “VIGOCULTURA” A DESENVOLVER NO AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO. EXPTE. 6788/330.

Visto o informe xurídico de data 05/08/2026 e o informe de fiscalización do 11/08/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 04/08/2026, asinado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural e conformado polo concelleiro delegado de Cultura e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES.-

A Constitución Española no seu artigo 44.1 establece que os poderes públicos promoverán e tutelarán o acceso á cultura, á que todos teñen dereito. Os municipios teñen a competencia da promoción da Cultura e dos equipamentos culturais, de conformidade co previsto nos artigos 25.1 e 25.2.m da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e cos artigos 80.1 e 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

A Concellería de Cultura do Concello de Vigo ten encomendada a competencia de establecer as directrices xerais, desenvolvemento e execución de políticas públicas municipais en materia de Cultura, mediante a programación anual de actividades culturais diversas. Neste sentido, a citada área organiza e desenvolve dende hai anos a programación municipal de artes escénicas que se desenvolve no Auditorio Municipal do Concello, consolidada como un referente cultural para o público.

A programación de artes escénicas que organiza a Concellería de Cultura enmárcase dentro da liña principal de programación coa que se conta no noso eido, a Rede Galega de Teatros e Auditorios (RGTA), xestionada pola AGADIC, e que establece datas de programación segundo os catálogos publicados, conforme aos espectáculos que están de xira en cada semestre no panorama. Así, a Agadic abriu o prazo de selección de propostas artísticas aos Concellos dentro dos seus catálogos de público familiar, público adulto (teatro e danza) e grupos musicais, do 4 ao 26 de xuño, ambos inclusive. O período de contratación abrangue do 11 de xullo ao 6 de decembro do 2026. Con data 26 de xuño, a concelleira-delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade resolveu aprobar a proposta artística para a programación municipal de artes escénicas “Vigocultura” no Auditorio Municipal do Concello, seleccionada dentro do catálogo da Rede Galega de Teatros e Auditorios, para o período outubro-novembro de 2026.

Dentro do catálogo da RGTA foron seleccionados 16 espectáculos, 9 para público adulto e 7 para público familiar. O importe total en concepto da súa contratación ascende a 57.401 €, dos que o Concello de Vigo aporta 54.844,15 €.

Unha vez aprobada esa proposta, quedaron sen cubrir determinadas datas do programa polo que se considerou necesario abrir unha convocatoria pública para que se poidan presentar propostas artísticas que non estiveron dispoñibles no catálogo da RGTA e que podían resultar de interese para completar a programación municipal, sobre todo propostas artísticas de fóra de Galicia.





CONCELLO DE VIGO

Expte. 2141/1102

Con data 28 de xullo de 2026, a concelleira-delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade resolveu aprobar a convocatoria pública para presentación de propostas artísticas para o programa municipal de artes escénicas “Vigocultura”, que non formaron parte do catálogo da Rede Galega de Teatros e Auditorios (RGTA), para determinadas datas do período outubro-novembro de 2026. En total seleccionáronse 10 espectáculos, 1 de rúa, 7 para público adulto e 2 para público familiar. O importe total en concepto da súa contratación ascende a 87.069,65 €, asumidos integramente polo Concello de Vigo.

Por tanto, en total contrátanse 26 espectáculos: 1 de rúa, 16 para público adulto e 9 para público familiar. O custo total da contratación ascende a 144.470,65 €, dos que o Concello de Vigo aporta 141.913,80 €.

Todos os contratos dos espectáculos seleccionados están nestes momentos en tramitación de adxudicación, a través de contratos privados de natureza artística, con cargo ao orzamento municipal vixente para 2026, concretamente á aplicación 3331.226.09.06 “Programación Auditorio Municipal”, que ten saldo adecuado e suficiente.

2.- NORMATIVA FIXACIÓN DE PREZOS

Segundo o apartado 1º do artigo 44 do TRLRFL *“o importe dos prezos públicos deberá cubrir como mínimo o custo do servizo prestado ou da actividade realizada”*.

No apartado 2º do dito precepto se establece que *“cando existan razóns sociais benéficas, culturais ou de interese público que así o aconsellen, a entidade poderá fixar prezos públicos por baixo do límite previsto no apartado anterior. Nestes casos deberán consignarse nos orzamentos da entidade as dotacións oportunas para a cobertura da diferenza resultante se a houbese”*.

Así pois, os prezos públicos que se propoñen para a citada programación son prezos por debaixo do custe das actividades, xa que nos atopamos ante un servizo ou actividade municipal de **incuestionable interese cultural** ao tratarse dunha programación de tipo cultural e educativa que pretende chegar ao maior número de cidadás e cidadáns posible, co obxecto de achegar a cultura á poboación.

Establecer un prezo de entrada que supoña como mínimo o custo da actividade tal e como establece a Lei Reguladora das Facendas Locais suporía afastar as cidadás e aos cidadáns da oportunidade de acceder á cultura, xa que implicaría establecer prezos moi elevados aos que non toda a poboación podería ter acceso.

Neste sentido cobra especial relevancia o apoio institucional ás actividades culturais que o Concello de Vigo oferta na súa programación cultural de artes escénicas (música, teatro, danza...), xa que debe ser un obxectivo fundamental de calquera institución cultural a participación e acceso á cultura e motivar a realización e desenvolvemento das actividades culturais, físicas, artísticas e sociais que promovan, o acceso a textos dramáticos (intimamente relacionado co acceso á lectura), a educación en valores (a través da programación familiar), así como facilitar o desenvolvemento de habilidades intelectuais e emocionais transmitidas a través das artes escénicas, capacidades e competencias sociais e culturais no ámbito da comunidade.

S.ord. 14/08/2026



Por outro lado, e tendo en conta que o custo de organización desta programación é extraordinario, tal e como establece a ordenanza número 42 reguladora de prezos públicos, incrementanse as tarifas relacionadas nesta ordenanza en contía que non superará o custo calculado en base á ocupación total das localidades.

A resolución pola que se establecen as normas de funcionamento das programacións incluídas na Rede Galega de Teatros e Auditorios fixa, en canto aos prezos das entradas, o seguinte:

“4. As funcións incluídas nas programacións da RGTA deberán ser de libre acceso para todos os interesados, previo aboamento do importe da entrada, cos seguintes prezos mínimos (agás nas funcións realizadas noutro espazo escénico non adscrito á RGTA):

Caché do espectáculo / Prezo mínimo

750 – 2.500 €: 3 euros

2.501 – 5.000 €: 5 euros

> 5.001 €: 8 euros”

3.- PROPOSTA DE PREZOS

Á vista do exposto, a proposta de prezos, combinando a ordenanza municipal e as normas da RGTA, sería a seguinte:

DATA	COMPAÑÍA	ESPECTÁCULO	CACHÉS	N.º MAX. EN- TRA- DAS	COSTE/ ESPEC- TADOR MÁXIMO	PREZO PRO- POSTO	Públi- co
4/10	Ghazafellos	“Ándale! Bon Appétit!”	1.800,00 €	285	6,32 €	5,00 €	F
9/10	A Tríptica Teatro	“O que xermola do lume”	2.500,00 €	285	8,77 €	8,00 €	A
10/10	Berrobambán	“Begoña Caamaño, o transgredir das ondas”	1.815,00 €	285	6,37 €	8,00 €	A
11/10	O Baúl da tía tola	“Fiadora de sonhos”	2.310,00 €	285	8,11 €	5,00 €	F
16/10	ButacaZero	“A velada de Londres”	3.993,00 €	285	14,01 €	8,00 €	A
17/10	El Aedo Teatro	Poeta (perdido) en Nueva York	5.324,00 €	285	18,68 €	8,00 €	A
18/10	Cenc Cèntims Teatre	Mular (o la gran captura)	4.827,90 €	285	16,94 €	5,00 €	F
23/10	Teatro de Ningures	“Telma e Lola”	4.235,00 €	285	14,86 €	8,00 €	A
24/10	Horma Creativa	Bestseller, la obra que Lorca nunca escribió	10.829,50 €	285	38,00 €	12,00 €	A
25/10	Píscore	“Comedia”	2.541,00 €	285	8,92 €	5,00 €	F
30/10	Gretel Cazón	Girasoles para María	5.082,00 €	285	17,83 €	8,00 €	A
31/10	Teatro Español y Entrecajas Producc.	Esencia	15.125,00 €	285	53,07 €	12,00 €	A





CONCELLO DE VIGO

Expte. 2141/1102

1/11	DA.TE Danza	"Únicos"	5.082,00 €	285	17,83 €	5,00 €	F
6/11	Pepe y Lucas	"Dentro y fuera"	3.100,00 €	285	10,88 €	8,00 €	A
7/11	Redrum teatro	A furia de Amanita	3.146,00 €	285	11,04 €	8,00 €	A
8/11	María Escobar	"Qué brisa, la risa!"	3.025,00 €	210	14,40 €	3,00 €	FR
13/11	La Contraria	Contra Ana	5.800,00 €	285	20,35 €	10,00 €	A
14/11	Sarabela Teatro	"O sangue das promesas: Incendio"	5.900,00 €	285	20,70 €	10,00 €	A
15/11	Luís Boyano	"Retranca....e maxia"	2.178,00 €	285	7,64 €	5,00 €	F
20/11	Coprod. Festival Mérida y GNP Producc.	Los Hermanos	17.998,75 €	285	63,15 €	12,00 €	A
21/11	Contraproduccións	"Crónica do rei pasmado"	7.623,00 €	285	26,75 €	10,00 €	A
22/11	Markeliñe Teatro	Zepo Zapo	3.569,50 €	285	12,52 €	5,00 €	F
27/11	Grupo Chévere	"Ictus. Anatomía de "A derradeira leición" de Castella"	6.413,00 €	285	22,50 €	10,00 €	A
28/11	Yllana	Madness	6.655,00 €	285	23,35 €	10,00 €	A
29/11	Teatro o Cubo	"Voo"	2.345,00 €	285	8,23 €	5,00 €	F

F: público familiar

FR: público familiar aforo súper reducido

A: público adulto

Público adulto:

Debido a que a programación é organizada como un todo, e que os prezos públicos deben ser máis ou menos homoxéneos para a maioría dos espectáculos e facilitar a información ao público, establécese o prezo de venda de entradas para público adulto segundo o seguinte:

* 8 €: para espectáculos con cachés inferiores a 5.500 €

* 10 €: para os espectáculos con cachés entre 5.500 € e 10.000 €

* 12 € para espectáculos con cachés superiores a 10.000 €.

Público familiar:

Os prezos para público familiar sería en todos os caso de 5 €, tendo en conta que se pretende fomentar o acceso ao teatro ao público máis novo e facilitar así a creación de públicos.

A excepción sería o espectáculo con aforamento reducido e cunha duración menor, caso de María Escobar (8 de novembro, 3 sesións cun aforo de 70 persoas por cada unha), polo que se propón un prezo de 3 €.

4.- ABONOS E DESCONTOS

De acordo co artigo 3.1 da citada ordenanza estableceranse dous tipos de **abonos á carta**:

S.ord. 14/08/2026



- compra de 5 espectáculos combinados como se queira, no que se aplicará un 10 % de desconto sobre o prezo total de compra.
- compra de 10 espectáculos combinados como se queira, no que se aplicará un 25% de desconto sobre o prezo total de compra.

En ningún caso se sobrepasa o 30 % que establece a ordenanza.

Por outro lado, establécese tamén un desconto do 30% en virtude de posibles colaboracións con centros de ensino que garden relación directa coa programación de artes escénicas, como pode ser a Escola Superior de Arte Dramática ou o IES Audiovisual.

Existirán localidades con redución do 30% para menores de 25 anos nos espectáculos para público adulto, xa que as funcións para público familiar xa teñen un prezo especial reducido.

As porcentaxes de redución do prezo non son acumulables.

5.- FORMA DE VENDA DE ENTRADAS

As entradas serán postas á venda a través da plataforma de Giglon (contrato adxudicado no expediente número 6199/330) anticipadamente online e en punto físico da cidade por determinar, e e na billeteira do propio Auditorio o mesmo día do espectáculo a partir dunha hora antes do comezo (sempre que houbese entradas dispoñibles).

6.- COMPETENCIA

O establecemento ou modificación dos prezos públicos corresponderá ao Pleno da corporación, se ben a dita facultade está delegada na Xunta de Goberno Local (artigo 3 da ordenanza n.º 42 reguladora de prezos públicos, en relación co artigo 47 do TRLFL).

Á vista do exposto, coa conformidade do concelleiro-delegado de Cultura e maila concelleira-delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade, previos os informes xurídico e da Intervención de Fondos, faise a seguinte

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL

“1.- Fixar os prezos de venda de entradas para os espectáculos da PROGRAMACIÓN MUNICIPAL DAS ARTES ESCÉNICAS “VIGOCULTURA”, QUE SE REALIZARÁ NO AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO, NOS MESES DE OUTUBRO E NOVIEMBRE DE 2026, de acordo coa ordenanza reguladora de prezos públicos nº42 e coas normas de funcionamento da Rede Galega de Teatros e Auditorios, segundo o seguinte detalle:

DATA	COMPAÑÍA	ESPECTÁCULO	PREZO PROPOSTO
4/10	Ghazafelhos	“Ándale! Bon Appétit!”	5,00 €
9/10	A Tríptica Teatro	“O que xermola do lume”	8,00 €





CONCELLO DE VIGO

Expte. 2141/1102

10/10	Berrobambán	"Begoña Caamaño, o transgredir das ondas"	8,00 €
11/10	O Baúl da tía tola	"Fiadora de sonhos"	5,00 €
16/10	ButacaZero	"A velada de Londres"	8,00 €
17/10	El Aedo Teatro	Poeta (perdido) en Nueva York	8,00 €
18/10	Cenc Cèntims Teatre	Mular (o la gran captura)	5,00 €
23/10	Teatro de Ningures	"Telma e Lola"	8,00 €
24/10	Horma Creativa	Bestseller, la obra que Lorca nunca escribió	12,00 €
25/10	Píscore	"Comedia"	5,00 €
30/10	Gretel Cazón	Girasoles para María	8,00 €
31/10	Teatro Español y Entrecajas Producc.	Esencia	12,00 €
1/11	DA.TE Danza	"Únicos"	5,00 €
6/11	Pepe y Lucas	"Dentro y fuera"	8,00 €
7/11	Redrum teatro	A furia de Amanita	8,00 €
8/11	María Escobar	"Qué brisa, la risa!"	3,00 €
13/11	La Contraria	Contra Ana	10,00 €
14/11	Sarabela Teatro	"O sangue das promesas: Incendio"	10,00 €
15/11	Luís Boyano	"Retranca....e maxia"	5,00 €
20/11	Coprod. Festival Mérida y GNP Producc.	Los Hermanos	12,00 €
21/11	Contraproducións	"Crónica do rei pasmado"	10,00 €
22/11	Markeliñe Teatro	Zepo Zapo	5,00 €
27/11	Grupo Chévere	"Ictus. Anatomía de "A derradeira leición" de Castelao"	10,00 €
28/11	Yllana	Madness	10,00 €
29/11	Teatro o Cubo	"Voo"	5,00 €

2.- Establecer os seguintes abonos e descontos:

*** ABONOS Á CARTA:**

- compra de 5 espectáculos combinados como se queira, no que se aplicará un 10 % de desconto sobre o prezo total de compra.
- compra de 10 espectáculos combinados como se queira, no que se aplicará un 25% de desconto sobre o prezo total de compra.

*** DESCONTOS:**

- Establécese un desconto do 30% en virtude de posibles colaboracións con centros de ensino que garden relación directa coa programación de artes escénicas, como pode ser a Escola Superior de Arte Dramática ou o IES Audiovisual.

S.ord. 14/08/2026



- Existirán localidades con redución do 30% para menores de 25 anos exclusivamente nos espectáculos para público adulto.

As porcentaxes de redución do prezo non serán acumulables.

3.- As entradas poranse á venda a través da plataforma de Giglon (contrato adxudicado no expediente número 6199/330) anticipadamente online e en punto físico da cidade por determinar, e e na billeteira do propio Auditorio o mesmo día do espectáculo a partir dunha hora antes do comezo (sempre que houbese entradas dispoñibles).

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe

20(700).- PROPOSTA APROBACIÓN DUNHA ADDENDA PARA AMPLIACIÓN DO PRAZO DE VIXENCIA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN COA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA PARA LEVAR A CABO A EXECUCIÓN DA OBRA “PROXECTO MACROPARQUE DE XOGOS EN FINCA MATÍAS”. EXPTE. 2155/441.

Visto o informe xurídico do 31/07/2026 e o informe de fiscalización do 7/08/2026, sométese a aprobación o infrome-proposta de data 31/07/2026, asinado polo xefe da Área de Investimentos e conformado polo concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

I.- Antecedentes:

1.- A Xunta de Goberno Local, en sesión do día 28 de novembro de 2024, aprobou o o convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra para a execución da obra “PROXECTO MACROPARQUE DE XOGOS EN FINCA MATÍAS”. Expte. 2155-441.

Dito convenio foi asinado polas partes con data con data de 23 de decembro de 2024.

2.-. O citado convenio indica no pacto DÉCIMO PRIMEIRO - VIXENCIA:

“O presente convenio producirá os seus efectos dende a data da súa sinatura e o investimento obxecto deste convenio deberá estar executado e finalizado a límite do 30 de setembro de 2026, fixándose un prazo de xustificación ata o 30 de decembro de 2026. No caso de imposibilidade de remate das obras ou xustificación nos prazos referidos, as partes poderán acordar a ampliación dos mesmos ata o 30 de setembro de 2027.”

3.- En relación ao desenvolvemento do dito convenio, o Concello de Vigo entre outras cuestións obrigase a licitar, executar, controlar e recibir as obras consonte ao correspondente proxecto técnico.

4.- A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, en sesión do día 15 de maio de 2026,





CONCELLO DE VIGO

Expte. 2141/1102

acordou:

“Adxudicar a CIVIS GLOBAL, SLU o procedemento aberto mixto para a contratación da obra e subministro do macroparque de xogos en Finca Matías (2220-441) por un prezo total do contrato de 2.630.598,66 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 456.550,18 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Dito contrato foi asinado o día 29 de maio de 2026 entre o Concello de Vigo e a mercantil CIVIS GLOBAL SLU, contemplando un prazo de execución de oito meses, contados a partir do día seguinte ao da data de levantamento da acta de comprobación de replanteo.

5.- A vista dos antecedentes e da evolución administrativa do expediente conducente a execución do obxecto do convenio de referencia, e de acordo co estipulado no artigo 49.h.) 2º, da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público, con data 30/06/2026 procedeuse a dar traslado á Deputación Provincial de Pontevedra da necesidade de ampliar a vixencia do convenio de referencia, de acordo co estipulado no pacto décimo primeiro, ata o vindeiro 30 de setembro de 2027, polo que se achega proposta do texto da addenda para a súa tramitación, aprobación e posterior sinatura.

Asemade, comunícaselle que dende o Concello de Vigo, iniciase a correspondente tramitación para a aprobación e posterior sinatura da addenda proposta.

6.- Dende a Deputación provincial de Pontevedra en escrito de data 16/07/2026, requirese:

*De conformidade co establecido no artigo 35 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas no que, para a ampliación de prazos, se esixe unha motivación suficiente, **debe achegar a acreditación da motivación que xustifique a ampliación da vixencia do Convenio.***

II.- Proposta:

A vista de todos os antecedentes e tendo en conta que tal como lle foi comunicado, a proposta de prorroga fundamentase expresamente no disposto no pacto DÉCIMO PRIMEIRO VIXENCIA do convenio, no que se establece que o investimento deberá estar executado e finalizado como data límite o 30 de setembro de 2026, fixándose un prazo de xustificación ata o 30 de decembro de 2026, prevéndose igualmente que, no caso de imposibilidade de remate das obras ou da súa xustificación nos prazos sinalados, as partes poderán acordar a ampliación dos mesmos ata o 30 de setembro de 2027, polo cal a acreditación que xustifica esta solicitude de atender a esta aplicación do prazo queda suficientemente motivada en base os actos administrativos, que posibilitan con certeza a determinación da finalización da obra, os cales correspondense cos seguintes:

- Acordo da Xunta de Goberno Local da adxudicación da obra, de data 15 de maio de 2026.

S.ord. 14/08/2026



- Data de formalización do contrato, de data 29 de maio de 2026, no cal se determina “O prazo do contrato será de 8 meses, contado a partir do día seguinte ao da data de levantamento da acta de comprobación de replanteo”.
- Acta de comprobación de replanteo, de data 29 de xuño de 2026, a cal determina a data de inicio da obra.

Dos actos administrativos expostos, pódese establecer de maneira certa que a finalización da execución da obra, derivase a finais do mes de febreiro do 2027. E posteriormente deberá procederse os actos administrativos para e emisión da acta de recepción e posterior certificación final.

Por todo o exposto, previo xurídico e da Intervención Xeral do Concello de Vigo, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Aprobar o texto da ADDENDA PARA AMPLIAR A VIXENCIA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA LEVAR A CABO A EXECUCIÓN DA OBRA "PROXECTO MACROPARQUE DE XOGOS EN FINCA MATÍAS", cuxo texto se transcribe no anexo a esta proposta.

SEGUNDO: Dar traslado do presente acordo a Deputación Provincial de Pontevedra para a formalización e sinatura da presente addenda.

TERCEIRO.- Dar conta do presente acordo á Concellería de Xestión municipal ós efectos de publicidade

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe

ANEXO:

ADDENDA PARA AMPLIAR A VIXENCIA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA LEVAR A CABO A EXECUCIÓN DA OBRA "PROXECTO MACROPARQUE DE XOGOS EN FINCA MATÍAS"

En Vigo na data da sinatura electrónica

INTERVEÑEN

Dunha parte, D. Luis López Diéguez, presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, actuando en virtude das competencias que lle atribúe o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Doutra parte, D. Abel Caballero Álvarez, alcalde do Concello de Vigo, no exercicio das competencias que lle atribúe o artigo 124.1 e.4 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.





CONCELLO DE VIGO

Expte. 2141/1102

Dá fe da formalización Dña. María Beatriz Del Cerro Del Río, vicesecretaria xeral da Deputación de Pontevedra e D.^a Susana Gallardo Fariña, secretaria do Goberno Local do Concello de Vigo.

Ámbalas dúas partes actúan nas representacións expresadas e recoñécense reciprocamente capacidade bastante para o outorgamento e formalización deste convenio, con base nos principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións das Administracións Públicas e, a estes efectos, de común acordo,

EXPOÑEN

I.- Que o día 23 de decembro de 2024 foi asinado o Convenio de Colaboración entre o Concello de Vigo e a Deputación de Pontevedra establecer as bases para a colaboración económica para levar a cabo a execución da obra “PROXECTO MACROPARQUE DE XOGOS EN FINCA MATÍAS”.

II.- Que o convenio asinado, no seu pacto “DÉCIMO PRIMEIRO.- VIXENCIA” establece que :
”O presente convenio producirá os seus efectos dende a data da súa sinatura e o investimento obxecto deste convenio deberá estar executado e finalizado a límite do 30 de setembro de 2026, fixándose un prazo de xustificación ata o 30 de decembro de 2026. No caso de imposibilidade de remate das obras ou xustificación nos prazos referidos, as partes poderán acordar a ampliación dos mesmos ata o 30 de setembro de 2027”.

III.- Que en relación as actuación do convenio para a execución da obra do “PROXECTO MACROPARQUE DE XOGOS EN FINCA MATÍAS”, cómpre sinalar que esta actuación xa foi licitada e adxudicada mediante acordo da Xunta de Goberno Local do día 15 de maio de 2026, asinándose o o correspondente contrato da obra e subministro do macroparque de xogos en Finca Matías (Expte. 2220-441) entre o Concello de Vigo e a mercantil CIVIS GLOBAL SLU o día 29 de maio de 2026, contemplando un prazo de execución de oito meses, contados a partir do día seguinte ao da data de levantamento da acta de comprobación de replanteo, sendo asinada dita acta con data do 29 de xuño de 2026

IV.- Que en base ao estado de execución das obras de devandito proxecto é conveniente adecuar a vixencia do convenio ás necesidades de execución reais do investimento.

V.- Por todo o anteriormente exposto, ambas as partes manifestan expresamente o seu propósito de asinar unha addenda co obxecto de proceder á adecuación temporal do “Convenio de Colaboración entre o Concello de Vigo e a Deputación de Pontevedra establecer as bases para a colaboración económica entre o Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra para levar a cabo a execución da obra PROXECTO MACROPARQUE DE XOGOS EN FINCA MATÍAS”; conforme aos seguintes

PACTOS

PRIMEIRO.- A Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vigo acordan adecuar o prazo de vixencia do “Convenio de Colaboración entre o Concello de Vigo e a Deputación de Pontevedra establecer as bases para a colaboración económica entre o Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra para levar a cabo a execución da obra PROXECTO MACROPARQUE DE XOGOS EN FINCA MATÍAS” ampliándoo ata o día **30 de setembro de 2027**.

S.ord. 14/08/2026



SEGUNDO.- En todo o demais, o texto do convenio asinado en data 23 de decembro de 2024. mantense invariable, suxeitándose as partes ao seu clausulado.

E para que así conste, en proba de conformidade, as partes asinan a presente addenda no lugar e data sinalados no seu encabezamento.

21(701).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE “RENOVACIÓN DOS VESTIARIOS E INSTALACIÓN DO CAMPO DE FÚTBOL DE A BOUZA-COIA”. EXPTE. 2610/441.

Visto o informe xurídico de data 16/07/2026 e o informe de fiscalización do 10/08/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 09/07/2026, asinado pola técnica de xestión, o xefe da Área de Servizos Xerais e conformado polo concelleiro da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES DE FEITO.

1.- O concelleiro da Área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes o día 30.07.2025 resolveu autorizar o contrato menor e o gasto para a redacción do proxecto de referencia, a favor do arquitecto Ángel Santorio Cuartero.

2.- O dito arquitecto presenta trala fase de supervisión do borrador presentado, documento de proxecto de “RENOVACIÓN DOS VESTIARIOS E INSTALACIÓN DO CAMPO DE FÚTBOL DE A BOUZA-COIA”, polo que o xefe do Servizo de Deportes e o xefe da Área de Servizos Xerais o día 18.02.2026 informan que o documento borrador presentado cumpre cos obxectivos do encargo, e en consecuencia, o concelleiro da Área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes, a proposta do xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario, o día 20.02.2026 resolve iniciar expediente para a aprobación do dito proxecto.

3.- Previo informe da enxeñeira técnica da Oficina de Supervisión de Proxectos, I.T.O. e Asistencia Municipal do día 13.04.2026, e o pertinente informe xurídico con proposta de resolución asinado o día 14.04.2026, a Xunta de Goberno Local, en sesión do día 17.04.2026 aprobou o proxecto de “RENOVACIÓN DOS VESTIARIOS E INSTALACIÓN DO CAMPO DE FÚTBOL DE A BOUZA-COIA”, redactado polo arquitecto Ángel J. Santorio Cuartero, cun orzamento base de licitación máis IVE de UN MILLÓN CATROCENTOS CORENTA E SEIS MIL SETECENTOS SESENTA E CATRO EUROS con SEIS CÉNTIMOS (1.446.764,06 €) e asinado dixitalmente o día 8 de abril de 2026. Expte. 6961-443.

4.- No expediente de contratación consta a documentación que segue:

- A) O proxecto obxecto do expediente aprobado pola XGL na sesión que tivo lugar o día 17.04.2026 que se corresponde co expediente administrativo 6961-443, e que inclúe





CONCELLO DE VIGO

Expte. 2141/1102

Prego de Prescricións Técnicas redactado polos redactado polo arquitecto Ángel J. Santorio Cuartero.

- B) Informe de xustificación da necesidade e idoneidade do contrato asinado pola técnica de xestión e polo xefe da Área de Servizos Xerais o día 20.04.2026.
- C) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo concelleiro da Área de Fomento, Servizos e Deportes do día 21.04.2026.
- D) Declaración de neutralidade dos redactores do proxecto asinada o día 13.04.2026.
- E) Memoria económica asinada pola técnica de xestión e polo concelleiro da Área de Fomento, Servizos e Deportes o día 21.04.2026.
- F) Certificados de crédito asinados pola Dirección Superior Contable e Orzamentaria os días 22 e 23.04.2026.
- G) Acta de replanteo do correspondente proxecto asinada polo xefe de da Área de Servizos Xerais o día 05.05.2026.
- H) Memoria xustificativa para a redacción do PCAP redactada polo servizo xestor do día 08.07.2026.
- I) Informe do Servizo de Contratación de comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública, asinado pola técnica de Administración Xeral e pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos o día 09.07.2026.
- J) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, integrado polo prego tipo para a contratación de obras por procedemento aberto, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión do 17.12.2020 (expediente 6563-241) e polo Anexo I – Follas de Especificacións do Contrato- correspondente ao presente expediente, asinado pola técnica de Administración Xeral e pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos o día 09.07.2026

II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

Primeiro.- A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 22.06.2023), aos concelleiros de Área.

Segundo.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel, e no expediente que se achega, constan as actuacións preparatorias do contrato de obras, esixidas polos artigos 231 e seguintes da LCSP —elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do proxecto— así como o Prego de Cláusulas Administrativas particulares e o de Prescricións Técnicas, reitores do contrato.

Terceiro.-No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e da LCSP), a clasificación esixida aos participantes (artigo 116.4.b da LCSP), os criterios de solvencia económica e financeira (artigo 116.4.c da LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custes laborais (artigo 116.4.d da LCSP) a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 da LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 da LCSP), a non división en lotes (artigo 116.4.g da LCSP), así como

S.ord. 14/08/2026



as fórmulas de valoración (artigo 146.2 da LCSP). Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratase dun procedemento aberto. Xustifícase a adecuación urbanística (informe da oficina de supervisión de proxectos de datas 10 e 24.11.2025) e o cumprimento da normativa sectorial.

Cuarto.- Consta na memoria económica elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

Quinto.- É preceptivo previa aprobación do expediente de informe da titular da asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP)

Sexto.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª. 4 LCSP),

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente informe da titular da asesoría xurídica e o informe de fiscalización que van ditos, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

III.- PROPOSTA

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de “RENOVACIÓN DOS VESTIARIOS E INSTALACIONES DO CAMPO DE FÚTBOL DE A BOUZA-COIA”, redactado polo arquitecto Ángel J. Santorio Cuartero, cun orzamento base de licitación máis IVE de UN MILLÓN CATROCIENTOS CORENTA E SEIS MIL SETECENTOS SESENTA E CATRO EUROS con SEIS CÉNTIMOS (1.446.764,06 €), segundo a distribución de anualidades proposta:

2026	941.000,00 €
2027	505.764,06€

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá o contrato, integrado polo prego tipo para a contratación de obras por procedemento aberto, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión do 17.12.2020 (expediente 6563-241), e polo Anexo I – Follas de Especificacións do Contrato- asinadas pola técnica de Administración Xeral e pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos o día 09.07.2026.

Terceiro.- Autorizar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 3420 6320047, proxecto de gasto 25342047, por importe de 941.000,00 €, e asumir o compromiso de dotar no orza-





CONCELLO DE VIGO

Expte. 2141/1102

mento inicial do exercicio 2027, na aplicación orzamentaria 3420 632004 , crédito por importe de 505.764,06 €.

Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe

22(702).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás dez horas e dez minutos. Como secretaria dou fe.

PSD/me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Patricia Rodríguez Calviño.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez

